



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 62
15 de decembro de 2020

Fascículo 1



CSV: BOPGDSPGKMVvJKu2

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

- Núm. 1: (núm. de rexistro 6375) do G. P. do BNG [21412](#)
- Núm. 1: (núm. de rexistro 6404) do G. P. dos Socialistas [21425](#)

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 1: (núm. de rexistro 6376), á sección 04 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21434](#)
- Núm. 2: (núm. de rexistro 6377), á CRTVG [21437](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 1: (núm. de rexistro 6392), á sección 04, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e á CRTVG [21442](#)

SECCIÓN 05 Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

A) Emendas do G. P. do BNG

- Núm. 3: (núm. de rexistro 6378), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21447](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

- Núm. 2: (núm. de rexistro 6393), á sección 05, á Academia Galega de Seguridade Pública, á Axencia Galega de Emerxencias e á Axencia de Turismo de Galicia [21451](#)



SECCIÓN 06 Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 4: (núm. de rexistro 6379), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21459](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 3: (núm. de rexistro 6394), á sección 06, á Axencia Galega de Innovación, ao Instituto Galego de Promoción Económica e ao Instituto Enerxético de Galicia [21466](#)

SECCIÓN 07 Consellería de Facenda e Administración Pública

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 5: (núm. de rexistro 6380), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21475](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 4: (núm. de rexistro 6395), á sección 07 [21479](#)

SECCIÓN 08 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 6: (núm. de rexistro 6381), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21484](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 5: (núm. de rexistro 6396), á sección 08, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Sociedade Galega de Medio Ambiente [21496](#)

SECCIÓN 09 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 7: (núm. de rexistro 6382), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21502](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 6: (núm. de rexistro 6397), á sección 09 [21507](#)



SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 8: (núm. de rexistro 6383), á sección 10 [21510](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 7: (núm. de rexistro 6398), á sección 10 [21513](#)**SECCIÓN 11 Consellería de Emprego e Igualdade**

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 9: (núm. de rexistro 6384), á sección 11 [21517](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 8: (núm. de rexistro 6399), á sección 11 [21523](#)**SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade**

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 10: (núm. de rexistro 6385), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21528](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 9: (núm. de rexistro 6400), á sección 12 e ao Servizo Galego de Saúde [21532](#)**SECCIÓN 13 Consellería de Política Social**

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 11: (núm. de rexistro 6386), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21538](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 10: (núm. de rexistro 6401), á sección 13 [21542](#)**SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural**

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 12: (núm. de rexistro 6387), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21546](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 11: (núm. de rexistro 6402), á sección 14, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e á Axencia Galega de Calidade Alimentaria [21555](#)

SECCIÓN 15 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 13: (núm. de rexistro 6388), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela [21562](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 12: (núm. de rexistro 6403), á sección 15 [21569](#)

Grupo II**Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)****1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos**

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 1, 2, 7, 24, 27, 28, 29, 30, 31, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44 e 45 (núm. de rexistro 6391) [21573](#)

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

Número 1 (núm. de rexistro 6405) [21638](#)

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións**2.1. Observacións****2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios**

A1) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 1 a 35 (núm. de rexistro 6391) [21573](#)

A.2) As observacións

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 6405) [21638](#)



■ Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

—1 Emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6389) [21677](#)

—1 Emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 6406) [21681](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 14 de decembro de 2020, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021, que rematou ás 18:30 horas do 11 de decembro de 2020 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. do BNG.

Documentos cos números de rexistro: 6375, 6376, 6377, 6378, 6379, 6380, 6381, 6382, 6383, 6384, 6385, 6386, 6387, 6388 e 3391.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Documentos cos números de rexistro: 6392, 6393, 6394, 6395, 6396, 6397, 6398, 6399, 6400, 6401, 6402, 6403, 6404 e 6405.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Cualificalos como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021.

Segundo. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración correlativa para cada tipo de emenda e grupo parlamentario para facilitar a súa identificación e tramitación, sen que esa numeración cuantifique necesariamente o número de emendas presentadas.

Terceiro. Admitir a trámite as emendas seguintes:

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

—Núm. 1: (núm. de rexistro 6375) do G. P. do BNG.



—Núm. 1: (núm. de rexistro 6404) do G. P. dos Socialistas.

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 1: (núm. de rexistro 6376), á sección 04 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

—Núm. 2: (núm. de rexistro 6377), á CRTVG.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 1: (núm. de rexistro 6392), á sección 04, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e á CRTVG.

SECCIÓN 05 Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 3: (núm. de rexistro 6378), á sección 05 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 2: (núm. de rexistro 6393), á sección 05, á Academia Galega de Seguridade Pública, á Axencia Galega de Emerxencias e á Axencia de Turismo de Galicia.

SECCIÓN 06 Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 4: (núm. de rexistro 6379), á sección 06 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 3: (núm. de rexistro 6394), á sección 06, á Axencia Galega de Innovación, ao Instituto Galego de Promoción Económica e ao Instituto Enerxético de Galicia.

SECCIÓN 07 Consellería de Facenda e Administración Pública

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 5: (núm. de rexistro 6380), á sección 07 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.



B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 4: (núm. de rexistro 6395), á sección 07.

SECCIÓN 08 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 6: (núm. de rexistro 6381), á sección 08 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 5: (núm. de rexistro 6396), á sección 08, ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e á Sociedade Galega de Medio Ambiente.

SECCIÓN 09 Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 7: (núm. de rexistro 6382), á sección 09 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 6: (núm. de rexistro 6397), á sección 09.

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 8: (núm. de rexistro 6383), á sección 10.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 7: (núm. de rexistro 6398), á sección 10

SECCIÓN 11 Consellería de Emprego e Igualdade

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 9: (núm. de rexistro 6384), á sección 11.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 8: (núm. de rexistro 6399), á sección 11.



SECCIÓN 12 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 10: (núm. de rexistro 6385), á sección 12 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 9: (núm. de rexistro 6400), á sección 12 e ao Servizo Galego de Saúde.

SECCIÓN 13 Consellería de Política Social

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 11: (núm. de rexistro 6386), á sección 13 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 10: (núm. de rexistro 6401), á sección 13.

SECCIÓN 14 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 12: (núm. de rexistro 6387), á sección 14 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 11: (núm. de rexistro 6402), á sección 14, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e á Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

SECCIÓN 15 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. do BNG

—Núm. 13: (núm. de rexistro 6388), á sección 15 e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Núm. 12: (núm. de rexistro 6403), á sección 15.



Grupo II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 1, 2, 7, 24, 27, 28, 29, 30, 31, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44 e 45 (núm. de rexistro 6391) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que incrementan a previsión dos ingresos en 362.777.880 de euros.

O aumento do gasto nas actuacións previstas nas emendas finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos e coa supresión de beneficios fiscais. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

Número 1 (núm. de rexistro 6405) do G. P. dos Socialistas que prevé un incremento na previsión de ingresos de 203.075.000 euros.

O maior gasto finánciase cunha redución de determinados gastos, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e cunha mellora na xestión tributaria. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

2.1. Observacións

Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar, con cargo aos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» do orzamento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade pública instrumental con orzamento administrativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital doutras entidades instrumentais que dependen da sección ou reciben fondos da entidade pública instrumental, concretamente entidades públicas instrumentais con orzamentos de explotación e de capital ou estimativos (entidades públicas empresariais, sociedades públicas mercantís, fundacións do sector público autonómico e consorcios autonómicos). Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos das entidades instrumentais con orzamento limitativo nin os importes das contas correspondentes dos estados financeiros das que teñen orzamentos estimativos, afectados pola redución. Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que, no caso de seren aceptadas, sería necesario facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das seccións e das entidades instrumentais con orzamento administrativo (concreción



das aplicacións cuxos créditos habería que reducir) e tamén na contabilidade financeira (previsión de balance, previsión de conta de perdas e ganancias ou da conta do resultado económico-patrimonial e previsión de fluxos de efectivo) das entidades instrumentais con orzamentos de explotación e de capital para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece. Igualmente, hai emendas que inclúen aplicacións con créditos cuxa clasificación económica é incompleta, o que impide coñecer o seu nivel de vinculación. Detéctanse emendas que alteran o código de correlación entre a clasificación orgánica e económica dos créditos previstos para dotar de fondos a entidades con orzamentos de explotación e de capital.

2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios

A1) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Números 1 a 35 (núm. de rexistro 6391) que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

A.2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: na emenda núm. 1, as partidas: 09.01.512B.732.04;09.01.542A.740.01; 04.10.571A.432.00. Na emenda núm. 2, as partidas: 05.25.212A.732.01; 05.26.212A.443.02; 05.21.761A.432.12; 05.21.761A.732.12; 13.02.312B.442.07; 13.04.312D.442.07; 14.02.551B.741.14; 14.04.561A.732.10; 14.04.712B.730.09; 14.04.713F.730.09; 14.05.712A.732.09. Na emenda núm. 5, as partidas: 10.40.432B.443.15; 10.40.432B.443.21; na emenda número 26, a partida 15.01.513A.740.02.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 6405), que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.

A2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes, que figuran na alínea 4, «Movementos concretos de partidas orzamentarias»: 10.40.432B.441.19; 09.01.542A.740.01; 15.01.513A.740.02.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 14 de decembro de 2020, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que re-



matou ás 18:30 horas do 11 de decembro de 2020 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. do BNG.

Documento co número de rexistro 6389: 1 emenda.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

Documento co número de rexistro 6406: 1 emenda.

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalas como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2020.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, doc. núm. **5731 (11/PL-000007)**.

Introdución

O Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2021 non está á altura do reto político, social e económico que representa a covid-19. A súa concreción non recolle as condicións e liñas de traballo necesarias para ser a gran panca que precisa Galiza para desenvolver satisfactoriamente a reactivación económica, social e cultural e impulsar a superación das consecuencias da pandemia e das debilidades preexistentes.

Malia o incremento de recursos, importante pero insuficiente, a ordenación do gasto e a articulación dos ingresos redundan, para alén de leves mudanzas nominais, na liña económica e de prioridades dos anteriores gobernos presididos por Alberto Núñez Feijóo desde o ano 2009. Reinciden, polo tanto, nos mesmos erros de diagnose e no mesmo enfoque neoliberal e de renuncia ao autogoberno que levou a que Galiza tivese que enfrontar a crise do coronavirus cunha forte desigualdade social e territorial, cun modelo económico e produtivo débil e cuns servizos públicos afectados polas políticas aplicadas na crise



financeira. A covid-19 situou o mundo e Galiza nunha encrucillada. Mais, se ben toda crise é tamén unha oportunidade, o goberno galego renuncia a facer destes orzamentos unha ferramenta para artellar un antes e un despois que impulse un novo modelo social e económico de desenvolvemento, autocentrado, incardinado da innovación e apostando pola igualdade e a cohesión.

Galiza ante unha crise sanitaria, económica e social sen precedentes: exercer o autogoberno para unha saída galega e xusta ou asistir como espectadora a unha reinvención dos dogmas neoliberais e centralistas.

O Proxecto presentado non obedece ao carácter extraordinario do contexto no que nacen e, sobre todo, no que se van desenvolver. Desde a aprobación dos anteriores Orzamentos da Xunta de Galiza mudou radicalmente o contexto social, económico e político, en Galiza e a nivel global. A crise sanitaria orixinada pola pandemia da covid-19 foi e é o maior reto sanitario da nosa época, cun traslado sen precedentes a todos os ámbitos da vida humana, do social ao económico pasando tamén pola xestións administrativa e política das institucións.

A planificación orzamentaria debe servir para afrontar o futuro, mais tampouco podemos ignorar que o presente e o futuro dos galegos e das galegas está tamén condicionado polas consecuencias de decisións pasadas. É necesario recordar que decisións pasadas, plasmadas na política orzamentaria de cada un dos anos de goberno de Núñez Feijóo, deixaron o noso país nunha posición máis débil nesta crise ao non ter superado en absoluto o impacto da crise financeira desatada a partir do ano 2008. É necesario, xa que logo, que estes Orzamentos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respondan ás urxencias da covid, mais tamén a mudanzas estruturais e reparacións de moitas consecuencias e debilidades agravadas no período 2009-2020.

A Galiza pre-covid non estaba exenta de problemas. Podemos sinalar, por exemplo, a desigualdade territorial plasmada no agravamento do desequilibrio de Lugo e Ourense e a consolidación dunha Galiza máis desigual no social. Por exemplo, no ano 2019, segundo a Rede Galega contra a Pobreza, o 24,3% da poboación estaba en risco de exclusión social. Un dato que aumentou tamén no período 2018-2019 e 2017-2018, amosando que malia incrementar o PIB desde o 2014 iso non se traduciu nun aproveitamento para promover a cohesión social. Por outra banda, antes da aparición do coronavirus había evidencias xa dunha ralentización da economía e Galiza vivía unha fonda crise industrial en diversos sectores, entre os que destacaba o electrointensivo, que amosaba o fracaso do modelo da industria de enclave e do abandono da participación pública dos sectores estratéxicos. Esta ralentización aparece recollida mesmo na Memoria do Consello Económico e Social de Galiza respecto do ano 2019, onde se sinala tamén a evidencia do aumento do peso dos sectores máis precarios do sector servizo en detrimento do peso doutros ámbitos.

Neste contexto, Galiza atópase nunha encrucillada, na que xoga que haxa unha folla de ruta consistente nunha saída galega e xusta a esta nova crise ou unha repetición das receitas fracasadas da anterior. Estes non son, ou non deben ser, uns orzamentos calquera. Deben ser a ferramenta que incline a balanza entre unha saída xusta, pensada desde e para Galiza, para as súas maiorías sociais e para aproveitar o potencial deste país, ou a repetición das políticas neoliberais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centralistas aplicadas coa crise financeira e que tiveron un resultado lesivo: menos emprego, de menos calidade, debilidade dos sectores produtivos, emigración de xeracións enteiras, esfarelamento do sistema financeiro e un profundo proceso de recentralización política e tamén económica.

Este Proxecto de orzamentos:

1. Non responde ás urxencias da crise da covid-19 nin ao reto da reactivación económica, social e cultural que debe nuclear a acción política das institucións galegas no ano 2021.

A resposta non é suficiente nin na distribución dos recursos nin nos recursos no seu conxunto, cuestión que debe ser comentada previamente. Neste sentido, se ben o incremento do límite de gasto non financeiro acadaba os 11.664 millóns de euros para 2021, son insuficientes tendo en conta as circunstancias absolutamente excepcionais que deixa 2020, que no inicio do seu terceiro trimestre sofre as consecuencias do que se deu en chamar ‘segunda vaga’ e que é a antesala dun primeiro trimestre de 2021 sen poder descartar unha terceira ola con importantes consecuencias persoais, sociais e económicas.

Para poñer esta cifra en contexto, debemos ter presente que para o exercicio de 2020 o límite acadaba os 10.160 millóns, polo que estamos a falar dun incremento de 1.504 millóns, un 14,8% a maiores. Porén, malia ser un incremento significativo, non responden ás graves carencias e necesidades dos servizos públicos galegos nin á crecente necesidade de estímulos á economía.



Respecto desta cuestión, é necesario ver o impacto das decisións económicas e de doutrina do déficit adoptadas na última década. Por exemplo, podemos observar como hai máis dunha década, no ano 2009, o orzamento total da Xunta de Galiza foi de 11.426 millóns de euros, unha contía moi próxima ao actual límite de gasto non financeiro aprobado. Cabe ter en conta que esta contía está expresada en termos nominais, é dicir, sen ter en conta o efecto da inflación durante estes anos, o que significa que esa cantidade en termos reais é moito maior. Así, se actualizamos ese valor ao 2020, a contía dos orzamentos de 2009 sería de 12.854 millóns de euros. Xa que logo, en termos reais, o orzamento de fai máis dunha década, do 2009 era 1.190 millóns de euros superior ao límite de gasto aprobado para 2021, o que serve para poñer en perspectiva o saldo negativo que deixa para o noso país máis dunha década de submisión a un marco centralista que non dá cumprimento ás necesidades dos galegos e galegas.

Máis aínda, este orzamento non está pensado para dar respostas ás urxencias da Galiza covid. Por exemplo, tendo as Consellarías en termos xerais un incremento medio de 13,8%, é inaudito que a Consellaría de Sanidade, no medio dunha crise sanitaria, incremente por debaixo da media. Máis aínda cando anualmente a Conta Xeral do SERGAS e da Comunidade avaliadas polo Consello de Contas detectan un infrafinanciamento estrutural e o abuso de modificacións orzamentarias e do recurso ao Fondo de Continxencia para sufragar as necesidades. Polo tanto, esta previsión de gastos non permite acreditar nunha aposta real polo fortalecemento da sanidade pública, que conta cun déficit histórico. O mesmo acontece con Cultura, Educación e Universidade. Así mesmo, as prioridades de gasto sinaladas noutras áreas de goberno non están orientadas a impulsar un verdadeiro cambio de modelo, como acontece no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbito social na Consellaría de Política Social ou no económico nas áreas da Vicepresidencia segunda, de Medio Rural ou de Mar. Tampouco se atenden de forma suficiente os graves problemas xerados en ámbitos que atinxen ás consellarías de Emprego e Igualdade ou a Presidencia e Vicepresidencia primeira, como son o ámbito das persoas autónomas e de sectores poboacionais e laborais especialmente afectados por esta crise. Ademais, cabe sinalar de forma particular o recorte aplicado nas transferencias aos concellos, xustamente nun momento no que os concellos galegos ven incrementados os seus gastos, en moitas ocasións para asumir competencias impropias e suplir á Xunta de Galiza, tal e como ten denunciado a FEGAMP.

Finalmente, cómpre facer unha mención a que nestes momentos a débeda galega está situada en máximos históricos. É entendíbel que neste momento se recorra á débeda, mais hai que recordar que malia o medre do PIB de 2014 o goberno da Xunta de Galiza seguiu batendo récords de endebedamento sen que iso servise, por exemplo, para blindar os servizos públicos. Polo tanto, non se pode ignorar o impacto futuro desta situación, que irá a máis neste novo ciclo, e á que se suma o compromiso de 2.335,13 millóns de euros en contratos de colaboración público-privadas até o 2040.

2. A mosca as consecuencias da falta de soberanía e o fracaso da relación económica co Estado.

Hoxe máis que nunca, estes orzamentos demostran que Galiza perde na súa relación económica co Estado español e que é precisa soberanía política e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económica para responder ás necesidades da sociedade galega. Se algo puxo de manifesto a parte inicial da crise da covid foi e o centralismo político é nefasto para Galiza e a importancia da xestión e intervención pensada desde a nosa realidade e adecuada ás nosas necesidades.

Nesta nova fase, estamos a observar unha nova ofensiva de recentralizacións das decisións e dos recursos á que Galiza debe facer fronte con contundencia. O noso país non pode asumir a falta de diálogo, transparencia e negociación imposto no reparto dos fondos covid e dos fondos europeos nin conformarse coa negación de investimentos e compromisos pendentes que non contemplan os Orzamentos xerais do Estado aprobados a comezos de decembro. É necesario abrir unha nova etapa na que os intereses dos galegos e galegas sexan prioridade e o Proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza deba aspirar a impulsar ferramentas que acrecenten o noso autogoberno e a nosa capacidade económica.

Máis concretamente, estes orzamentos evidencian o escaso peso político do goberno do Partido Popular, como denotan as baixas previsións de ingreso pola vía dos fondos covid e dos fondos europeos. Por exemplo, é sintomático disto que se computen 430 millóns de euros previstos procedentes do Fondo REACT-EU dun total de 12.400 millóns de euros que o Estado recibirá e dos que 10.000 serán repartidos entre as comunidades, situando para Galiza a recepción do 4,3% dese fondo, un 25% menos do que nos correspondería polo peso da poboación, xa sen ter en conta outros criterios e condicionantes que o goberno galego deba estar poñendo enriba da mesa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, cómpre salientar dúas consecuencias graves do modelo económico centralista e aínda marcado pola doutrina do déficit, e da falta de impulso político da Xunta de Galiza.

Por unha banda, a pesares da suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021, a administración xeral do Estado queda con máis de dous terzos do déficit, en concreto cun 67,5%, unha porcentaxe moi superior ao gasto que realiza sobre o total e tamén moi superior á do 2020, onde representaba o 28% do total, o que implica que nun so ano, a administración xeral do Estado multiplica por 10 a súa marxe para incorrer en déficit mentres que Galiza só o fai por 5 cando ten que asumir a xestión das áreas sociais e, polo tanto, o gasto de ámbitos como o sanitario.

Esta situación amosa que para Galiza é un mal negocio pertencer ao conxunto de comunidades de réxime común, pois outras nacións que se rexen polo sistema de concerto económico van dispoñer dunha marxe máis ampla mediante a negociación bilateral co Estado e o exercicio da súa maior capacidade de soberanía.

Por outra banda, o Informe financeiro que acompaña o orzamento sinala que “o sistema de financiamento autonómico non está deseñado para facer fronte a perturbacións extraordinarias como a presente (...) impacta de cheo nas políticas de gasto competencia das comunidades autónomas, ben de xeito case absoluto, como no caso da sanidade e a educación ou moi importante, como a política social (...)”. E sinala tamén que “amosa limitacións” mais malia o extraordinario da pandemia, cabe engadir que o problema do sistema de financiamento vai máis alá do momento histórico, xa que é estrutural. Nese





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sentido, é necesario salientar o feito negativo de que os recursos previstos para os orzamentos de 2021 no marco do financiamento estímense en 7.849 millóns de euros, que son 125 millón menos que para o actual 2020, isto é, un descenso do 1,6%.

Resulta evidente que Galiza precisa de máis recursos económicos e capacidades para impulsar estas actuacións prioritarias. Incrementar o déficit para ter máis capacidade orzamentaria é un parche provisional e este Proxecto de orzamentos son a mostra evidente da necesidade de máis autogoberno económico. Para Galiza é preciso contar cun marco estábel que achegue máis recursos, polo que é preciso concertar un novo sistema de financiamento, que cualitativamente supere ao anterior.

Finalmente, é preocupante o alto grao de dependencia de recursos alleos que teñen estes orzamentos, pois o atraso ou o non ingreso destes poden ter repercusións negativas e sería preciso un gran pacto de país para comprometer que de fallar algunha estimación non se afectarán servizos públicos esenciais como na anterior crise. Así mesmo, é necesario que o goberno galego teña unha posición forte para defender diante do Estado e da Unión Europea que Galiza reciba o que lle corresponde, xa que as estimacións elaboradas nin sequera acadan a porcentaxe equivalente en termos de poboación, que habería que complementar con outros criterios.

3. Sen proxecto de país para a Galiza post coronavirus



A lectura pormenorizada deste Proxecto de Orzamentos e das súas memorias amosan como o goberno galego carece dunha aposta que implique un antes e un despois para Galiza. Desta forma, parten da resignación e do mantemento da renuncia a unha política fiscal propia e xusta ao desaproveitar de novo a nosa capacidade normativa fiscal que, aínda que limitada, permitiría introducir maior equidade, progresividade e xustiza no sistema tributario. Un ano máis, non inclúen, malia a necesidade de incrementar os ingresos propios, medidas como dotar de maior progresividade o IRPF ou o Imposto de Patrimonio nin desenvolve tributos propios.

Malia a retórica de reactivación e da reconstrución, non hai nestes orzamentos unha aposta para orientar os investimentos e as políticas públicas para impulsar cambios estruturais, non prepara Galiza para situarse na incerteza do escenario económico mundial e infravalora os riscos do contexto.

A crise sanitaria provocada polo coronavirus evidenciou a fortaleza daqueles países que apostaron de maneira decidida pola investigación, a innovación e a xeración de valor engadido como motores de desenvolvemento. Aqueles países fortes en I+D+i deron unha mellor e máis áxil resposta á pandemia e resistiron mellor o impacto económico. Esta crise evidenciou o gran parón que supuxo en termos de investigación a política desta última década, e requiren dunha rectificación decidida que non se atopa nestes Orzamentos. Así mesmo, tampouco atopamos unha estratexia para a modernización dos sectores produtivos e apostar pola industrialización nun momento no que a transición enerxética vai ser determinante.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, neste Proxecto de orzamentos tampouco hai unha aprendizaxe do que supuxo a covid-19 respecto da necesidade de valorar e blindar os servizos públicos e dignificar as condicións de quen traballa neles.

Estas ausencias engádense a un escenario de enorme dificultade no ámbito laboral que xa ten consecuencias dramáticas sobre a clase traballadora e que empeorará polo impacto dos ERTES. Neste sentido, é necesario sinalar os datos preocupantes de emprego no momento de asinar esta emenda. Fronte ao conformismo do goberno galego, comprobamos como preto do 25% das novas persoas desempregadas no Estado español en novembro están en Galiza, sendo a primeira comunidade onde máis medrou o desemprego en termos absolutos e a segunda en termos relativos. Falamos de 187.472 persoas desempregadas das que, ademais, o 45% non teñen acceso a unha prestación contributiva, o que pon de relevo as carencias do sistema de protección social. Ademais, os datos son preocupantes respecto da afiliación á Seguridade Social, pois mentres na media estatal aumentou o número de persoas afiliadas, no noso país descendeu un 0,2%: 2.134 persoas afiliadas menos. Esta situación non é suficientemente estimada no Proxecto de orzamentos e require dun cambio profundo no modelo económico e laboral.

Finalmente, este Proxecto de Orzamentos confirma a estratexia de unilateralidade e falta de transparencia da Xunta de Galiza respecto dos proxectos dos fondos europeos, sen trasladar máis información que a anunciada nas notas de prensa dos últimos meses. A negación dun debate de país arredor da saída da crise en xeral e dos Fondos europeos e a reactivación económica en particular vén complementada cun fondo publicitario, fondo “consenso”, para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tres ámbitos de negociación: Parlamento, o autodenominado Diálogo social que é empregado para excluír o papel do Consello Económico e Social e Comité de Expertos, polo que falaríamos de menos de 40 millóns de euros para cada un dos ámbitos, o que ilustra a nula vontade de diálogo ningún e abunda no carácter profundamente antidemocrático da folla de ruta do goberno liderado por Núñez Feijóo.

Fronte a un contexto que esixe uns orzamentos que pivoten arredor dunha axenda social e de dereitos, dunha folla de ruta valente para a reactivación económica e a transformación do tecido económico e da defensa dos intereses de Galiza ante o Estado e a Unión Europea, atopamos uns orzamentos que non están á altura do reto político, social, económico e cultural que supón a covid-19.

Por todos estes motivos, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a **devolución do Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2021.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:21:00



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario Socialista, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto do artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

Coa crise económica motivada pola Gran Recesión a partir do ano 2008, a economía internacional viviu tempos de dificultades nos que as políticas de austeridade e recortes limitaron as posibilidades de crecemento e xeración de emprego en distintas economías. Tales políticas non só dificultaron a recuperación dos niveis de consumo, investimento e demanda agregada, senón que limitaron as posibilidades de xerar unha saída da crise cun modelo inclusivo no que as políticas de benestar constitúen unha garantía para a prosperidade, a igualdade e a propia democracia.

Doce anos despois, a pandemia xerada pola covid-19 non só implicou unha grave crise sanitaria, senón tamén unha situación de crise económica derivada dos contaxios e das medidas adoptadas polos gobernos para loitar contra os mesmos. Esta crise económica, abrupta e inesperada, acadou unha envergadura sen precedentes dende hai décadas no conxunto da economía mundial, pero, a diferenza da crise anterior, a necesidade de políticas expansivas tanto no ámbito fiscal como no monetario foi abrazada con maior querencia por parte de gobernos de todo o mundo. O *keynesianismo* que tanto rexeitaron os seguidores da ortodoxia dos axustes noutras crises económicas alumea agora a folla de ruta de gobernos de distinta cor política. Ante unha crise como a da covid, que afecta tanto á oferta como á demanda, o impulso económico do Estado convértese nun elemento fundamental para asistir ao tecido produtivo, promover a demanda e manter o emprego. E, se o papel do Estado está sendo vital nos momentos máis duros da pandemia, ese papel debe manterse activo para a reconstrución económica e social dos distintos países.



As crises económicas deben ser enfocadas dende os poderes públicos como momentos críticos para afondar nas políticas económicas necesarias ante os retos do presente e do futuro. Ou se acerta nas medidas e nos plans, ou o risco de perder posicións e non conseguir unha potente reactivación faise máis patente. O certo é que, na década anterior á crise da covid, a economía galega evidenciou debilidades que non foron superadas a pesares do crecemento económico existente durante varios anos. Galicia perdeu peso económico e poboación no conxunto do Estado. Mentres a economía española foi quen de incrementar, na década dos anos 2010, a súa poboación ocupada en máis de seiscentas setenta mil persoas, no mesmo período a economía galega perdeu máis de setenta mil traballadores de poboación ocupada: unha evidente dificultade para xerar emprego por parte da economía galega. Así mesmo, experimentouse un sinalado retroceso do peso económico e laboral do sector industrial na economía galega, mentres as dificultades do sector primario foron parellas ás políticas que abandonaron o medio rural. Nesta década pasada, ademais, as políticas aplicadas dende a Xunta de Galicia implicaron recortes nos servizos públicos, con exemplos evidentes en cuestións fundamentais do estado do benestar como a sanidade e a educación públicas, ou a atención aos maiores e dependentes. En definitiva, a pesares de que a economía galega mantivo un perfil de crecemento sensiblemente similar ao español, e houbo anos consecutivos de crecemento ata o 2020, moitas foron as oportunidades non aproveitadas coas políticas de axuste fiscal, de recortes no benestar e de falla de implicación nos ámbitos industrial, rural e da innovación.

A actual situación esixe de políticas económicas comprometidas coa reactivación, que respondan a un proxecto de país e que teñan perfilada unha estratexia de acción na que as medidas adoptadas sexan coherentes co horizonte que se quere construír. Desgraciadamente, os orzamentos para o 2021 que presenta o goberno da Xunta de Galicia constrúense sobre bases de diagnose, medidas de acción e prioridades de gasto que non se corresponden coa liña axeitada para afrontar con garantías os retos do país. É por iso que, ante uns orzamentos elaborados sen vontade de acordo por parte do goberno, vémonos na obriga de solicitar a devolución dos mesmos para non perder a oportunidade de facer fronte á maior crise cos mellores orzamentos posibles.



Ante a crise sanitaria derivada da covid, con evidentes implicacións económicas e sociais, os orzamentos da Xunta deben estar á altura para dar resposta a momentos de tanta complexidade. Sen embargo, o goberno galego, con maioría absoluta despois de máis de once anos continuados de exercicio, carece de visión para desenvolver un proxecto de país cun axeitado modelo produtivo e social que permita aproveitar a oportunidade histórica que brindan os fondos procedentes do Estado, parte deles con orixe na Unión Europea, e para establecer unha folla de ruta para a reconstrución económica e social de Galicia.

Os orzamentos que presenta o Goberno galego teñen a posibilidade de incrementar o seu gasto debido fundamentalmente ás aportacións extraordinarias do Goberno de España e a Unión Europea, cun montante que supera os mil cen millóns de euros, pero a Xunta non incorpora unha política de ingresos suficiente, á altura do momento. Ademais, as contas non reflicten proxectos ou medidas que permitan aproveitar axeitadamente eses recursos adicionais, polo que existe un risco evidente de perda de oportunidades para o noso país.

No relativo aos ingresos, o proxecto orzamentario resulta ser ambicioso sobre os ingresos alleos pero insuficiente nos propios da Xunta de Galicia, nunha sorte de comportamento pouco corresponsable e que debilita as posibilidades de fortalecer a reactivación económica e dimensionar as partidas básicas do estado do benestar fronte á desigualdade. O maior incremento de fondos para estes orzamentos provén do Estado e da Unión Europea, mentres a Xunta mantén a súa última reforma do imposto de Patrimonio que favoreceu ás persoas millonarias da comunidade.

O risco de incremento das desigualdades provocadas pola actual crise esixiría actuar rectificando esa reforma do Imposto de Patrimonio, así como utilizar outros instrumentos públicos que permitan avanzar na progresividade fiscal: esta política impositiva permitiría dispor de máis recursos para unha saída máis xusta desta crise, facendo que as rendas e patrimonios millonarios contribúan un pouco máis, algo razoable, para que ninguén quede atrás. Sen embargo, a Xunta



de Galicia segue a optar por unha política de marketing fiscal e de redución substancial da progresividade: sen efectos sobre o ritmo de crecemento, con efectos negativos sobre o compoñente redistributivo.

Resulta preocupante que, logo de seis anos de crecemento económico ininterrompido no Estado e tras nove meses afectados pola pandemia e a consecuente crise económica, a Xunta de Galicia sexa incapaz de facer o esforzo necesario para garantir que nesta crise económica poidamos mellorar os elementos necesarios do estado do benestar, desenvolver a modernización económica e industrial para fomentar o emprego e contribuír ao equilibrio territorial fronte aos riscos que implica o abandono do medio rural.

O proxecto de orzamentos da Xunta carece de estratexia e compromiso no relativo á modernización e á potenciación dos sectores produtivos fundamentais. As nosas producións fundamentais, despois dun ano 2020 con evidentes dificultades para a actividade e o comercio interior e exterior, afrontan un contexto externo incerto derivado especialmente da crise económica internacional froito da pandemia. A evolución da covid marcará en boa medida as tendencias económicas do conxunto das economías e tamén da galega. A isto engádense incertezas como a concreción do Brexit, o novo escenario de posible multilateralidade que emerxa tras as recentes eleccións presidenciais norteamericanas, ou o ritmo dos plans de descarbonización en todo o mundo e singularmente na Unión Europea, nun proceso absolutamente imprescindible pero que obrigará a unha transición industrial xusta.

Como sinalamos, Galicia leva tendo un perfil de crecemento sensiblemente similar ao español. Se España vai ben, a Galicia tamén lle irá ben. Cando, con esta crise, Europa e España entran nunha fase de crise económica derivada da pandemia, Galicia tamén se ve afectada polos factores propios, pero tamén pola conxuntura nacional e internacional. Certo é que a estrutura produtiva de Galicia ten a súas propias peculiaridades fronte a outras das comunidades españolas. Así, en canto ao peso do turismo, Galicia non chega aos niveis de emprego e valor engadido doutras rexións españolas, e o sector primario galego e o



agroindustrial teñen tamén certas especificidades con respecto a outras autonomías. Dados estes e outros rasgos propios da estrutura produtiva galega, a evolución do ciclo económico nos principais macroagregados ten unha dinámica propia que reflicte menor intensidade da crise que noutras comunidades. Por iso, cómpre unha estratexia de país ante os retos do momento, pero, carecendo desta estratexia, dificilmente uns orzamentos poden orientar adecuadamente a reactivación económica.

Á hora de abordar as prioridades de gasto recollidas nos orzamentos, atopámonos con orientacións erradas que dificultarían unha saída xusta da crise e unha axeitada reactivación económica e social. Por iso, por responsabilidade, vémonos obrigados a pedir a devolución do proxecto de orzamentos para 2021, que non acerta nas prioridades necesarias. Hai partidas de persoal de gabinete e gastos en propaganda dotadas de contías excesivas e, así mesmo, procede a minoración de gastos improditivos para reorientar fondos e acertar nas prioridades necesarias para os orzamentos.

Estes orzamentos deben primar a protección das persoas fronte á crise e, para iso, é necesario reforzar o noso modelo de benestar, priorizando en materia de sanidade, educación e políticas sociais; ámbitos nos que o crecemento das partidas respectivas vai por debaixo do crecemento do conxunto do orzamento. A crise da covid obriga a un reforzo primordial nestes eidos, nos que o Goberno da Xunta recortou e errou durante anos e agora desaproveita os fondos dispoñibles para priorizalos. En materia de persoal, de infraestruturas sociais, de medios dispoñibles para os profesionais e usuarios, debe primar un compromiso orzamentario máis forte.

Os orzamentos van moi por detrás das necesidades en materia de Política Social, e as afirmacións do Goberno galego sobre o apartado social obvian as problemáticas na sanidade, sinaladamente a atención primaria ou as listas de espera, así como os retrasos na atención á dependencia ou no desenvolvemento dun modelo axeitado de atención aos nosos maiores en residencias e tamén nos



seus fogares, ou as necesidades do sistema educativo do país, especialmente no medio rural. Por exemplo, o orzamento de 2021 segue sen apostar pola importancia da atención primaria na sanidade pública galega.

Continúase pois sen abordar, na intensidade necesaria, a cura das feridas sociais, cunhas desigualdades demasiado amplas, cunha caída da poboación e cun desemprego preocupantes (especialmente, o estrutural, o feminino e o xuvenil) e todo isto ante unha pandemia que dispara os riscos sociais e a vulnerabilidade da poboación.

Por outra banda, a necesaria e continua modernización económica e industrial debe incorporar inescusablemente retos como a transición ecolóxica ou a dixitalización, aspectos nos que o goberno galego mantivo unha falla de compromiso e de acción ao longo dos anos. Neste senso, resulta inexplicable que estes orzamentos, lonxe de abordar unha política coherente e de apostar por un apoio aos sectores produtivos, careza de compromiso cos mesmos. Mantense a continuidade da inacción en materia de política industrial, a falla de compromiso en I+D+i e a carencia de rumbo ante os retos tecnolóxico e dixital. Así mesmo, cómpre unha política de apoio decidido a sectores como a hostalería, o comercio e o turismo, que sofren con intensidade a crise actual, así como ambiciosos plans de acción e axudas directas para persoas autónomas, pequenos comercios e Pemes.

O proceso de perda de impulso da Galicia interior e do medio rural só pode ser reorientado cun claro compromiso dende a administración autonómica, mais estes orzamentos evidencian a falla de orientación e rumbo do goberno de Galicia ante os retos do rural. Paralelamente, ese proceso que marca o risco dunha Galicia baleirada no interior convértese tamén nun factor explicativo da problemática demográfica do país, aspecto no que tamén o proxecto de orzamentos resulta insuficiente e carente de ruta.



A falla de prioridade no ámbito industrial e no medio rural entronca coa falla de rumbo á hora de manter os postos de traballo existentes e de xerar novo emprego na comunidade. A nefasta política de emprego do Goberno da Xunta carece de rumbo tamén na actual conxuntura económica.

No mundo actual, cada vez é máis evidente que hai que acertar no modelo de desenvolvemento sostible para darlle futuro ás nosas sociedades. A transición ecolóxica, o cambio climático, a mellora do ciclo da auga, o saneamento dos ríos e das rías... constrúen unha axenda medioambiental imprescindible para abordar este momento económico, e falla a ambición, o compromiso e as medidas do goberno autonómico nestes eidos. Cómpre un reforzamento nestes ámbitos.

A crise da covid afectou aos sectores e ás industrias culturais con inusitada virulencia. É por iso que, ademais de declarar a cultura como liña de acción prioritaria das políticas públicas ante esta crise, é obrigado atender ao sector de xeito adecuado nestes orzamentos, tanto a través de liñas de axudas a autónomos e pemes como de programas específicos para os distintos ámbitos culturais.

Outros eidos nos que os orzamentos da Xunta para 2021 resultan insuficientes son os correspondentes a xuventude e igualdade, mentres carécese de compromiso algún coa memoria democrática. Nestes ámbitos, o desleixo do goberno da dereita é significativo, porque certos fondos permiten atender cuestións relevantes. A necesidade de profundar en políticas de igualdade e violencia machista require dun compromiso por parte de todos e todas, e aí tendemos tamén a nosa man para construír e avanzar conxuntamente.

Finalmente, constatamos que ao longo desta crise as administracións locais afrontaron a defensa das persoas e as situacións de vulnerabilidade dende un primeiro escalafón de proximidade, e víronse obrigadas a asumir un conxunto de accións e competencias que, sen serlles propias, eran necesarias para unha resposta digna e inmediata ante os riscos existentes. As dificultades financeiras



dos concellos derivadas dos maiores compromisos de gasto aos que se viron obrigados, sumadas ás competencias impropias que xa viñan exercendo e ás súas habituais necesidades de financiamento, deberían obrigar á corresponsabilidade da Xunta de Galicia, pois os concellos xustamente asisten ás competencias da mesma. Cando os orzamentos da Xunta reciben máis de mil cen millóns de euros extra dende o Estado, parece inadmisíbel que a administración autonómica non drene parte deses fondos cara ás locais. Para unha boa resposta a esta crise, cómpre comprometer unha axeitada contía dende a Xunta para os concellos galegos.

Todo isto lévanos a concluír que o proxecto de orzamentos remitido carece de enfoque e orientación axeitados para a reconstrución económica, social e sanitaria de Galicia, non dando resposta á altura dos principais retos para o impulso do crecemento económico, a diminución das desigualdades e a creación de emprego en Galicia, polo que se esixe adoptar outro tipo de rumbo e medidas máis ambiciosas e relevantes que as contempladas no Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 presentado polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o anterior, e ante a falla de diálogo e vontade de acordo por parte do goberno galego, vémonos na obriga de presentar esta emenda á totalidade e de solicitar a devolución do proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021, para a súa reformulación completa por parte do Goberno da Xunta de Galicia, para o cal o PSdeG ten a súa man tendida en busca do interese xeral.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos e das Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2020 18:17:13
Nº Rexistro: 6404
Data envío: 11/12/2020 18:17:13.497

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 13:53:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGKIMVYJKu2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Sección 04, Presidencia da Xunta, están marcados por unha subida nas cifras, mais tamén por un continuísmo nas políticas do PP que deixan un baleiro total en política deportiva, migratoria e tecnolóxica.

Na área de deportes vemos unha subida porcentual elevada, pero non podemos evitar seguir preocupándonos pola baixada orzamentaria no programa XOGADE e pola ausencia de políticas específicas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres no deporte

Na área de emigración, o Partido Popular continúa a ver a emigración galega cuns lentes de hai moitas décadas, sen adaptar as súas políticas aos novos procesos migratorios da actualidade e repetindo de novo na concepción da emigración galega coma un simple caladoiro de votos que manter

En canto aos orzamentos para a AMTEGA, é inevitable recoñecer o grande aumento nas cifras en comparación ás do ano pasado. Porén e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desgrazadamente, os 11 anos de Feijóo non serviron en absoluto para paliar os terribles problemas que sofre o noso país en materia tecnolóxica e de dixitalización. De igual maneira, hai que ter en conta que parte desa subida se debe aos 42 millóns de euros provenientes dos fondos europeos de reactivación e da adhesión do CIXTEC á AMTEGA. En canto ás políticas que deixan ver estes orzamentos, preocúpanos non ver unha aposta decidida para solventar o problema de conectividade que ten o noso país e que nos deixa á cola do Estado só por detrás de Estremadura. Isto débese, entre moitos outros aspectos, á inexistencia de políticas de expansión da conexión en Galiza adaptadas ao noso territorio e á nosa forma de habitar o mesmo, algo que condena ao noso país a seguir sufrindo un modelo do século XX no tocante á conexión e á dixitalización.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 04.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:21:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos da Corporación “CRTVG” (Sección 04) no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns.

O orzamento previsto para a Corporación da Radio Televisión de Galiza no proxecto de orzamentos de 2021 non vén a ser máis que a outra cara da moeda da Conta Xeral do último exercicio presentado nesta Cámara vai pouco máis dun mes.

É polo tanto un **orzamento estancado** no que ten a ver coas achegas públicas mais tamén coas achegas de explotación, que semellan estar en irremediábel costa abaixo. O que a Xunta de Galiza presenta aquí é, primeiro de nada, un proxecto de orzamentos ben esquelético; pouco máis que un esquema do que debería ser o orzamento pormenorizado dunha corporación pública se de facer unha verdadeira labor de transparencia estivésemos a falar.

É evidente ante este documento que ao Partido Popular non lle interesa demasiado que os grupos parlamentares teñan as ferramentas precisas para debater as liñas de actuación da CRTVG e así o único que presentan son os números gordos do que tería que ser un documento que afondase nas liñas de traballo que a Corporación da Radio Televisión de Galiza ten previsto levar a cabo en 2021.



Aínda así, e cos poucos datos que ofrecen, podemos aventurar sen medo a equivocarnos que as previsións para o ano que entra son máis do mesmo. Máis do mesmo no que ten a ver co incumprimento da lei, coa manipulación informativa, coa falta de ambición como medio de referencia nacional e coa litixiosidade laboral que vimos padecendo desde a chegada do actual director xeral e que non semella que vaia rematar en 2021 xa que a OPE que propoñen non cubre, nin de lonxe, a cantidade de postos de traballo en precario que hoxe acolle a corporación.

E falar de orzamento estancado e falar en dúas vertentes: Achegas públicas estancadas e achegas de explotación igualmente estancadas. Este un orzamento que carece de ambición. As achegas da Xunta de Galiza no proxecto de orzamentos de 2021 sitúanse en 103.478.478 € se sumamos as achegas patrimoniais e as de capital (250.000 €). Non se muda, polo tanto, a tendencia principiada coa chegada do PP á administración da Xunta e, aínda que a achega se estabilizou na contorna dos 100 millóns de €, resulta unha cantidade que fica ben lonxe dos 131 millóns consignados nos orzamentos de 2009.

Isto, que podería ser unha boa noticia se a baixada orzamentaria se vira compensada por un aumento significativo nos ingresos de explotación, resulta pola contra totalmente decepcionante cando comprobamos que as súas previsións nestes últimos se estancan nunha previsión de 6.872.978 € que ademais prevén estabéis nos próximos tres exercicios.

Pero este é, antes de nada, un orzamento que ten demostrado na práctica que non serve para cumprir coa función de **servizo público** que é a súa razón de ser.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un orzamento, polo tanto, que incumpre coa lei e que a incumpre ademais sistematicamente. Porque o incumprimento que a Corporación da Radio Televisión de Galiza fai da súa propia lexislación ano tras ano é obsceno, comezando polo mantemento da mesma persoa na dirección xeral en réxime de interinidade vulnerando o proceso de elección parlamentaria disposto no artigo 23 da lei. Chegado ao cargo en 2009, continuaba nel cando se aprobou a lei de medios de 2011 e tamén cando esta se modificou pola porta de atrás na lei de acompañamento dos orzamentos de 2015. E nesas estamos: seguen mantendo secuestrada a CRTVG despois de 9 anos de aprobar a lei e 5 anos despois de aprobar o mandato marco.

- Non cumpren co Art. 33. no que ten a ver cos contratos programa
- Non cumpren co Art. 34. Producción propia (que debe abarcar a maioría dos programas difundidos nas canles xeralistas). Sacáronse da manga a “producción propia externa” para trampear a lei, tamén neste artigo. Aínda que un incumprimento máis ou un menos pouco máis lles ten.
- Non cumpren co Art. 36. Estatuto profesional e consello de informativos. Para velar pola independencia, veracidade e obxectividade. Ningunean de xeito sistemático ao movemento “Defende a galega” e afirman sen ruborizarse que non hai manipulación informativa na CRTVG. Quen está a velar por esa independencia, veracidade e obxectividade cando non está creado o Consello de Informativos? O director xeral? O Consello de Administración?
- Pero é que non cumpren, nin sequera, o artigo 4 que determina os principios fundamentais nos que reside a natureza da propia Corporación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia.*
- *d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.*
- *h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural.*

E todo isto sen esquecer en ningún momento a desaparición, que xa semella definitiva baixo o seu mandato, das delegacións territoriais da TVG que desmontaron aludindo á crise económica e que a día de hoxe semella claro que non queren recuperar. Entendemos que porque é máis complicado controlar politicamente 7 centros de traballo que 1.

Estes orzamentos son, polo tanto, a **plasmación en números dun proxecto político**, iso é indiscutíbel. O Proxecto de lei sitúa en algo máis de 110 millóns de euros o orzamento para a CRTVG en 2021, o 20% menos que en 2009. Porén, se nos preguntamos: é moito ou pouco esta cantidade, debemos responder: depende. Depende de se o investimento que se fai nos medios de comunicación audiovisual públicos de Galiza cumpren coas súas obrigas recollidas na Lei 7/2011. E aí, como vimos de ver, a resposta é claramente, non.

Estes deberan ser argumentos suficientes para **rexear o Proxecto de orzamentos para 2021 e exixir a súa devolución.**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, hai máis, como veñen denunciando de maneira ininterrompida as traballadoras e traballadores dos medios públicos desde hai máis de dous anos

O control político, o tratamento informativo con fins partidarios ou a vulneración de dereitos laborais son unha constante nas denuncias do cadro de persoal. Cuestión inadmisíbel en calquera democracia digna de tal nome.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (Sección 04).**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:21:45



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 04 – Presidencia, Amtega e Corporación Radio Televisión de Galicia**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 04 – Presidencia, Amtega e Corporación Radio Televisión de Galicia

A Presidencia da Xunta de Galicia incrementa un 26,11 % o seu orzamento consolidado para 2021, sendo o programa 571A correspondente a Fomento da sociedade da información e do coñecemento a partida que máis crece, uns 63 millóns de euros, que incrementa grazas ás transferencias do Estado e dos fondos da Unión Europea, para dar cumprimento á prioridade establecida de camiñar cara a transición dixital en todo o territorio.

Cabe destacar que nesta sección, un ano máis, o gasto en persoal eventual e altos cargos da Presidencia da Xunta supoñen aproximadamente o 25 % do total de custos de persoal, unha porcentaxe que consideramos excesiva.



En canto á **Secretaría Xeral de Medios**, a partida 461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social medra un 8,6 %. Baixo este epígrafe trátase con demasiada frecuencia de facer publicidade non de Galicia senón da Xunta de Galicia. E, en todo caso, os gastos en publicidade (é dicir, en propaganda) non aparecen nin sequera reflectidos nos orzamentos que presenta anualmente a Xunta, senón que son ocultados normalmente baixo o concepto 640, correspondente ao gasto en investimentos inmateriais, polo que tamén figuran nesas partidas xenéricas no momento de peche das contas anuais, con importes globais, sen que podan ser localizados, práctica opaca e falsificadora da realidade económica ante a cal o Consello de Contas de Galicia formula ano tras ano reiteradas peticións para que se lle poña fin, facendo a Xunta caso omiso.

E tampouco realiza o Goberno galego ningunha clase de Plan de Publicidade e Comunicación Institucional, tal e como realiza o goberno de España, pese as iniciativas presentadas a este respecto en varias ocasións polo Grupo Parlamentario Socialista, todo o cal conforma un marco de opacidade, de gasto excesivo, sobredimensionado e claramente dirixido á conformación dunha “única versión oficial” da nosa realidade; especialmente nun momento difícil no que a sociedade esixe máxima credibilidade, pluralidade e exemplaridade pública.

En canto á **CRTVG**, este ano batéronse todos os récords de manipulación e parcialidade nos medios públicos galegos, en flagrante incumprimento da propia Lei 9/2011, que esixe pluralismo, imparcialidade informativa e vocación de servizo xeral, ademais de que nin se abordan os contratos-programa coa



CRTVG, nin hai produción propia completa dos informativos, nin se poñen en marcha as necesarias medidas no eido do audiovisual. A manipulación política dos informativos chega a tal punto que ten provocado a protesta pública do cadro de persoal a través dos denominados venres negros. É necesario proceder de acordo coa lei ao nomeamento do seu director xeral, a partir dun acordo parlamentario, ademais de impulsar o Estatuto Profesional, o Consello de Informativos e o primeiro contrato-programa. Na actualidade o ente atópase nunha situación excepcional, co comité de Empresa asumindo as funcións contra a manipulación informativa competencia do Consello de Informativos, despois de emitir durante a pandemia un comunicado dunha dureza extrema e sen precedentes no que se criticaba a manipulación da cobertura informativa do coronavirus para facerlle a precampaña ó PP.

Polo referente á **Secretaría Xeral de Deportes** indícase na memoria do departamento que “seguirase co desenvolvemento normativo da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia”. É dificilmente asumible que levemos 8 anos sen aprobar o regulamento correspondente á lei, ademais de que segue sen facerse efectivo o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia conforme require a propia Lei 3/2012 do deporte de Galicia, e que debería presentarse no Parlamento.

No que atinxe á **Secretaría Xeral de Emigración**, considerando que Galicia é, moi de lonxe, a comunidade con maior emigración no exterior (uns 520.000 censados como tales), o colapso de Venezuela e as dificultades que atravesan moitos países latinoamericanos, que fan que moita cidadanía galega ou



descendentes dela opten por volver a Galicia a pesar das dificultades para atopar un traballo na nosa comunidade, o programa 312C ten un orzamento de aproximadamente 17 millóns de euros, un importe que evidentemente non da para que ninguén retorne a Galicia polas súas políticas de apoio ó retorno nin tampouco para axudar ás comunidades galegas no exterior, aínda que ese programa aumente este ano en liña co carácter expansivo dos orzamentos.

En canto á AMTEGA o programa 57.1.A fomento da sociedade da información e do coñecemento experimenta un ascenso, en liña co gran aumento dos fondos europeos na materia. O problema é que no último informe de cobertura de banda ancha publicado a nivel nacional, que corresponde ó ano 2019, Galicia ocupa a penúltima posición de España no despregamento de internet de alta velocidade, só por detrás de *Extremadura*, e a última posición no despregue de fibra óptica, páxinas 88 e 89 do citado informe.

A nosa comunidade autónoma tería que avanzar cara a unha dixitalización do sector turístico, ao que soamente dedícanse 2,2 millóns de euros. E para a dixitalización do sector primario soamente 4,4 millóns de euros.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2020 18:14:04
Nº Rexistro: 6392
Data envío: 11/12/2020 18:14:04.951

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 13:13:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGKIMVYJKu2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Malia que os orzamentos desta Vicepresidencia 1ª en termo cuantitativos non son particularmente relevantes ao respecto dos da Xunta de Galiza no seu conxunto, si que representan a esencia política dos orzamentos do goberno galego para o vindeiro 2021.

a) Existencia dun absoluta falla de vontade de autogoberno. A situación sanitaria, económica e social derivada da pandemia evidenciou a necesidade de ter recursos propios para xestionaren os nosos intereses e necesidades. O goberno galego nestes orzamentos, coherentemente co seu comportamento na pandemia, non ten vontade algunha de incrementar as súas competencias e capacidade decisoria. Non contemplan recursos, nin sequera menciona a intención de asumir nova competencia algunha, a única referencia faise a AP-9. Nin seguridade viaria, inspección laboral, salvamento, nin sequera contemplan a posibilidade da creación do Corpo de Policía Galega -prevista dende o ano 2007-.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Os orzamentos desta área, ao igual cos do restos das consellarías, seguen apostando pola xestión indirecta dos servizos e recursos públicos que pola asunción directa dos mesmos. Así, tanto a seguranza de edificios públicos segue a contratarse con empresas privadas -tamén existe un convenio coas Forza do Estado para que o fagan axentes en segunda actividade-, a limpeza dos edificios ou atención das emerxencias vai continuar realizándose de xeito externalizado por empresas privadas.

c) Non existe vontade de corrixir eventuais arbitrariedades no reparto ás Entidades Locais das achegas públicas. Así resulta especialmente ilustrativo -e sorprendente- o devalo da partida destinada ao Fondo de Cooperación Local cuxo reparto esta baseado en criterios obxectivos predefinidos, mentres medra a posibilidade de facer chegar recursos aos concellos por medio doutros vieiros nos que non existe criterio previo, e xa que logo existe a posibilidade de a discrecionalidade e arbitrariedade.

d) Estes orzamentos e na medida que a area o permite -competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento- evidencian unha falla de solidariedade e empatía coas persoas máis necesidades de atención. Xa non é que esteamos afastados dese obxectivo do 0,7% (estamos no entorno do 0,05) e que aínda son un 36% inferiores aos de 2009 (o bipartito como medida de todas as cousas...). O incremento está preto do acordado no IV Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento, cuxas previsións sempre foron cativas e insuficientes para o BNG.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) A previsión das relacións exteriores de Galiza son mínimas e dependentes do Estado español, existindo orzamento para manter unicamente as delegacións exteriores en Bos Aires e Montevideo, semella que a única vontade de presenza e proxección exterior esta unicamente no río da Plata, renunciado á posibilidade de abrir delegacións exteriores en Madrid, Lisboa, Bruxelas ou Londres e Nova Iorque.

f) En relación co turismo afondase no “monocultivo” Xacobeo, esquecendo que as potencialidades de Galiza son moito máis que os camiños. Existe unha ausencia de planificación que partindo dunha análise dos datos sobre fluxos turísticos e retorno económico dos investimentos poda ter en conta posibilidades como o turismo urbano, ou monumental, paisaxístico, termal ou natural.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 05.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:22:04



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 05. Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Academia Galega de Seguridade Pública. Axencia Galega de Emerxencias. Axencia de Turismo de Galicia**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 05. Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Academia Galega de Seguridade Pública. Axencia Galega de Emerxencias. Axencia de Turismo de Galicia.

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo experimenta un incremento do orzamento de gasto non financeiro para 2021 dun 12,43 %, inferior, polo tanto, ao crecemento do orzamento no seu conxunto que sube case un 14 %, e sendo a Axencia de Turismo de Galicia o organismo que experimenta o incremento máis importante, mentres que a propia consellería só medra un 1,59 %.



O incremento do 13,32 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia para o exercicio 2021 supón que Galicia contará co orzamento máis alto da historia grazas aos fondos extraordinarios recibidos do Goberno do Estado así como dos ingresos procedentes da Unión Europea, a través do denominado Fondo de Recuperación e Resiliencia, coñecido como Next Generation EU.

Os socialistas presentamos una emenda á totalidade dos orzamentos desta consellería por diversos motivos que pasamos a explicar:

1. No que corresponde á **Administración de Xustiza** os socialistas consideramos que a modernización da Xustiza era un asunto pendente reiteradamente demandado por este grupo parlamentario, e gardamos a esperanza de que no ano 2021 cos recursos económicos que o Goberno do Estado pon a dispor das Comunidade Autónomas poña por fin á Administración de xustiza na senda da dixitalización e da adaptación da actividade xudicial ás novas tecnoloxías, polo que xa non cabe máis retraso a implementación do expediente dixital, acompañado da dotación de persoal e a súa formación para poder xestionalo, o que vai redundar nunha redución no tempo de duración de resolución de determinados procedementos, posto que unha xustiza lenta non é xustiza.

Tamén é o momento de aproveitar os recursos achegados polo Estado e a lexislación aprobada para desenvolver e fomentar o teletraballo na administración de xustiza.



No caso do IMELGA, parece que nestes orzamentos o Goberno galego pretende concentrar todos os investimentos no centro de Santiago sen reforzar o persoal deste servizo en todos os centros ao tempo de proceder á comarcalización deste servizo e crear máis equipos en máis xulgados que non contan con este servizo, posto que nos consideramos insuficiente os existentes na actualidade.

Tampouco vemos neste orzamento contías que aposten pola creación de unidades de valoración integral especializadas para casos de violencia de xénero, ou delitos contra a liberdade sexual, posto que se trata dunha realidade diferenciada e con necesidades específicas.

No mesmo sentido, os Xulgados de Menores seguen sen ser unha prioridade para este Goberno, infradotados de equipos técnicos que poidan levar a cabo programas de mediación, de intervención educativa e terapéutica coa mocidade infractora.

En canto ao Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015, case 6 anos despois da súa finalización no papel segue sen ter cumpridos os seus obxectivos, quedando sen executar actuacións inicialmente previstas coma as actuacións nos xulgados de Muros, Sarria, Cambados, e Vilagarcía.

Do mesmo xeito, e a pesar da necesidade urxente que existe no xulgado de Viveiro, que soporta unha carga de traballo que supera nun 61 % o indicador máximo aprobado polo Ministerio de Xustiza, necesidade ratificada polo CGPJ



que xa enviou 3 inspeccións, a última ao inicio deste ano ao Xulgado de 1ª Instrución e Instrución n.1 de Viveiro, e que a finais do ano pasado foi aprobada pola Comisión mixta do TSXG e a Xunta de Galicia, porén nestes orzamentos tampouco parece que o Goberno galego vaia por os recursos necesarios para paliar esta situación que entorpece enormemente a labor desenvolvida por este xulgado.

Nestes orzamentos non aparece ningunha partida específica destinada á habilitación do edificio vello da Parda para o Xulgado que tramita os procedementos por violencia de xénero, tanto en Instrución 3 como na sala onde celebra o Xulgado Penal 4, xa que neste momento non reúnen as condicións de privacidade e protección mínimas previstas na Lei de protección integral contra a violencia sobre as mulleres.

No caso da **rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia**, séguense mantendo o mesmo número que fai 20 anos, cando o ano pasado realizáronse neles aproximadamente 25.000 intervencións. E a ausencia orzamentaria demostra que tras 11 anos de Goberno, seguen sen escoitar nin as autoridades xudiciais, Valedora do Pobo, colexios de avogados, e o que é máis importante, as familias usuarias destes centros.

2. No que corresponde á xestión das **Emerxencias e Seguridade**, o orzamento destinado a protección civil e emerxencias incrementa, con carácter xeral, uns 255.900 euros, cantidade claramente insuficiente tendo en conta as labores que



están a desenvolver nestes momentos, deixando a carga máis importante nas mans dos concellos, reducindo en 500.000 euros as transferencias provinciais e comarcais contraincendios.

Nas emerxencias non só é necesario incrementar as partidas orzamentarias, senón que tamén é necesaria a coordinación, a elaboración dun plan de coordinación que abrangue aos bombeiros municipais, os consorcios provinciais e os GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipais), que permita prestar un servizo eficiente, para o que é necesario facer investimentos en novas tecnoloxías, así como a elaboración dunha cartografía dixital do territorio que facilite a actuación dos servizos de emerxencia.

No caso do 112 é absolutamente necesario que estes orzamentos sirvan para adquirir novos programas de actuación adaptados ás necesidades de información que se precisan para poder realizar intervencións o máis rápidas posible minimizando o error.

3. As partidas de **Cooperación Internacional** experimentan unha suba que non nos achega ao investimento que se facía no ano 2009, situándonos no décimo posto en investimento en cooperación internacional para o conxunto do Estado.

No caso da cooperación exterior os orzamentos experimentan unha baixada de 473.678 euros e tamén unha baixada de 50.000 euros para o convenio coa



asociación de solidariedade co pobo saharauí, redución preocupante polo agravamento do conflito político que están a vivir.

4. **Memoria histórica**, segue a ser a partida esquecida para este Goberno, que non dedica nin un só euro para a recuperación da memoria democrática do noso país. Non é posible construír un futuro dende o silencio e o esquecemento do noso pasado, polo que os socialistas demandamos unha partida orzamentaria que permita facer cumprir en Galicia a Lei de memoria democrática.

5. O orzamento de **Turismo** para 2021 é de case 112,5 millóns de euros, o que supón un incremento de 38,6 millóns de euros, incremento que buscando nos distintos programas se corresponden cos 37,7 millóns para o Plan de Reformulación do Xacobeo e a SA de Xestión do Xacobeo. Polo que esta partida non ten ningún incremento máis aló do Xacobeo, cando o Goberno da Xunta debера abordar o futuro do sector con coraxe, posto que en 2019 o 11,3 % de persoas ocupadas dedícanse ao sector turístico en Galicia e representa ao redor do 10 % do PIB total galego con máis de 100.000 empresas e están a sufrir un forte impacto económico debido ás consecuencias da COVID-19.

Tamén cabe destacar que aínda que a partida ten un incremento en termos reais, o peso relativo é o mesmo que en anos anteriores.

O Goberno da Xunta de Galicia ten que decatarse dunha vez que o sector turístico galego non pode estar so condicionado ao Xacobeo, o que non lle



restamos importancia, pero a riqueza turística do noso país é moi grande e necesita de xeito urxente axudas directas para que non pechen centos de empresas turísticas, que constitúen un pilar básico e estratéxico da nosa economía debido á xeración de riqueza e de emprego e teñen un papel clave para a vertebración social e territorial.

6. No caso das **Entidades Locais**, a pesar do seu raquitismo orzamentario, a pesares de ser a Administración máis preto da cidadanía e a pesares do gran esforzo que fixeron nestes momentos de pandemia, neste orzamento se reduce a transferencia ás entidades locais nun 8,12 %.

Polo que os socialistas creemos que cuns orzamentos expansivos, os maiores da historia, deberían achegar ás entidades locais galegas financiamento para que poidan desenvolver en condicións de normalidade as súas competencias e boa parte das que non lle corresponden pero que a Xunta de Galicia lle ten delegado sen o financiamento necesario.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2020 18:14:20
Nº Rexistro: 6393
Data envío: 11/12/2020 18:14:20.438

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 13:14:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGKMVYJku2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación son profundamente decepcionantes tanto pola súa contía como pola súa definición.

Salienta o feito de seren perfectamente conscientes de que a promoción económica é unha das principais obrigas competenciais do goberno galego, expresado de xeito explícito na memoria dos orzamentos, xa que visto o volume de recursos e a orientación da política económica podería conducirnos a unha conclusión diferente.

En canto ao que respecta a esta emenda partimos de dous factores que consideramos incontrovertidos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. O declive económico na Galiza, sobre todo de carácter industrial, era anterior á pandemia, polo que a necesidade de mudar as políticas económicas non fixo máis que gañar en urxencia e profundidade.

2. A cantidade de recursos económicos dispoñíbeis para promover a recuperación e o cambio de modelo económico van ir decrecendo a partir 2021, e estes orzamentos non contemplan estratexia algunha ao respecto.

En canto ao primeiro factor, chama a atención o feito de que os organismos responsables de executar unha grande parte do orzamento do departamento fan gala dun nivel de autocompracencia excesivo á luz do declive que vimos de comentar, mesmo ratificándose na orientación das políticas a desenvolver a futuro.

De este xeito a memoria do IGAPE reconece que os seus orzamentos están estruturados en torno á estratexia do marco 2014-2020. Período no que a evolución do número de empresas en comparación coas medias do Estado español deixa en evidencia a insuficiente capacidade das políticas do goberno galego:

ANO/Medre empresas	ESTADO	GALIZA
2014/2020	9,14%	3,16%
2019/2020	1,23%	-0,53%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta incapacidade resulta especialmente grave no sector industrial, tendo en conta que o estado español xa no ano 2018 foi quen de recuperar os niveis de produción industrial do ano 2008 (previos á crise), e seguir medrando no ano 2019 un 0,70%, mentres Galiza, sen recuperar aínda ese nivel de produción previo, no ano 2019 sofre unha caída do 3,80%, aumentando a perda de peso relativo respecto do Estado español.

ANO/Producción industrial	ESTADO	GALIZA
2019	0,70%	-3,80%

No mesmo sentido o Instituto Galego de Enerxía insiste en primar as súas actividades de consultoría, asesoría, e auditorías, destilando unha vocación de mera oficina administrativa do sector, moi lonxe do que realmente precisa o noso País no campo da Enerxía, co seu proxecto de "oficinas para reindustrialización" das Pontes e Meirama como toda referencia ao problema do peche das centrais, e máximo expoñente dunha política de mero acompañamento formal, mais sen implicación real.

O orzamento do Sistema Galego de Innovación, máis concentrado a partir de agora no ámbito de esta Vicepresidencia e concretamente na Axencia Galega de Innovación, parte para a definición de obxectivos e estratexias da mesma autocompracencia que atravesa o orzamento do IGAPE, do Instituto Galego de Enerxía, e en xeral de todo o departamento, sen asumir a necesidade de estabilizar as estruturas de investigación así como os seus recursos económicos a través dos orzamentos, moi afastados novamente do 1% do PIB Galego estimado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para o ano 2021, aínda considerando o total de recursos destinados a investigación en outros departamentos segundo a memoria dos orzamentos.

En canto ao segundo factor, parece que a diminución de recursos dispoñíbeis a partir do ano 2022, mais sobre todo despois do ano 2023, pode chegar a ser crítica, tendo en conta tres aspectos:

1) O estado español dispuxo un fondo de 12.400 m€, dos que 10.000 m€ se repartirán entre as CCAA a razón de 8.000 no exercicio 2021 e os restantes 2.000 no exercicio 2022. O goberno galego xa consignou no presente proxecto de orzamentos unha cantidade de 430 m€.

2) Os fondos europeos, e nomeadamente o MRR o de maior contía, depende para a súa execución dun Plan Estatal que debe ser aprobado polas institucións da UE, centrado nos exercicios 2021 e 2023. Outros vehículos de gasto do MFP da UE tamén seguirán a mesma lóxica decrecente.

3) As liquidacións do SdF dos vindeiros anos moi probabelmente serán negativas polo efecto de manter o nivel de transferencias no presente exercicio.

É por isto que atendendo a un principio básico de prudencia e previsión económica o goberno galego, e sobre todo a Vicepresidencia 2ª de economía, empresa e innovación, debería primar no presente proxecto de orzamentos o investimento de carácter produtivo sobre calquera outra consideración. Ou dito dun xeito máis descritivo sementar para cando non haxa.

E facelo ademais, mudando (en liñas xerais) a política de subvencións sen transparencia nin control sobre os resultados, pola de investimento e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

participación en proxectos que supoñan incorporar novos actores á nosa economía.

Neste sentido é recorrente o trato nominativo e de privilexio ao sector do automóbil representado por PSA e seu cluster, que gozan no seu conxunto dun volume de recursos propios incomparable entre o tecido empresarial galego, en detrimento de outros proxectos que poderían ter unha repercusión económica en termos cualitativos e cuantitativos seguramente máis positivos, e que carecen das posibilidades financeiras necesarias para poñelas en marcha.

Hoxe por hoxe a constitución dunha Empresa Galega (e pública) de Enerxía tería un efecto arrastre sobre a toda a economía galega, xerando unha demanda local de produtos e servizos destinados á produción, almacenamento, e distribución de enerxía, moi superior, por exemplo, ao do mesmo IGAPE, moi centrado en ofrecer subvencións e servizos financeiros, mais sen capacidade real de influír na demanda interna por si mesmo. Ademais, unha empresa constituída a partir da recuperación das concesións hidroeléctricas, podería cos seus beneficios fornecer recursos económicos para impulsar a investigación no seu sector.

A transformación da UMI Navantia-UDC nun Centro con recursos estables á marxe da actual lóxica concorrente e competitiva de todo o sistema de innovación, e con persoal de xestión especializado, permitiría incorporar novas liñas de investigación como por exemplo a descarbonización da mobilidade no sector naval, auténtico cabalo de batalla para se posicionar no mercado mundial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A participación nos Consellos de Administración de Navantia, vía art. 55 do Estatuto de Autonomía de Galiza, ou de Barreras aproveitando a necesaria inxección de recursos públicos, podería servir para consolidar estas empresas estratéxicas para a economía galega máis aló dos actuais proxectos en marcha, ou en carteira, garantindo a transición tecnolóxica, a modernización das infraestruturas, a aposta pola diversificación de produtos, e o aproveitamento de sinerxías.

Son exemplos de actuacións políticas nos campos da Enerxía, Sector Naval, e da I+D+i, que terían un efecto arrastre moi positivo sobre un elevado volume de pequenas e medianas empresas locais.

Todo na liña dos obxectivos que, cando menos nominalmente, se veñen manifestando por parte de todas as institucións: transición ecolóxica e dixital, e cohesión social.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 06.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:22:24



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 06- Vicepresidencia 2.^a e Consellería de Economía, Empresa e Innovación , Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 06- Vicepresidencia 2.^a e Economía, Empresa e Innovación, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia

A vixente crise sanitaria provocada pola COVID-19, anexou de xeito indefectible unha crise económica, de oferta e especialmente de demanda, de efectos e consecuencias sen precedentes nos últimos 80 anos.

Na actual crise, a acción pública tornase absolutamente fundamental, sen que hoxe sexa discutible o papel decisivo que deben abandeirar os poderes públicos coa inxección de fondos e recursos na economía real.



E imprescindible que diante desta situación excepcional as administracións públicas, nomeadamente a Xunta de Galicia, empreguen toda a súa capacidade de gasto e toda a súa capacidade de endebedamento para manter a actividade económica e o emprego.

A crise xerou determinadas certezas, tamén en Galicia: caída da actividade económica e do emprego (previsión dunha caída do PIB en Galicia do 9,7 % para o ano 2020 segundo o Foro Económico de Galicia) e a afectación intensa no emprego autónomo e de pequenas empresas, en sectores coma a hostalería, o comercio, o turismo, a cultura e o ocio, entre outros.

Ante esta situación, o Goberno presidido por Pedro Sánchez comprometeu a mobilización de 200 mil millóns de euros (20 % do PIB), dos que o 58,5 % serán achegados directamente polo sector público. Un compromiso de investimento público nunca coñecido, que permitiu sufragar prestacións, vía ERTES, a máis de 280 mil galegos e galegas ao longo destes meses de pandemia e máis de 98 mil prestacións a persoas autónomas.

De igual xeito, Galicia percibirá ao longo do ano 2020, vía transferencias do Estado, a cantidade de 735 millóns de euros para paliar os efectos da COVID-19 no ámbito sanitario, educativo, das políticas sociais e tamén para compensar a caída de recadación.



Neste contexto de grave crise económica, o orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2021 debería ser a ferramenta indispensable para reorientar a política económica do país cara á creación de emprego de máis calidade ao tempo de sentar as bases necesarias cara a transición ecolóxica e o impulso da transformación dixital, e, en consecuencia, cara unha Galicia máis cohesionada social e territorialmente.

Os fondos transferidos polo Estado conxuntamente cos Fondos extraordinarios Europeos “Next Generation“, deberan constituír unha panca decisiva para transformar Galicia; de aí a importancia de definir axeitadamente os proxectos capaces de asumir e executar os fondos nun contexto no que a Xunta de Galicia ten amosado un déficit importante na execución dos chamados fondos “tradicionais” .

Fronte a opacidade do Goberno galego , dende o Grupo Parlamentario Socialista temos ofertado diálogo e consenso para fixar unha posición de país en torno ao modelo e calidade dos proxectos que deben ser remitidos para a súa incorporación ao Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, esixindo coñecer os 108 proxectos que a Xunta de Galicia ten anunciado.

Diante dun orzamento para o ano 2021 que aumenta a capacidade de gasto en 1.575 millóns de euros, atopámonos cun orzamento continuista e repetitivo no deseño dos programas e das partidas de gasto, uns orzamentos expansivos que en nada dependen da capacidade de xestión do actual Goberno autonómico



senón máis ben dunha concepción progresista dos presupostos xerais do Estado, que permitirán a Galicia ingresar unha transferencia extraordinaria de 685 millóns de euros máis o 1,1 % do déficit asumido polo Estado, ademais de 430 millóns dos Fondos Europeos ReACT-EU.

Este é o orzamento máis alto da historia de Galicia, porén a realidade é que as contas públicas non fan ningunha aposta por cambiar a política económica de Galicia; nin se fai un novo deseño en termos de política económica nin se establece un rumbo axeitado. A Xunta de Galicia diseña un orzamento de cifras, pero con nula ou escasa ambición de cambiar o tecido produtivo do país.

Uns Orzamentos que, diante da crise máis grave dos últimos 80 anos, apenas reflicten o 1 % a través do denominado “Fondo de Cosenso”, para atender as conclusións que emanen da Comisión de Reactivación constituída no Parlamento galego.

Se analizamos a política económica dos gobernos do Sr. Feijóo nos sucesivos mandatos, temos que en termos de emprego Galicia despois de once anos non ten recuperado o nivel de ocupación que tiñamos no último trimestre de 2009, que o número de empresarios con asalariados caeu un 26,6 %, que a taxa de precariedade en Galicia (ano 2019) era dun 26,6% (2,6 % máis alta que a media estatal), ou que a caída do emprego da mocidade entre 16 e 29 anos foi nestes 11 anos de Goberno do Sr. Feijóo do 49,4 %, é dicir que hoxe traballan en Galicia a metade dos mozos que no ano 2008.



En conclusión, menos emprego e emprego máis precario.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, diante da actual situación, inédita dende o punto de vista económico, entendemos que o IGAPE, principal ferramenta de dinamización e promoción económica que ten a Xunta de Galicia, debería xogar un papel transcendental na mobilización de fondos para dotar de liquidez e financiamento ao tecido económico .

Un instrumento de política económica que no actual contexto económico, de acordo co escaso tamaño das empresas galegas, desenvolve un papel irrelevante na estratexia de fornecemento e concentración empresarial, absolutamente imprescindible para a supervivencia de moitas compañías.

Un IGAPE sen capacidade activa de fornecer o balance das empresas, nun momento onde dende a Xunta de Galicia se podía aportar músculo financeiro a empresas estratéxicas do país, a través de participacións accionariais ou mesmamente con prestamos participativos.

Un IGAPE que incrementa considerablemente o seu orzamento para o ano 2021 ate os 262,5 millóns, pero que ao longo dos últimos exercicios manifestou incapacidade para executalos, así en 2009 só executou o 34,65 % do crédito



inicial consignado e se imos ao programa 741.A. Apoio á modernización, internacionalización, mellora da competitividade, innovación e produción, que constitúe o principal programa do IGAPE, acadou só un 28 % de execución respecto dos créditos iniciais.

Xa que logo, un IGAPE con escasa capacidade de achegamento o conxunto da economía do país, con beneficiarios estandarizados e con liñas de financiamento limitadas e de escaso impacto, que unicamente foi quen de mobilizar apenas 130 millóns de euros fronte os 250 millóns anunciados ante a maior crise económica vivida polo país dende a Guerra Civil .

Non pode haber desculpa tendo en conta que este ente ten capacidade de acudir o Banco Europeo de Investimentos para obter financiamento para dotar de liquidez e solvencia o tecido económico do país.

A realidade é que o nivel de resposta do IGAPE na actual crise non está nin moito menos a altura da situación dramática que está sufrindo Galicia, lonxe dende logo do nivel de resposta dado por outras comunidades autónomas e a unha distancia sideral da resposta dada polo ICO en Galicia, con 4.016 millóns en avais e con máis de 34.723 empresas galegas que puideron obter liquidez e financiamento o longo do ano 2020 .



Polo que atinxe o orzamento da Axencia Galega de Innovación (basicamente, xunto coa universidade, o programa “ 561A – Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación tecnolóxica”) medra un 25 % no 2021.

Un incremento que non pode ocultar o feito de que dende o ano 2009 a Xunta de Galicia ten reducido case un terzo os fondos dedicados a I+D+i. Estas reducións acumuladas nos orzamentos teñen producido que o gasto en I+D+i medido como porcentaxe do PIB, diminúa por debaixo dun 0,97 %, fronte o 1,25 % (media no Estado).

E non é posible con esta aposta “simbólica” pola innovación basear a recuperación na coñecida industria 4.0, dado que este orzamento non asenta as bases para unha transformación dixital da nosa Administración Pública e do noso tecido produtivo.

Con todo, os datos de execución orzamentaria do ano 2019 amosan que se deixaron de gastar sobre 169 millóns de euros na partida 561- A (que non só executa o AGAIN), dedicada a I+D+i, o cal reflexa a imposibilidade de que a innovación sexa o principal mecanismo de competitividade das empresas galegas tanto no interior coma no exterior.

A Xunta de Galicia so executou o 25 % dos fondos europeos previstos para I+D dos que gastaron 21,9 millóns cando o obxectivo para 2018 eran 89 millóns,



sendo un exemplo de como en Galicia as partidas dedicadas a investigación e desenvolvemento son as que acumulan máis retrasos na execución ou directamente non se executan, sendo a I+D a partida con peor execución dos FEDER. A propia Unión Europea xa fixo unha advertencia á Xunta de Galicia “ é necesario incrementar o ritmo de execución do gasto e intensificar a dinamización da inversión privada que combina axuda pública en proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación”.

A posición dos socialistas neste eido pasa por que o Goberno autonómico ten que incrementar dunha forma moito máis ambiciosa o exercicio orzamentario nos niveis de financiamento público en I+D+i .

Ademais, mentres outras comunidades avanzaron moito, a nosa queda rezagada, así o reflexa a comparativa coa rexión norte de Portugal, así como coa media de rexións europeas e tamén das comunidades autónomas de España.

A espera de coñecer os proxectos que aspiran ós Fondos Europeos , tampouco o goberno galego o longo dos seus mandatos se anticipou o reto do cambio climático, como sería de esperar dunha administración seria e moderna que traballa cara un obxectivo incuestionable que non é outro que orientar a súa economía cara a transición ecolóxica .



O Instituto Enerxético de Galicia presenta un orzamento moi cativo, polo que non parece que a previsión da Xunta de Galicia teña como obxectivo avanzar cara un modelo económico máis sostible dende o punto de vista medioambiental, no marco do cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible fixados pola ONU. A partida 733-A. Eficiencia enerxética e enerxías renovables tivo unha execución orzamentaria para 2019 de escasamente 31 millóns de euros.

O orzamento do ano 2021 reflicte para este Programa un incremento de 9,7 millóns de euros, acadando os 41,6 millóns de euros, partidas que dende logo non amosan compromiso algún do Goberno galego para orientar a economía galega cara un horizonte máis verde e máis ecolóxico.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 13:53:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Facenda e Administración Pública, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos cos que conte a Xunta de Galiza para o vindeiro ano 2021 serán un dos instrumentos máis decisivos para afrontar a situación xerada pola pandemia da covid-19 e impulsar a reactivación económica, social e cultural do noso país. Para iso, é preciso que esta Consellería asuma un papel tractor e director das profundas mudanzas estruturais que debe acometer Galiza para situarse no novo escenario europeo e internacional. Porén, este Proxecto de lei de orzamentos non introduce para 2021, respecto da Consellería de Facenda e Administración Pública, as orientacións precisas para liderar responsabilizarse dun cambio de rumbo que é máis necesario do que en ningún outro momento da nosa historia recente.

A irrupción da covid-19 supón xa un antes e un despois na realidade humana en todos os seus aspectos. Porén, este Proxecto de orzamentos parece ignorar a nova realidade e os novos retos que representa do punto de vista da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

organización económica e da administración pública. Desta forma, máis alá de referencias inevitábeis á pandemia, o certo é que o conxunto da planificación da consellaría non aborda con profundidade unha reordenación das prioridades e da orientación, ancorándose novamente no continuísmo respecto dos anteriores anos de goberno de Núñez Feijóo e mudanzas organizativas sen relevancia política. Un enfoque que non está á altura das circunstancias históricas, pois se o resultado da xestión política da crise financeira foi o dunha Galiza máis feble no económico e máis desigual no social, a resposta á crise da covid-19 non pode ser mimética.

Estes orzamentos renuncian novamente a ser o punto de partida para acometer unha transformación do marco fiscal e financeiro co obxectivo de aumentar a capacidade de gasto, aínda que é ben coñecido o brutal incremento dos índices de pobreza e desigualdade e das previsións de baixada de ingresos para os posteriores anos da presente lexislatura. Son a antesala, polo tanto, dunha política fiscal que verá agravado en pouco tempo o seu carácter regresivo debido ao empeoramento das condicións materiais de vida das maiorías sociais do noso país.

Así mesmo, non se enfrenta con decisión a aposta por unha nova relación económica co goberno central, supeditándose con resignación a unha baixada dos ingresos pola vía do sistema de financiamento e á previsión de futuras e próximas liquidacións negativas, tal e como se explicou na primeira parte desta emenda á totalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta Consellería reduce, na práctica, as súas funcións ao control orzamentario e do déficit, deixando de lado a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de avaliación e reforma administrativa, como demostra o feito de que entre os seus escasos obxectivos permaneza o de “continuación do plan de modernización dos procesos da Consellería iniciados no exercicio 2010”, repetición que amosa o resultado de máis dunha década de tempo perdido para mudanzas ambiciosas. Así mesmo, malia o impacto da covid-19 e a importancia que adquire a contratación pública e a función pública neste contexto, non ofrece liñas novas de actuación e reitera un ano máis a vaguidade da “finalización dos procesos de actualización legislativa coa aprobación dunha nova lei en materia de réxime financeiro, orzamentarios e de control”. Como única novidade vemos, polo tanto, unha simple reorganización interna da Xunta de Galiza pola que se adscribe a esta consellaría a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e se suprime o CIXTEC (Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable) pola asunción das súas funcións por parte da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza).

En conclusión, desde o ámbito responsábel da planificación económica non se ofrecen alternativas para avanzar na construción dun novo marco político e financeiro, xa que non se aposta por un maior impulso público á economía nin por aproveitar ao máximo o autogoberno en materia económica e administrativa para dar resposta ás necesidades da Galiza covid.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 07.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:22:44



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 07. Facenda e Administración Pública**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 07. Facenda e Administración Pública

O Goberno da Xunta de Galicia presenta un proxecto de orzamentos para 2021 que non garante unha aposta decidida para dar resposta á grave situación actual derivada da pandemia provocada pola Covid-19 que ten derivado nunha crise sanitaria aparellada dunha crise económica e dunha crise social sen precedentes.

Trátase dun proxecto de orzamento consolidado que medra un 13,32 % respecto ao de 2020, que incrementa a capacidade de gasto en 1.575 millóns de euros grazas aos fondos extraordinarios recibidos do Goberno do Estado así como dos ingresos procedentes dos fondos extraordinarios da Unión Europea, denominado Fondo de Recuperación e Resiliencia, coñecido como Next Generation EU.



O Goberno do Estado, presidido por Pedro Sánchez, blindou os recursos do sistema de financiamento autonómico da caída de ingresos derivada da pandemia, incrementando os ingresos correntes cunha transferencia de 685 millóns de euros, máis outra transferencia extraordinaria de 685 millóns de euros para asumir a metade da marxe de déficit da Comunidade Autónoma (1,1 %), ao tempo que negociou con outros líderes europeos a consecución de fondos extraordinarios da Unión Europea que suporán uns 750 mil millóns de euros para investir na reactivación da economía no período 2021-2023, e que suporán para Galicia neste exercicio 2021 de 430 millóns de euros máis, a través de ingresos de capital dos Fondos ReACT-UE.

Trátase, polo tanto, duns orzamentos expansivos, os máis altos que tivo nunca Galicia, pero que en vez de aproveitalos para reforzar os servizos públicos, nomeadamente a sanidade, a educación e as políticas sociais ao tempo de establecer as bases dun cambio no sistema produtivo do noso país, apostando polo emprego de calidade, a potenciación demográfica, a aposta pola I+D+i e a potenciación dunha política industrial adaptada á nosa realidade e as nosas potencialidades, só se limita a incrementar as mesmas partidas orzamentarias existentes, que na maioría dos casos nin tan sequera son capaces de executar na súa totalidade.

Estes orzamentos tiñan que apostar decididamente por sentar as bases do cambio de modelo produtivo, cara un país máis cohesionado, máis verde e máis feminista, apostando por unha economía do coñecemento que priorice a educación, a formación e a investigación, reforzando o estado do benestar e



garantir apoio constante ás familias, aos traballadores, as persoas autónomas e as empresas, canalizando os fondos europeos para avanzar cara unha economía con maior valor engadido, máis dixital e baseada na transición enerxética.

Tras once anos de Goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia temos unha comunidade autónoma que ten perdido case 96.000 habitantes, na que os últimos datos publicados polo IGE nos revelan que o número de ocupados aínda non ten chegado aos que había no último trimestre de 2009, cun crecemento do emprego en Galicia moito máis lento que para o conxunto do Estado, con 53.200 fogares nos que todos os seus membros están no paro (IIIT de 2020) e 33.500 fogares sen ingresos, unha comunidade na que os últimos informes publicados sobre pobreza e exclusión social nos revelan que en 2019 o 24,3 % da poboación galega (655.000 persoas) se encontraban en situación de pobreza ou exclusión social, poñendo de manifesto que a situación de desigualdade existente na nosa sociedade era xa máis que preocupante antes da pandemia e apuntando como a causa principal a falla de emprego e/ou o emprego de calidade, sen que atopemos nestes orzamentos ningún plan de choque que atalle esta grave situación.

Uns orzamentos que o Goberno galego anuncia de consenso, cando non se ten achegado aos grupos parlamentarios da oposición para acadar ningún consenso e nos que tan só contemplan 115 millóns de euros, apenas o 1 %, para o denominado “Fondo de Consenso” que deberá atender as conclusións que emanen da Comisión de Reactivación económica, social e cultural constituída no seo do Parlamento galego.



Na previsión de ingresos, o Goberno galego renuncia, unha vez máis, a exercer unha política fiscal progresiva, na que as rendas máis altas contribúan máis, na procura dunha mellor e máis equitativa e xusta redistribución da riqueza.

O emprego público durante os once anos de Goberno de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia sufriu de precariedade laboral, situación evidenciada, se cabe aínda máis, durante a xestión por parte dos empregados públicos desta situación de pandemia, sen que neste orzamento se aposte por paliar esta situación estrutural, sendo absolutamente necesario para poder ter na nosa comunidade uns servizos públicos de calidade de acordo coas actuais necesidades da nosa poboación.

Tamén resulta necesario que se recupere o diálogo social co fin de abrir unha mesa de negociación que derroque a Lei galega 1/12 de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, non pode ser que algo temporal dure 8 anos e menos se restrinxen dereitos.

A Axencia Tributaria de Galicia ten unha previsión de incremento do 1,69 %, contía insuficiente para responder ás principais liñas de actuación que debería ter esta axencia, tales como a loita contra a fraude fiscal, a mellora das comprobacións practicadas das liquidacións presentadas que están a provocar unha alta litixiosidade pola falla de recursos humanos e tecnolóxicos ou a insuficiente información e asistencia ao contribuínte.



Actualmente existe un Plan Anual de Control Tributario, que non deixa de ser unha colección de directrices e escasamente clarificador, que non da conta nin cuantifica a labor inspectora, polo que non se pode avaliar e fiscalizar o Plan en aras a revisalo.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:08:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para 2021 afondan e agravan a incapacidade por parte da Xunta de Galiza de dar resposta aos grandes retos fronte á crise económica na que estamos inmersos e aos problemas estruturais que ten o noso país nestas materias. Os orzamentos propoñen unha Consellería que opere con dúas estratexias diferenciadas: unha en materia de vivenda e territorio que consiste na parálise, na falta de investimento e na negativa de intervir sobre o mercado da vivenda e sobre a política de planificación territorial; e outra en materia de medio ambiente na que o investimento aumenta, pero faino para seguir agravando o proceso de cambio climático, fomentando con recursos públicos un modelo que por baixo da etiqueta “verde” agocha un modelo industrial extractivo altamente contaminante. É, por tanto, unha Consellería que funciona con dúas estratexias e a dúas velocidades, e isto reflíctese nun crecemento diferencial dos investimentos. Se ben a media global de aumento das Consellerías nestes orzamentos é do 13,8%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

respecto ao ano anterior, Vivenda crece tan só un 5,8% e Territorio un 5,9%, mentres que Actuacións Ambientais faino nun 49,8%, un crecemento, o desta última función, consecuencia principalmente dunha nova partida destinada á inversión na xestión de residuos cun modelo centralizado que vai en contra do tratamento de proximidade e descentralizado que existen unhas políticas realmente sustentables.

Mais este aparente aumento do investimento respecto do ano anterior non deixan de ser unha lixeira suba en programas que xa estaban baixo mínimos. Se pomos o proxecto de orzamentos 2021 en relación cos de 2009 revelan a enorme caída do investimento ao longo da última década en materias que son fundamentais, moito máis en tempos de crise económica e ambiental: vivenda registrou un descenso do 32,8% nas políticas de rehabilitación, unha caída do 69,5% en políticas de acceso á vivenda e as políticas de ordenación do territorio sufriron unha baixada dun 67,5%, por outra parte, o total de programas de actuacións ambientais descenderon nestes 12 anos un 32,5%. Por tanto, o que reflicten estas contas é a continuidade dun modelo de reparto dos recursos públicos no que esta Consellería non é prioritaria para o goberno do PP, e unha consellería que baixa a dúas velocidades: un recorte de dúas terceiras partes en políticas de acceso á vivenda e ordenación do territorio e unha baixada dunha terceira parte en medio ambiente e rehabilitación. O que nos din estas contas é que as políticas de medio ambiente importan pouco para este goberno, pero a política de vivenda aínda menos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vivenda

A política de vivenda é unha das grandes damnificadas das contas do PP pero é que ademais cómpre recalcar que ano tras ano a execución orzamentaria das mesmas é extremadamente baixa. No ano 2019, a execución orzamentaria do programa de rehabilitación foi dun 56%, do programa de acceso á vivenda dun 44,1% e de promoción de solo dun 18%. Dos 50 millóns de euros que suman estas tres partidas executáronse , finalmente, menos da metade da contía total. Se as previsións xa son extremadamente baixas, a inversión real é ridícula. Como consecuencia desta inacción por parte dun goberno que non cree nas políticas públicas de vivenda, o número de demandantes de vivenda segue a subir ano tras ano e acumula neste momento máis de 15.000 persoas demandantes ás cales a Xunta non lles da ningunha solución. Especialmente dramática é a situación no mercado do alugueiro que experimenta un aumento dos prezos inasumíbel para as rendas dos traballadores e traballadoras e fai con que hoxe máis dunha cuarta parte dos fogares galegos adiquen máis dun 30% dos ingresos ao alugueiro, ou que o número de lanzamentos por impago de alugueiro aumentase en 2019 ate as 1.800 persoas. Fronte a isto as contas do goberno galego non aportan ningunha solución porque o modelo que están a levar a cabo consiste en limitar a acción da Consellería a actuar como meros dinamizadores do sector inmobiliario, ao servizo dos grandes propietarios. Con estes orzamentos a Consellería volve a negarse a intervir sobre os prezos do mercado da vivenda ou a calquera fórmula que, facilitando o prezo accesible da vivenda ás rendas traballadoras, puidese supor unha perda de beneficio do sector inmobiliario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A burbulla dos prezos de alugueiro que estamos a padecer é consecuencia, en parte, dun problema estrutural de falta de parque público de vivenda en alugueiro. Corrixir esta situación e aumentar substancialmente o parque público de vivenda é un obxectivo prioritario para poder garantir o acceso á vivenda ás persoas nunha situación de maior precariedade económica ou vulnerabilidade social e que ademais se revela como un mecanismo imprescindible para dar resposta áxil ás necesidades da poboación en momentos de crise económica como o que estamos a padecer. O aumento do peso relativo da vivenda pública respecto do da vivenda libre permitiría ademais intervir e frear os prezos da vivenda libre. Sen embargo, estes orzamentos continúan a negarse a poñer en marcha calquera medida que poida contribuír a aumentar o parque público de vivenda.

Se ben durante algunhas décadas este problema estrutural paliouse parcialmente mediante a promoción de vivenda protexida, a partir da crise de 2008 existe unha parálise absoluta. Nesta última década, o obxectivo da administración pública foi o de evitar que a vivenda pública ou protexida actuase como competencia do mercado libre, achairando desta forma o camiño da actual burbulla dos prezos. É por iso que en todo o 2019 tan só se remataron 4 vivendas protexidas por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Estes orzamentos prevén afondar na mesma dirección, cun recorte de máis dunha cuarta parte do orzamento respecto do ano anterior, é que por tanto sitúan á vivenda protexida, na práctica, completamente anulada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actual situación de pandemia e a crise económica derivada vai colocar de novo en primeiro plano a falta de garantías de acceso á vivenda do actual modelo. O aumento do desemprego e o número de persoas sen recursos ou cuns ingresos mínimos que non lles permiten facer fronte ao pago desorbitado das rendas, vai acrecentar un problema que xa existía, pero que vai coller unha nova dimensión. Nestes orzamentos cumpría unha urxente rectificación da Consellería responsable das políticas de vivenda para dar resposta e pór en marcha todas as medidas para garantir que ningunha persoa quede na rúa; pero unha vez máis óptase por mirar cara outro lado: en lugar de resolver o problema real que enfrontan milleiros de fogares a Consellería prefire desviar a atención anunciando e financiando teléfonos de denuncia de ocupación anecdóticos, que ademais xa contan con mecanismos legais.

Neste contexto, sen parque de vivenda pública e sen vivenda protexida, a mobilización da vivenda baleira podería actuar como un mecanismo de intervención áxil e eficaz para aumentar a oferta e promover a baixada dos prezos das rendas. Se ademais esta se fixera mediante medidas de presión fiscal aos grandes propietarios de inmobles, podería ser unha solución solidaria e reequilibradora no medio desta crise e que ademais non suporía un aumento substancial do gasto público. Sen embargo esta consellería continúa a negarse a actuar sobre o parque de vivenda baleira, a intervir sobre os prezos, a reducir plusvalías dos grandes propietarios, en definitiva, a facer política pública de vivenda e intervir o mercado inmobiliario.

A única política activa consiste en mecanismos de axudas directas que son insuficientes. O ano anterior menos de 2.000 fogares recibiron algunha axuda ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alugueiro e tan só 331 mozos recibiron as axudas para menores de 35 anos. Son cifras insuficientes que se agravan nestas contas para o 2021 cuxa partida dedicada no Plan de Vivenda ao programa de acceso á vivenda sofre unha baixada de 477.600€. Descende tamén a partida dedicada ao Programa Bono alugueiro social, que xa só chegaba ao redor de 700 fogares. Incluso desaparece a partida dedicada a axudas a afectados por execucións hipotecarias, cando en 2019 houbo ate 396 execución hipotecarias no noso país.

Por tanto nestas contas non hai respostas aos problemas estruturais do actual mercado da vivenda pero ademais redúcense as xa insuficientes partidas adicadas a axudas directas. Todo isto nun contexto no que as dificultades das persoas para poder facer fronte aos custes da vivenda son enormes. Por iso os actuais orzamentos no relativo á materia de vivenda son absolutamente irresponsables e negligentes.

Rehabilitación

A política de rehabilitación gaña cada vez máis peso nos anuncios e no marketing da Consellería como forma de tapar a nula política de acceso á vivenda, sen embargo nestes orzamentos de 2021 dedícanse 25 millóns de euros menos a rehabilitación do que se dedicaban en 2009. Mais o problema fundamental da actual política de rehabilitación consiste nun modelo orientado ao réxime de compra en detrimento da creación dun parque público de vivenda en alugueiro. Estes orzamentos afondan nun modelo no que a administración pública limítase á compra de vivenda, rehabilitación e á posterior venda dese





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patrimonio, o que sitúa á administración pública como mero promotor e dinamizador do sector da construción pero que non procura aumentar a capacidade de ofertar vivenda en alugueiro a prezos accesibles. Por outra banda este modelo de fomento do réxime de compra fronte ao alugueiro na rehabilitación coloca a administración pública nunha situación de maior vulnerabilidade nos capacidade de recadar ingresos ante oscilacións nos ciclos económicos, pois estes non son constantes como serían cun maior parque en alugueiro, senón que flutúan dependendo da capacidade adquisitiva e da consecuente demanda de vivenda en réxime compra. Polo tanto estamos ante uns orzamentos que camiñan no sentido contrario do que debería ser un modelo pensado dende o interese xeral e cun enfoque do público e que converten á administración pública nun mero axente complementario que favorece os intereses exclusivamente do sector inmobiliario e da construción.

Ordenación do territorio

En materia de ordenación do territorio nestes orzamentos continúase co desmantelamento desta área de actuación que representa respecto ao total do orzamento tan só un 0,14%. O recorte orzamentario sistemático levado a cabo nos programas de urbanismo na última década supón unha diferenza acumulada entre o 2010 e o 2021 de máis de 353 millóns de euros. Estes datos deixan en evidencia a política de inacción que se complementan con toda unha batería legislativa cuxa única política en relación co territorio consiste en desregular e facilitar a desprotección, a depredación, o saqueo de plusvalías e a extracción dos



recursos por parte de grandes empresas multinacionais. Mediante este proxecto de orzamentos podemos deducir que novamente a Lei de ordenación do territorio que está actualmente en trámite vai operar só con parte dos instrumentos que regula, pois sigue sen existir ningunha partida para desenvolver os Plans Territoriais Integrados, tampouco para os reconvertidos POMF en Plans Territoriais Especiais. É dicir, a nova lei de ordenación do territorio seguirá operando só mediante aqueles instrumentos pensados para facilitar a implantación de empresas, pero sen vontade de aplicar aqueles outros que serven para unha planificación integral do territorio tendo en conta as necesidades da poboación en materia de infraestruturas, servizos ou mobilidade e deixando á marxe calquera criterio de uso racional e sustentable do solo. As áreas metropolitanas e comarcas continuarán, tras 25 anos que leva vixente a lei de ordenación do territorio, sen ningún PTI aprobado e as DOT seguirán, pasada unha década da súa aprobación, sen cumprirse nin desenvolverse. Estes orzamentos non prevén ningunha partida para avanzar na elaboración de novos instrumentos porque o actual goberno galego só actúa e pensa o territorio como facilitador dos grandes proxectos mineiros, eólicos, forestais e de extracción de plusvalías mediante a reclasificación e recalificación de solos exprés e sen garantías, tal e como consagra a nova figura dos Proxectos de Interese Autonómico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medio Ambiente

En materia de Medio Ambiente estes orzamentos son mera propaganda, títulos de programas adornados con termos como “sustentabilidade”, “economía circular” ou “economía verde”, pero que se volven máis ben grises cando se analiza o contido. A política da Xunta consistiu nesta última década, e continúa nestes orzamentos, en actuar como unha gran fábrica de cambio climático que se fundamenta en tres eixos de accións: desregulación normativa e facilitación da instalación de grandes empresas extractivas, inversións millonarias en infraestruturas coa etiqueta “verde” pero sen unha verdadeira axenda sostible e, por último, o inmovilismo fronte aos grandes problemas ambientais.

A desregulación normativa viuse acelerada nos últimos anos, por exemplo, mediante modificacións na Lei do Solo para que promotores privados poidan expropiar e fixar o prezo despois de que a administración declare o interese público ou, máis recentemente, na Lei de Ordenación do Territorio (actualmente en tramitación) e os xa mencionados Proxectos de Interese Autonómico que facilitan que actuacións ambientalmente lesivas e de escaso retorno social se convertan nun rendible negocio. Con estes cambios legais facilítase unha política industrial altamente contaminante, con industrias de enclave que continúan a restarnos soberanía sobre os nosos recursos. A desregulación é a barra libre para a megaminería ou para o pelotazo urbanístico mediante a recalificación de terreos, especialmente, nas periferias urbanas; sen ter en conta o impacto sobre o territorio no seu conxunto e sobre a poboación que alí habita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Baixo a etiqueta de proxectos “verdes” este goberno pretende vender como sostible o aumento da produción da masa forestal de eucalipto para a produción de tecidos, que busca perpetuar a actual política de monocultivo forestal cuxas consecuencias pagamos todos os galegos e galegas cada verán cos incendios. Baixo a etiqueta verde pretende continuar cun modelo eólico cuxos beneficios concéntranse no oligopolio enerxético, mentres que as veciñas e veciños cargan cos impactos negativos.

O grande investimento en infraestruturas coa etiqueta “verde” nestes orzamentos corresponde coas plantas de compostaxe e que supoñen unha partida de 31 millóns de euros . Un proxecto que estivo sometido a cambios de postura do actual goberno a medida que a normativa europea foi mudando e cuxo resultado final consiste nun modelo global de 1 planta de compostaxe por provincia. Esta distribución de plantas vai en contra de calquera criterio de proximidade e descentralización que esixiría un modelo realmente sostible en cuanto á pegada de carbono, á calidade da compostaxe e á minimización do impacto no territorio. É un investimento irracional e ineficiente ao plantexar a acumulación de bioresiduos con radios de abastecemento superiores aos 100 km, tal e como se pretende, por exemplo, na provincia de Pontevedra cunha única planta en Vilanova de Arousa para dar servizo a todo o Eixo Atlántico a sur. É un modelo de grande infraestrutura centralizada que hipoteca, ademais, que nun futuro ou dende outras administracións se aposte por outros modelos máis sostibles. Boa mostra é que no caso do concello de Pontevedra contan xa cunha planta planificada, polo que o racional sería planificar conxuntamente e de forma descentralizada o modelo de compostaxe. Mais esa falta de planificación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

responde a que, na práctica, a propia Consellería é consciente de que a partida de 31 millóns de euros que prevé para as plantas de compostaxe son irrealis, pois o máis probable é que rematen por non executarse, cando menos nos casos de Lugo e Ourense onde non teñen nin tan sequera os terreos. Son por tanto partidas que axudan a abultar as contas da Consellería e aparentar un aumento global, pero que nacen abocadas ao fracaso.

Por último, en materia de Medio Ambiente o goberno galego continúa a súa folla de ruta de inacción en materia de protección ambiental. Continúa o baixo nivel de protección da REDE Natura e que nos sitúa á cola do Estado e de Europa, a mala xestión dos espazos naturais protexidos e a falta de Plans Reitories de Uso e Xestión na maior parte deles, a falta de proxectos de investigación e divulgación do patrimonio ambiental. A falta de protección tradúcese nos orzamentos de 2021 no recorte de partidas tan importantes como a protección e valoración do patrimonio natural, a mellora de infraestruturas e ecosistemas fluviais, a divulgación da natureza ou a restauración de espazos degradados.

Por todo isto, consideramos que en materia de Medio Ambiente, Vivenda e Ordenación do Territorio estas son unhas contas lesivas e irresponsables fronte ao grande reto de responder á crise climática, á crise económica e social na que estamos inmersos. Son a demostración dunha deixación de funcións sistemática por parte do actual goberno galego nestas materias, ás que tan só atende cando se trata de responder a intereses alleos ao público, e por iso estas contas contan co noso maior rexeitamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 08.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:23:02



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 08. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Instituto Galego da Vivenda e Solo; SA; Sogama, SA**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 08. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Instituto Galego da Vivenda e solo; Sogama, SA

Os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda experimentan un notable incremento con respecto ao ano 2020, dentro da tónica xeral dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Aínda así, consideramos que se desaproveita ese incremento de case 36 millóns de euros no orzamento non financeiro, xa que non se consolidan políticas que xa están en funcionamento nuns casos nin se inician noutras que son necesarias.

Pese ao incremento do 49,77 % con respecto a 2020 na partida 54 (actuación ambientais), e pese ao carácter expansivo do orzamento, 11 anos despois



estamos aínda lonxe dos 295 millóns de euros do orzamento de 2009, ascendendo para 2021 a 199 millóns de €, o que da idea do absoluto desleixo en materia medioambiental da Xunta.

Certas partidas melloran significativamente porque parten dun nivel previo moi baixo, como pode ser o caso do control ambiental e xestión de residuos (176,41 %), coñecemento do medio e fomento da sustentabilidade (40,31 %) ou planificación e xestión hidrolóxica (77,89 %), pero esas melloras non compensan a falla de compromiso con outras fundamentais como a conservación da biodiversidade e posta en valor do medio (5,37 %) ou a protección e mellora do medio marítimo (1,97 %).

É dicir, nun contexto de forte aposta verde europea e española, tanto a nivel político como orzamentario, a Xunta de Galicia queda descolgada como xa quedara descolgada en materia medioambiental, sistematicamente, dende o ano 2009.

Os orzamentos do programa para conservación de biodiversidade e posta en valor do medio son aínda inferiores a 2009 (37,4 millóns), 11 anos despois (36,9 millóns), e isto ten como consecuencia que Galicia sexa a comunidade autónoma que menos superficie de bosque protexe en España, o 15 % fronte ó 41 % de media estatal, segundo o último anuario de estatística forestal elaborado polo Ministerio de Agricultura.



A protección de especies ameazadas carece do mínimo impulso xa que a memoria do orzamento limítase a dicir que están ameazadas sen protexelas efectivamente, iso si, din que *“séguese a traballar para contar cunha proposta de instrumento de planificación”*.

Novamente, a reciclaxe de residuos non merece un apoio orzamentario nin remotamente á altura das necesidades e dos obxectivos da UE, apostándose por reforzar o modelo SOGAMA, ademais de referirse a rematar este ano 2020 a ampliación de planta que xa foi publicitada como rematada hai un ano. No ano 2020, todos os Estados da UE deben reciclar, polo menos, o 50 % dos residuos municipais; Galicia non chega nin ao 20 % e segue apostando por reforzar a incineración”.

Finalmente, chama poderosamente a atención que sendo o cambio climático a maior ameaza para a nosa especie e un problema ecolóxico e económico absolutamente transcendental para o noso futuro e o dos nosos fillos, e establecendo a memoria que *“Con cargo ao programa 541E atenderanse ás necesidades derivadas da loita contra cambio climático en Galicia e o fomento do desenvolvemento sustentable”* ese programa leve aparelado un orzamento testemuñal de 8 millóns de euros.

No relativo ás políticas de vivenda, os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contemplan dous programas fundamentais, o 451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda e o 451B-Acceso á vivenda.



Ambos programas se viñan aplicando ao desenvolvemento do *Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020*, coñecido como Plan RehaVita, que se entende superado polo anunciado “Pacto Social pola Vivenda”, que recollerá dez novas medidas para a actuación do goberno nos vindeiros cinco anos.

Non se intúen no proxecto de orzamentos presentado políticas e accións que incorporen decididamente medidas de apoio ás persoas con rendas máis baixas, en risco de desafiuzamento, de pobreza enerxética, con necesidades especiais de integración social, con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, ás vítimas de violencia de xénero e a todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social.

E nese contexto, as cifras presentadas neste proxecto de orzamento non nos ofrecen ningunha garantía de éxito, unhas polo escaso incremento que contemplan en outras pola traxectoria histórica da súa exígua execución.



En relación co denominado programa 451A - Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda que ten como obxectivo fomentar a rehabilitación da vivenda e a renovación urbana, recuperando o patrimonio residencial construído e minorando os impactos no medio, para satisfacer as necesidades de vivenda da poboación, a calidade de vida da cidadanía e dinamizar o sector da construción, aínda que se contempla un incremento do 9,63 %, non se inclúen medidas novas que corrixa a histórica e lamentable falla de execución das cantidades orzamentadas (un 59,5 % no ano 2019).

Pero si grave é o anterior, máis grave é o que ocorre co programa 451B - Acceso á vivenda que ten como obxectivo facilitar o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, atendendo a aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas, seguindo as directrices establecidas no Plan RehaVita e no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021. Este programa, no contexto que estamos a vivir, debería ser unha prioridade fundamental.

Pero é que con respecto ao ano 2020, a previsión para o ano 2021 é dun insignificante incremento do 0,41 %, algo inaceptable nun contexto no que resulta evidente que será máis necesario que nunca o apoio no acceso á vivenda para máis persoas, porque non debería ser necesario recordar que a Constitución española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os Principios Reitores da Política Social e Económica, dentro dos Dereitos e Deberes Fundamentais ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as



condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

Por todos estes motivos, sería moi importante saber sobre a base de que parámetros de demanda existente e potencial se basea a consellería para non dotar de maiores recursos este programa e, o que é máis importante, que medidas vai a adoptar para que as cantidades consignadas cheguen ás persoas que as necesitan.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 17:58:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Estamos diante duns orzamentos que non están á altura da situación que vive Galiza e das necesidades deste momento histórico. As contas da Consellaría de Infraestruturas e Vivenda adoecen de falta de previsión e de planificación e carecen de propostas integrais para dar resposta ás principais necesidades en materia de mobilidade, seguridade viaria, comunicacións e ciclo da auga.

Trátase dun orzamento hipotecado, especialmente no caso da Axencia Galega de Infraestruturas, no que máis de 76 millóns de euros están destinados ao pago aprazado pola construción de xestión das autovías.

No tocante á mobilidade, sufrimos unha visión reduccionista e autolimitante. Non hai visión integral da mobilidade, nin planificación que teña en conta as diferentes modos de transporte e a interconexión entre eles:

- Galiza carece dunha Estratexia integral para a mobilidade sostíbel e dunha lei reguladora da materia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Os orzamentos non contemplan ningunha actuación en materia de coordinación aeroportuaria.

- Non hai previsións sobre o Pacto contra a sinistralidade viaria, que debería articular un conxunto de actuacións de mellora da rede viaria e o calmado do tráfico nas zonas urbanas e travesías.

- Non se inclúe ningunha actuación de fomento do transporte de ría como alternativa ao transporte motorizado.

- Non hai ningunha proposta de fomento da mobilidade natural e nomeadamente da mobilidade ciclista.

- Os orzamentos tamén desisten da intención de asumir desde Galiza a xestión do ferrocarril de cercanías e da creación do Ente Ferroviario Galego.

- Tampouco inclúen previsións para demandar a transferencia a Galiza da AP 9 , nin os estudos necesarios sobre a viabilidade do rescate da concesión.

- Non hai tampouco previsións orzamentarias relativas á transferencia e xestión polo goberno galego de todas as competencias relacionadas coas estradas, o tráfico e a seguranza viaria.

En definitiva, non hai unha política integral e planificada para unha mobilidade sustentábel, saudábel e segura.

No tocante ao transporte público, a elaboración, aprobación e desenvolvemento do Plan de transporte público de Galiza é un proceso cheo de sombras e sospeitas de irregularidades cando non de ilegalidades manifestas. Todo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este proceso caracterizouse desde o comezo pola falta de previsión e planificación, polas prásas e pola preeminencia dos intereses das grandes empresas do sector do transporte público por estrada.

Os presentes orzamentos inciden nos erros de anos anteriores, o que pode derivar en responsabilidades por parte da administración ou na repetición do proceso vivido no ámbito do transporte en ambulancia, no que se produciu o desmantelamento das pequenas e medianas empresas enraizadas no territorio e un elevado nivel de concentración empresarial. Por este motivo, consideramos que a mellor solución debería ser a elaboración dun novo plan de transporte, abrindo un proceso de diálogo e participación con todos os axentes sociais, atendendo aos criterios de sustentabilidade, eficiencia e intermodalidade, á dimensión económica, social, ambiental e territorial da mobilidade, así como ás necesidades presentes e futuras do noso país.

Por último, no que atinxe á xestión da auga e ao organismo Augas de Galicia, os orzamentos carecen dunha visión xeral e dunha xestión eficiente de todo o ciclo da auga e dos recursos hídricos. Mantense o incumprimento do Pacto local da auga (anunciado en 2013). Nos orzamentos tampouco se advirte intención de cumprir os acordos plenarios como o adoptado en 2017 no sentido de establecer criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas así como unha estrutura tarifaria de referencia.

Nos orzamentos tampouco hai partidas suficientes para a elaboración do Plan Xeral de Saneamento previsto na Lei de Augas (2010) e no Regulamento de planificación en materia de augas. E o mesmo acontece co Plan Xeral de Abastecemento, que non conta coas partidas necesarias para a súa elaboración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As contas da consellaría de Infraestruturas e mobilidade tamén carecen dos plans e orzamentos necesarios para dar resposta á grave situación de deterioro ambiental das rías, das concas dos ríos e das bacías fluviais.

Non existen partidas para acometer un estudo interdisciplinar sobre a situación das rías galegas que inclúa a análise da contaminación por vertidos urbanos e industriais, os posíbeis efectos do cambio climático, as causas da perda de produtividade, o impacto das medidas impostas pola UE no marisqueo, pesca de baixura e acuicultura (e alternativas), os efectos de todos estes factores no emprego e na xeración de riqueza, e un plan integral para a rexeneración e o aproveitamento dos recursos naturais, produtivos, turísticos e de lecer.

En definitiva, a falta de planificación e de xestión deriva nunha acción de goberno rutineira, repetitiva e de curtas miras, con partidas que se repiten ano tras ano sen pasar de meros anuncios propagandísticos, como é o caso das tan necesarias variantes urbanas.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 09.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:23:17



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 09. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 9. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

O orzamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade medra para este exercicio 2021 un 21,54 % do orzamento consolidado de gasto, pero cabe destacar que agora esta consellería xestiona o transporte escolar que para este exercicio ten unha dotación de 68.861.052 €, o que explica en boa medida o incremento orzamentario.

Dentro dun orzamento expansivo, todos os grandes compromisos desta consellería teñen compromisos de gasto para futuros exercicios e practicamente nada para o ano 2021, cando debería ser máis doado impulsar infraestruturas historicamente demandadas e sobre os que os sucesivos gobernos do Sr. Feijóo non ten feito máis que promesas incumpridas.



Non podemos deixar de sinalar que dentro do programa 512A de ordenación e inspección do transporte contemplan unha cantidade de 3.332.777 € para estudos en materia de transporte que, se se suma á cantidade consignada xa para este exercicio 2020 e os compromisos para os anos 2022, 2023, e 2024 acada a cantidade de 26.602.252 €, sen xustificar minimamente o que se pretende facer, que obxectivos se pretenden acadar, etc... Tamén aparece neste programa unha partida de 12.000.000 €, sen concreción para “ Nodos de comunicación intermodal (PROXECTO REACT EU).

Con respecto á construción, conservación e explotación de estradas, atopamos unha suba do 4,84 % con respecto a 2020, 11 millóns de euros máis que no exercicio anterior, cantidade insuficiente para reparar a perda de máis de 44, 6 millóns de euros, dun 17 % menos, entre os orzamentos de 2018 a 2020, o que se traduce nunha rede autonómica de estradas autonómicas moi deficientemente mantida, cos problemas que para a seguridade viaria supón ese feito.

Particularmente curiosa resulta a cantidade que se consigna nestes orzamentos para acondicionamento e mellora da rede autonómica, 5.000.000 €, avanzándonos, segundo a propia memoria do orzamento que con este investimento actuarán só en 4 km da rede autonómica.

Dentro dese mesmo programa de acondicionamento e mellora de rede de estradas convencionais, repítense, en moitos casos, como en anos anteriores as



mesmas actuacións e coas mesmas contías, porque nada se executaron en anualidades anteriores.

No relativo á planificación e xestión hidrolóxica, instrumentalizada a través de Augas de Galicia, vemos que a pesar de que aumenta considerablemente, seguen sen atenderse grandes necesidades que beneficiarían a moita poboación, debemos sinalar que o canon da auga ten nestes orzamentos unha previsión de ingresos de 52.100.000 €, o que supón case un 39 % do seu orzamento, canon que sendo recadado e polo tanto con aportación directa da cidadanía. Pese a esa recadación, o orzamento, ao igual que os anteriores, carece de criterios que garantan unha distribución obxectiva e con criterios públicos das cantidades que se invisten nos concellos da comunidade autónoma.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:08:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos previstos para a Consellería de Cultura, Educación e Universidade supoñen unha perda de peso específico desta Consellería a respecto do orzamento 2020. Abonda con analizarmos a distribución orgánica de gastos para se evidenciar que se no ano 2020 o peso desta Consellería tiña un valor relativo do 21.9% sobre o total do orzamento, neste ano o seu peso descende até o 20.5%.

Así mesmo, observamos novamente unha perda de peso relativo nos gastos de persoal desta Consellería que pasan do 58,3% ao 57,8% desatendendo unha vez máis a recuperación dos dereitos salariais e laborais do profesorado.

Entendemos que unha das grandes eivas que se amosou nesta pandemia foi precisamente a da falta de persoal docente para afrontar os retos do ensino público. Unha insuficiencia de persoal que a pesar da gravidade da situación vivida non se aborda neste orzamento. Moi pola contra, o cativo incremento de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

240 profesores e profesoras de educación infantil e primaria amósase a todas luces insuficiente para afrontar os retos que ten por diante o noso sistema educativo no ano 2021.

Para alén desta realidade, atopamos tamén estancamentos en programas como o 422I para Formación e perfeccionamento do profesorado, o 423 B de prevención do abandono escolar ou reducións orzamentarias para as bibliotecas escolares e o fomento da lectura, que resultan absolutamente inexplicábeis nun contexto educativo marcado pola covid-19.

Xa no que ten a ver coas universidades, un ano máis se prorroga o orzamento sen negociación dun Plan de Financiamento para as Universidades Galegas. Unha demanda urxente do propio sector; como urxente é o incremento da partida para investigación universitaria que fica reducida a 67 M€.

Asemade, se afondamos no eido da cultura, ollamos tamén que a pesar do gravísimo impacto que a pandemia está a ter nos sectores e axentes culturais galegos, non se produce un incremento orzamentario capaz de facer fronte á situación que están a padecer. Nin se contempla actuación ningunha coa cultura de base, nin coa primeira fase da industria cultural (o coidado do proceso creativo) e préstase escasísima atención tanto ao ámbito da internacionalización cultural e lingüística como á recuperación e mantemento do patrimonio material.

A normalización da lingua galega é outra das grandes esquecidas neste orzamento. E a pesar dun teórico incremento relativo do 53,5% (que en absoluto vén compensar as perdas dos exercicios anteriores) novamente ollamos que estes fondos destínanse a programas nos que a normalización da lingua galega ocupa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un papel secundario ou mesmo subsidiario e, en troques, perpetúase un descenso do 4,5% en partidas importantes para o labor normalizador, coma o capítulo de persoal.

Estamos, en definitiva, ante un orzamento rutineiro e falta de ambición para co noso país, que non afronta boa parte das necesidades e problemas nin da comunidade educativa, nin da universidade, nin dos axentes e sectores culturais.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 10.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:23:37



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 10. Cultura, Educación e Universidade**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 10. Cultura, Educación e Universidade

O proxecto de orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade non dá resposta ás necesidades extraordinarias ás que debe facer fronte o sistema educativo galego, tanto no ámbito non universitario como universitario, nin no eido cultural e de protección do patrimonio.

E isto é así porque detrás do incremento absoluto que sitúa á Consellería de Cultura, Educación e Universidade entre as que máis incrementan os seus orzamentos, o certo é que é das que menor incremento porcentual experimentan, de feito a menor tras a Consellería de Facenda e Administración Pública.

No ámbito educativo, o proxecto presenta importantes eivas, que se poden resumir do seguinte xeito:

1. O plan de reparacións, ampliacións e melloras (RAM) segue sen dotación suficiente e converte calquera mínima actuación nun parque de edificios cada vez máis necesitado delas, nun auténtico rosario de dificultades.



2. Non se contemplan actuacións para mellorar a eficiencia enerxéticas nos centros de educación especial, nin nos de ensinanzas artísticas nin réxime especial.
3. Seguen a consolidar a histórica falla de compromiso coas ensinanzas de réxime especial cando deberan reverter, aproveitando o incremento orzamentarios, a tendencia. De feito, existen notables incongruencias como triplicar en programas de promoción das ensinanzas musicais a previsión de gasto en actuacións de mellora nos edificios.
4. Non se incorporan medidas específicas que garantan que a execución do programa de prevención do abandono escolar, máis necesario que nunca no actual contexto, acade cifras similares ao do resto dos programas que configuran o orzamento.
5. A dotación para formación do profesorado pasa de 2.404.800 € a 2.428.125 €, un incremento de 23.325 € (o 0,96%) cando máis necesario é apostar pola formación do profesorado para facer fronte ás novas necesidades de uso de plataformas educativas.
6. Non existe o máis mínimo compromiso cos concellos; xa non é que non se lles axude cos incrementos de gasto asociado ás tarefas de limpeza e desinfección, aínda que fose de maneira incompleta, é que non se incrementa nada a cantidade consignada no ano 2020: 900.178 €.
7. Se da unha relación de novos centros para os que o único que existe é orzamento para a redacción dos proxectos de construción dotados con



50.000 €; é o caso dos novos CEIP de Pazos de Rei en Tuy, en Ames e en Arteixo, así como a ampliación do CIFP Valentín Paz Andrade en Vigo ou o novo IES en Vigo.

No ámbito universitario, deben destacarse os seguintes aspectos:

1. O incremento nos Orzamentos é mínimo, un 1,82%, e mesmo negativo se imos ao peso relativo; concordando coa existencia dunha partida de 10 millóns para a dixitalización e innovación do Sistema Universitario Galego , pero ese é o único incremento que existe nun ano marcado pola pandemia, cun esforzo inxente por parte das universidades públicas galegas para poder comezar este curso.
2. Particularmente grave resulta que precisamente nun ano coma este a partida dedicada ás bolsas ao alumnado universitario segue conxelada; en contraposición os Orzamentos Xerais do Estado inclúen os maiores recursos para bolsas da historia, cun aumento de máis de 500 millóns.
3. En investigación universitaria repítese o patrón: un peso relativo dun - 0,03 %. A aposta pola formación e retención de talento investigador é inexistente. Logo de non convocar este ano o programa de axudas á etapa posdoc, comprobamos que no ano 2019 logo dunha baixada de case 10 millóns no orzamento definitivo , executaron só o 78 %.

Finalmente, en canto á cultura e lingua galega, estes orzamentos seguen na liña de non presentar posibilidades de recuperación e fortalecemento xa que:



1. O fío argumental destes orzamentos en materia cultural é a Estratexia Cultura Galega 21 (ECG21) aprobada en 2019, do que xa o advertiamos o pasado ano: moi boas intencións, pero en realidade é un documento baleiro. Pese ao incremento, o orzamento segue sen achegarse a ese 1% do total dos Orzamentos, e segue a ser case a metade do que se destinaba en 2009 (162 millóns de euros).
2. En canto á lingua, máis do mesmo. O forte incremento en Normalización Lingüística prodúcese, porque é aquí onde inclúen o Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21 (FondoX21), un fondo que desaparecerá loxicamente en 2022. Ningunha medida nova. De novo só o Xacobeo.
3. Sobre patrimonio, queda todo dito con ese 1,05 % de incremento total. Continúan co abandono máis absoluto de protección do noso patrimonio que non teña a ver co Camiño de Santiago e co Xacobeo. O noso país adoce dunha política comprometida en materia de patrimonio, e lamentamos que iso sexa así porque as consecuencias deste abandono serán xa irreversibles.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:08:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Emprego e Igualdade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos do 2021 van estar, obviamente, marcados pola covid-19, e necesariamente deben ser un orzamentos encamiñados a afrontar as consecuencias da pandemia e a grave crise económica e social que se aveciña.

É imprescindible no novo contexto de crise económica e social, poñer o foco nas áreas de emprego e igualdade. Pero ese protagonismo, para ser real e efectivo, debe ir acompañado dun respaldo orzamentario contundente. É vital que a Consellería de Emprego e Igualdade amose unha estratexia clara e contundente dende o punto de vista cualitativo e cuantitativo.

Dende o punto de vista cuantitativo, é innegable que a Consellería viu incrementado, neste Proxecto, o seu orzamento respecto ao 2020 nunha porcentaxe importante, pero para nós insuficiente. Porque ese incremento hai que poñelo en relación con case unha década de recortes e falta de investimento neste campo, que sen dúbida minimiza o efecto positivo do incremento orzamentario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E dende o punto de vista cualitativo, entendemos que é fundamental acertar co destino final do esforzo orzamentario, priorizando ás/aos que sofren máis directamente as consecuencias da crise.

I. IGUALDADE

A covid-19 provocou unha crise xeral que, dende o punto de vista mediático, solapa problemáticas que afectan a sectores ou a grupos máis concretos da nosa sociedade, pero que non por iso poden ter menos importancia na previsión e actuación das administracións. Este sería o caso da discriminación por razón da orientación sexual e/ou a identidade de xénero e tamén a violencia machista.

A covid-19 supuxo un parón en seco dos custosísimos e sempre insuficientes avances acadados nestes temas, o que fará necesario unha maior implicación e aposta dende a administración para, non só seguir avanzando, senón incluso para cando menos mitigar o máis que probábel retroceso que se vai producir nestes eidos como consecuencia da “nova realidade” xerada pola covid-19.

E non cabe dúbida algunha que serán as mulleres as que máis sufran as consecuencias negativas desta crise.

Por un lado, pola máis que seguro retroceso e perda de dereitos laborais (en forma de feminización de determinados traballos como os coidados, precarización en forma de salarios máis baixos ou o aumento da fenda salarial); e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pola agudización de problemas que xa antes da pandemia sufrían as mulleres para acceder ao emprego tanto por conta allea coma no caso do emprego autónomo.

De aí que consideremos imprescindible un Plan Especial de loita contra o retroceso e a perda de dereitos laborais e no acceso ao emprego polas mulleres, que non se contempla especificamente, neste Proxecto de Orzamentos presentados pola Xunta, en contía suficiente.

E por outro lado, mención aparte merece a cuestión da violencia de xénero, que se agravou especialmente nesta época de confinamento. A violencia machista non só non desapareceu coa covid-19, senón que continúa producíndose nun contexto marcado por meses de confinamento e restrición da mobilidade que a agravan. Todo isto esixe un especial tratamento e sensibilidade maior por parte da nova Consellería de Emprego e Igualdade. O agravamento provocado pola pandemia da situación na que se atopan as mulleres que sofren violencia machista esixe unha resposta específica e contundente por parte da Xunta.

II. EMPREGO.

O do emprego constitúe outro dos eidos nos que a actuación da Xunta debe ser prioritaria. Son necesarios unha estratexia clara e uns orzamentos potentes neste campo, para afrontar a crise económica e social que se albisca.



Se ben as consecuencias da pandemia afectaron a moitos sectores da sociedade, os seus efectos foron moito máis graves en sectores coma o dos autónomos e concretamente no sector da hostalería e negocios asociados.

A hostalería, restauración e ocio nocturno sufriron dende o minuto un da pandemia necesarias restricións de actividade por motivos sanitarios, que lles provocaron importantísimas perdas e sobre todo, a imposibilidade de traballar e facturar. Atopándose a día de hoxe nunha situación crítica. O peche destes negocios ten un claro “efecto arrastre” sobre outras liñas de negocio asociadas (coma provedores, empresas de servizos, limpeza...), cun gran peso na nosa economía.

Para aqueles que na primeira vaga viron restrinxida a súa actividade, ou mesmo imposibilitada, seguíronse devengando gastos correntes xerados polos seus negocios, que non foron compensados con axudas directas por parte da Xunta (a pesar que a práctica totalidade das CCAA si articularon liñas de axudas directas dende a primeira vaga). E as decisións adoptadas neste senso no mes de novembro non poden facer esquecer (nin compensan) as perdas que carrexan e acumulan estes negocios durante nove meses sen axudas.

Así pois, faise vital actuar neses sectores con un Plan urxente de apoio aos autónomos que sufriron máis gravemente as consecuencias da covid-19 e articular un Plan específico de rescate da Hostalería e negocios asociados.

A situación vai empeorar no momento en que se levanten o ERTES, e moitas galegas e galegos corran o risco de perder os seus traballos. Tamén aí será necesaria unha actuación moito máis decidida, tamén no cuantitativo, da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellería de Traballo. Entendemos que os orzamentos neste concreto aspecto non son o suficientemente ambiciosos para poder afrontar esa situación.

E a todo isto habería que sumarlle o que ben sendo unha tónica habitual en Emprego: a baixa execución de programas de fomento do emprego. No ano próximo e nos seguintes será moi importante que se execute ata o último céntimo dedicado ao fomento do emprego.

En resumo, consideramos estes orzamentos, no relativo á Consellería de Emprego e Igualdade como pouco ambiciosos. Cuantitativamente, despois de anos de recortes e falla de investimentos, carecen da contundencia que vai esixir afrontar a nova situación. E cualitativamente, adoecen da profundidade e concreción que son vitais para determinados sectores.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 11.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:24:01



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 11. Consellería de Emprego e Igualdade**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 11. Consellería de Emprego e Igualdade

Nun contexto como o actual, en plena pandemia e cunhas consecuencias aínda imprevisibles, o orzamento dedicado a políticas de igualdade resulta extraordinariamente decepcionante; a poucos días da conmemoración do Día Internacional contra a violencia machista se presenta un orzamento para políticas de igualdade e de protección e apoio a vítimas de violencia que supón o 0,26 % dos orzamentos da Xunta de Galicia, unha porcentaxe aínda menor que o pasado exercicio, e iso dentro dun orzamento claramente expansivo, o que fai máis grave a falla de compromiso con estas políticas.

Non se presenta ningunha acción nova de calado nun ano marcado pola COVID e que tivo, como sabemos, unha especial incidencia nas mulleres, que asumiron o custe desta pandemia no ámbito laboral e dos coidados: mulleres que tiveron que deixar os seus postos de traballo ou reducir os seus salarios para dedicarse aos coidados durante o confinamento ou que tiveron que compartir teito co seu maltratador durante meses.



Unha análise sinxela dos programas que sustentan as políticas ás que nos estamos a referir evidencia que:

1. O programa de apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección (312G), pese a ter un incremento porcentual do 41 %, ten unha dotación de 800.000 € máis que no ano 2020, e iso nun orzamentos que experimentan un incremento de máis de 1.1000 millóns de euros. Resulta complexo atopar un só argumento que defenda tan escaso incremento cando a demanda da sociedade vai en sentido contrario.
2. No caso das accións para a igualdade, protección e promoción da muller (313B) os argumentos son idénticos aos anteriores, cun incremento de pouco máis de 1,3 M€, o que supón un 15 % de incremento.
3. Si todo o anterior non fora suficiente, o programa de protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero incrementábase en 430.000 € sobre unha infradotación no ano 2020 de 14,2 M€. E isto cando se veñen de presentar os informes de violencia de xénero e violencia sexual, cun fortísimo incremento nos últimos cinco anos destes delitos e coas consecuencias dos meses de confinamento aínda por avaliar.
4. Como dato tamén revelador, a preocupación polo colectivo LGTBI directamente non existe; 21.000 € dedicados a este movemento asociativo para todo 2021 dino todo.



Resulta evidente que o intento de potenciar a igualdade ao incorporar esta denominación a unha consellería do Goberno non encontra coherencia nos orzamentos desa consellería.

En relación co orzamento de emprego constatamos que non incide na mellora do mercado laboral , incluso cun orzamento excepcional coma o actual.

Cun orzamento que debería estar deseñado para un período excepcional como o que estamos a vivir provocado pola crise da Covid 19, e con graves consecuencias no mercado laboral o orzamento respecto o ano anterior so aumenta nas partidas de mellora e fomento da empregabilidade (Programa 322A) nun 2,92 % e no programa de formación profesional para desempregados (programa 343A) que se incrementa nun 1,24 %, perdendo ambas partidas peso relativo respecto o ano anterior, partidas que en anos anteriores tiveron niveis de execucións máis que cuestionables.

Datos inadmisibles si consideramos que a pandemia chega ao mercado de traballo de Galicia nunha situación de máis debilidade que o conxunto do Estado. Son múltiples os indicadores que apuntan a que seguimos sen recuperar as cifras de 2008 doce anos despois.

- En 2019 o traballo en Galicia segue sen recuperar o 14,8 % das horas habituais existentes en 2008, fronte a perda do 7,9 % de media no Estado. Estas horas habituais perdidas equivalen a 177.844 postos de traballo a xornada completa.



- O número de empresarios con asalariados caeu en Galicia un 26,6 %, hai 22.602 empresarios menos, fronte ao 20,2 % de diminución no Estado.
- Os traballadores independentes diminuíron en Galicia un 15,3 %, hai 25.359 menos, fronte a diminución dun 5,8 % da media estatal.
- A taxa de precariedade en Galicia en 2019 é do 26,6 %, 2,6 puntos máis ca media estatal.
- Nese mesmo período o número de persoas paradas aumentou en 32.309, un 28,4 % fronte ao 25,1 % da media estatal.
- A caída do emprego da mocidade entre 16 e 29 anos foi do 49,4 %. Actualmente están ocupadas a metade dos mozos que traballaban en 2008. No Estado a perda é nove puntos menos.
- Se miramos como evolucionou a fenda salarial en Galicia entre 2009 e 2019, a paridade non se acadará ata dentro 105 anos no ano 2124 coa mesma evolución. No conxunto do Estado será 25 anos antes, en 2099.

Todo o anterior constitúe unha radiografía da situación galega sobre a que estes orzamentos non van a introducir mellora algunha relevante.





Tampouco se introducen garantías en canto á execución das cantidades consignadas; analizando o que ten pasado cos orzamentos dos catro últimos anos, dende 2016 a 2019, nos últimos catro anos deixaron sen gastar en políticas de emprego unha media de 127,8 millóns de euros, o 40'5 % do investimento previsto. Nada fai prever unha inversión desta tendencia que evidencia unha mala planificación e peor xestión.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:08:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Sanidade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos mostran a folla de ruta do goberno que os presenta; teñen que servir para solucionar os problemas que ten a xente, deberían reflectir que o goberno toma nota de cales son os grandes problemas que teñen @s galeg@s e actúa a través dos orzamentos para solucionarlos.

Estes orzamentos para o ano 2021 preséntanse nun contexto de enorme preocupación, nunca até agora vivido. A pandemia ocasionada polo covid-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario, nos que se veu sometido a un ataque programado desde o Goberno galego, que provocou un tremendo deterioro das condicións de traballo e da calidade asistencial.

A covid-19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como clave de bóveda, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Nun momento de maior capacidade de gasto, pola estimación da achega de recursos extraordinarios do Estado español e da Unión Europea, e no medio da maior pandemia sanitaria que coñecemos o orzamento para sanidade medra por debaixo da media 12,3% fronte ao 13,8 do conxunto do orzamento, 1,5% por baixo; tamén baixa a súa posición relativa no conxunto do orzamento, paso do 33,8% ao 33,5%; xa que logo, non é a máxima prioridade nin van reverter os fortes recortes dos últimos 11 anos.

Cando sería precisa unha auténtica aposta pola sanidade pública para afrontar con garantías a pandemia, segue tendo 45 millóns de € menos que en 2009 (-3,16%) e o recorte acumulado é de 2.381.721

O orzamento para Atención Primaria confirma a folla de ruta do PP, medra un 2,5% menos que a media do orzamento, e menos que a atención hospitalaria, 7,45% fronte a 13,06%. Ten un 13,13% menos do que tiña en 2009, 2000 millóns de euros acumulados menos. Unha aposta clara polo hospitalcentrismo, concentración do gasto nos grandes hospitais para así facilitar a privatización.

Estes orzamentos non conteñen contías para solucionar os problemas de persoal, nin para recuperar os acordos retributivos paralizados desde hai 10 anos, nin rematar coa precariedade e temporalidade na contratación. Non contempla medidas para facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, para evitar que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou marchen fóra, medidas alternativas aos contratos de continuidade que teñen moi escasa aceptación pol@s profesionais @s que en teoría van destinados.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar, e a pesares desa realidade que sofren miles de galegos e galegas non se contemplan medidas destinadas a baixar as listas de espera.

A saúde mental segue sendo a gran ausente nos orzamentos, O Presidente da Xunta, tras 11 anos de goberno, anunciou un Plan de saúde mental pos-covid-19, cun investimento de 83 M€ en catro anos, mais a realidade é que no proxecto de orzamentos da Xunta para 2021 a contía para saúde mental apenas supera o millón de euros, en pleno impacto da pandemia na saúde mental da poboación. A este ritmo, o plan non sería a catro anos, senón a oitenta, cando o que se precisa é unha intervención pública rápida e urxente para garantir este tipo de atención sanitaria.

Seguen destinándose grande cantidade de recursos para pagar prestacións sanitarias con recursos alleos. As chamadas colaboracións público-privadas seguen lastrando o orzamento, millóns de euros en cánons polo hospital de Vigo e a alta tecnoloxía que detraen recursos para outros investimentos.

Nun contexto de pandemia como o actual a promoción e prevención da saúde, os servizos de medicina preventiva, terían que ser unha das prioridades, mais non se reflicten partidas acordes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os orzamentos de sanidade para 2021 son unha total continuidade é nada novo para a sanidade pública, é absoluto continuísmo a pesares da situación extraordinaria na que nos atopamos.

Neste orzamento non se introduce ningún elemento para combater os graves problemas que tiña a sanidade pública, nin os derivados da pandemia ocasionada pola covid-19.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 12.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:24:27



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 12. Consellería Sección sanidade. Servizo Galego da Saúde**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

12. Sección sanidade. Servizo Galego da Saúde

Os orzamentos de sanidade deben ser rexeitados na súa totalidade por diversas cuestións, fundamentalmente en dous planos: por un lado está a definición política de prioridades e apostas de transformación; por outra banda sitúanse as puramente orzamentarias, en termos de axuste, presentación de orzamentos e cuestións de distribución de fondos. En ningún dos criterios estes orzamentos son os necesarios para Galicia.

A suba xeral dos orzamentos, froito dos fondos do Estado e da UE que se achegan a Galicia, eleva case nun 14 % os orzamentos autonómicos. A comparativa entre os orzamentos de 2020 e 2021 ofrece un aumento para sanidade de algo máis dun 11,5 % (478 millóns de euros sobre 4.109 millóns do orzamento 2020) o que fai perder peso relativo a esta consellería no conxunto dos orzamentos.



A Atención Primaria aumenta a súa partida en 96 millóns de euros, menos dos aumentos sequera anunciados para a aplicación das medidas de suposta mellora do modelo de AP. Este aumento, dun 7,45 %, esencialmente, vai destinado ao incremento salarial estandarizado no persoal público, polo que a súa repercusión real no sistema de Atención Primaria é extremadamente relativo.

Nesta situación de pandemia, dada a relevancia da atención primaria e a previsible campaña de vacinación contra a COVID do ano 2021, que será a máis grande e importante da nosa historia, un aumento deste nivel supón unha nula aposta real por reforzar o nivel de maior influencia na sanidade cotiá da nosa poboación; un 7,45 % cando o conxunto do sistema sanitario o fai en máis dun 11,5 % e o conxunto global de todo o orzamento autonómico está practicamente no 14 %, evidenciando que as prioridades establecidas non están en relación coas necesidades reais. Así, dentro da atención primaria, o aumento estimado nos orzamentos de persoal para este nivel asistencial está soamente en 87 profesionais máis, de todas as categorías e para toda Galicia (8448 en 2020 a 8535 en 2021), o que resulta a todas luces insuficiente. Os innumerables anuncios e proclamas realizadas sobre incrementos de persoal para a atención primaria tradúcense, ao final, en unicamente 87 prazas nun nivel asistencial que está no entorno dos 8.500, destacando que o aumento en persoal para atención primaria no orzamento de 2020 foi tamén de 87 profesionais máis respecto aos orzamentados en 2019, polo que pódese deducir que a consellería valora de maneira igual a actualización de necesidades en primaria dun ano a outro.



En termos xerais de persoal e política de RRHH cabe salientar o recoñecemento, na memoria dos orzamentos de sanidade, de que haberá en 2021 unha “implementación dun plan de continxencia COVID-19 en materia de recursos humanos” o que, de ser certo e se iniciase xusto ao principio do ano, chegaría con máis de 10 meses de retraso sobre o inicio da pandemia.

No que corresponde ás infraestruturas, cabería destacar especialmente o referido, tamén aquí, á Atención Primaria, xa que non existen partidas específicas para practicamente ningún centro de saúde de todo o territorio, limitándose a facer mención a memoria sobre algunhas necesidades que, ademais, obvian algunhas demandas necesarias existentes. De maneira concreta, resulta desesperanzador a existencia de anuncios repetidos respecto do ano pasado como a “finalización do centro de saúde de O Saviñao”, que xa se incluía como tal nos orzamentos do ano anterior, o que evidencia un incumprimento que neste ano tampouco ten partida concreta polo que non pode ser fiscalizado. No mesmo sentido, pero en dirección oposta, existe unha inmensa falta de concreción sobre os centros de saúde que deben ser reformados, ou as novas construcións, non existindo apenas concreción nestes puntos, polo que non poden ser tidos en conta de maneira real. Así, os anuncios sistemáticos e repetidos da construción de novos centros de saúde non se corresponde co que os orzamentos amosan, existindo unha contradición interesada que evidencia unha política falaz neste punto. Tampouco son ben parados neste orzamento os hospitais comarcais de Galicia, con investimentos mínimos que non teñen percorrido máis alá de mínimas aportacións, pero non transforman a necesaria atención próxima que deben prestar, reducida dende a retirada de áreas sanitarias tras a reforma da Lei de saúde da lexislatura pasada. O orzamento total que os



orzamentos sinalan en partidas específicas para os centros hospitalarios comarcais está no entorno do 10 millóns de euros, cando estes mesmos orzamentos apuntan máis de 9 para o centro integral de saúde de Lalín (gasto que non se poderá executar nun só ano pero que se orzamenta igualmente), a pesares de ter sido un investimento rexeitado polo Goberno nos últimos anos contra as peticións do PSdeG de apostar por este necesario centro.

De maneira reiterada, o Consello de Contas alerta nos seus informes sobre os orzamentos autonómicos, e especificamente sobre o que corresponde ao área de sanidade, de diversas irregularidades. Apunta, en informes recentes, que “o sistema de control interno amosa limitacións” ou que o SERGAS continúa sen implantar un sistema integral de contabilidade tal e como esixe o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia”.

En continuación coas advertencias anteriores apúntase nos informes do Consello de Contas de erros na planificación sobre a orzamentación que, sistematicamente, inclúen partidas que se amosan erróneas e necesitan de notoria dotación extra, o que fai difícil a fiscalización e o seguimento dun orzamento público. Isto ocorre, entre outras, de maneira destacada en partidas dedicadas a farmacia ou tratamentos ortoprotésicos, que chegan a duplicar as contías iniciais diversos anos seguidos.



Por outra banda, existe unha anomalía nos orzamentos (xa apuntada polo Consello de Contas tamén) como é a inclusión do fondo de continxencia dentro das partidas asistenciais porque é dedicado, integramente, á contratación de persoal eventual e precario. Non en tanto, e seguindo o seu obxectivo, o fondo de continxencia está incluído en todas as partidas das demais consellerías da Xunta de Galicia como unha partida propia, como é natural. Non é así na Consellería de Sanidade e resulta sorprendente, sen que exista unha explicación para elo. A maiores desta inconsistencia, cabe destacar que o fondo de continxencia do SERGAS replica, exactamente, a mesma contía que o ano anterior, o que redundará sobre a expresión de que os orzamentos non responden á situación de excepcionalidade sanitaria que estamos a vivir, e tamén reforza a idea de que o fondo de continxencia non se utiliza para imprevistos ou continxencias necesarias, que é a súa función, senón para gastos absolutamente previstos e estimables previamente, o que contradí absolutamente a súa condición e natureza.

Noutra orde de cousas, o aumento inevitable na partida de investigación sanitaria (tras o descenso 2019-2020 de máis dun 11 %) ten apuntes específicos. Se ben aumentan as partidas dedicadas a persoal, continúan sen aparecer nos orzamentos as fundacións de investigación dependentes da Consellería de Sanidade, que impiden analizar os seus orzamentos. Estas fundacións non presentan contas nin é posible analizar a situación na que se atopan, o que engade unha anomalía aos orzamentos.





Ademais do sinalado, redúcense notoriamente os investimentos reais nos órganos que si están amosados nos orzamentos, un 28,1 % na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e un 12,7 % a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:08:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, da Consellería de Política Social e de todos os organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021,** polas seguintes razóns:

Malia que o orzamento da Consellaría de Política Social para 2021 se incrementa, en termos xerais, o 15% a respecto do exercicio anterior, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego cremos que estas contas son insuficientes e non vemos reflectido nelas medidas que son fundamentais no contexto actual marcado pola pandemia da covid-19 e os seus efectos.

Neste senso, valoramos positivamente, por exemplo, que se blinden os fondos da Renda de inserción social de Galiza (RISGA), 64 millóns de euros, atendendo ás demandas das entidades e colectivos sociais que traballan con persoas en situación de pobreza e risco de exclusión.

Así as cousas, desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que é necesario e urxente introducir as reformas normativas necesarias para que a RISGA non só sexa compatíbel con outras prestacións da súa natureza senón que debe encamiñarse a unha verdadeira Renda galega de inserción social e laboral pois, como acontece noutros ámbitos, a emerxencia sanitaria e as profundas consecuencias sociais e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económicas que derivan dela, urxen políticas que vaia alén da resposta á pandemia para sentar as bases dun cambio de modelo nas políticas sociais do noso país.

A covid-19 fixo visíbel o invisíbel, os problemas estruturais e as eivas, carencias e deficiencias dun modelo, especialmente de coidados, convertido en nicho de negocio para un feixe de empresas e sostido sobre o lombo das mulleres con traballo non remunerado e/ou condicións laborais precarias.

O Servizo de Axuda no Fogar, a atención á dependencia, os centros de día, as residencias de maiores e centros de discapacidade... o denominado cuarto alicerce do estado do benestar precisa de investimentos e políticas decididas que garantan os dereitos das persoas usuarias e traballadoras artellando un verdadeiro sistema público de atención ás persoas que non recollen estes orzamentos.

E é que:

- O proxecto de orzamentos non prevé recursos económicos adicionais para materializar o tan anunciado novo modelo de residencias. Así, as partidas destinadas ao funcionamento de centros públicos para maiores apenas se incrementan e o aumento vai dirixido ao mantemento das residencias integradas e o subministro de material covid mais non a corrixir as deficiencias do actual modelo residencial.

- O incremento do orzamento dirixido ao Servizo de Axuda no Fogar responde ao aumento de horas e persoas usuarias que accederán en 2021 a este servizo, porén, a aportación do Goberno galego manterase nos 9,70 euros por hora prestada malia ser unha contía totalmente insuficiente para garantir a máxima calidade, a comezar polas condicións laborais das súas traballadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- As transferencias a corporacións locais para o reforzo dos servizos sociais comunitarios así como partidas que cobran especial importancia no contexto actual, mantéñense a respecto de 2020 ou incrementáanse moi por baixo da media xeral da Consellaría. Por exemplo, o programa de mellora da coordinación na loita contra a desigualdade, o de accións específicas de inclusión social ou o da rede de atención temperá.

Así mesmo, o proxecto de orzamentos mantén conxelado o complemento autonómico das pensións non contributivas, un subsidio co que sobreviven 38.000 persoas en Galiza e cuxa contía se sitúa moi por baixo dos ingresos mínimos (395,60 € e 593,40 €) nun contexto como o actual no que a consolidación da pobreza previa á pandemia se ve agravada polas consecuencias económicas da crise sanitaria.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 13.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:21:07



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 13. Política Social**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 13. Política Social

A Consellería de Política Social experimenta un incremento do 15,39 % no orzamento consolidado para 2021, o que supón 119 millóns de euros, incremento que se debe ás transferencias do Goberno do Estado e dos Fondos extraordinarios procedentes da Unión Europea.

De todos os xeitos, facendo unha comparativa dos programas orzamentarios dedicados a acción social e promoción social vemos como algúns experimentan incrementos moi cativos que non dan resposta ás necesidades das persoas máis vulnerables, tal e como fixo o Goberno de España, encabezado por Pedro Sánchez, promovendo o Ingreso Mínimo Vital que xa está a permitir que os fogares beneficiados poidan desenvolver unha vida digna ao momento da inserción no circuío laboral e social plenamente.

Esta consellería ten competencias en ámbitos fundamentais en calquera contexto ordinarios, aquelas que se corresponden aos servizos sociais, incluíndo



as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

Si cruciais para o desenvolvemento do estado do benestar son esas políticas, no contexto actual son aínda máis importantes. E isto é así porque a concordancia entre as declaracións que se poden facer sobre as intencións de desenvolver determinadas políticas e o que se fai atópase nos orzamentos públicos, pero tamén no seu grao de execución; non se trata só de consignar cantidades concretas, máis ou menos elevadas, se non da xestión que se leve a cabo desas cantidades.

É fundamental contextualizar o momento no que estamos inmersos. Nunha pandemia a nivel mundial sen precedentes, na que os presupostos dunha Administración autonómica, tendo en conta as competencias atribuídas en materia social, deben manter un carácter excepcional.

Obsérvase de xeito inmediato que nuns orzamentos expansivos tamén o son os da Consellería de Política Social, pero tamén se observa un incremento que poderíamos chamar asimétrico, co que non podemos estar de acordo.

Si concordamos co incremento que se observa en programas como o dos servizos sociais relativos ás migracións (312C) e a atención a persoas maiores e con discapacidade (312E), que experimentan un 20,56 % e un 103,75 % de



incremento respectivamente, debemos rexeitar o escaso incremento comparado noutros igualmente esenciais como os de protección e inserción social (312A) e atención ás persoas dependentes (312D), con incrementos do 4,33 % e 9,54 %, moi lonxe dos anteriores.

Ademais, como se indicaba anteriormente, si sempre as execucións orzamentarias son un indicador importante, e un nivel de execución máximo un obxectivo irrenunciado, no caso desta consellería os niveis de execución deberán ser sempre máximos.

Non se observan no proxecto de orzamentos presentado medida algunha, nin reparadora nin moito menos correctora, que garanta un cambio de tendencia na execución orzamentaria plena dunha consellería con competencias como esta.

Analizando feitos moi concretos, e a modo de síntese do que as anteriores cifras supoñen, poderíamos resaltar dous paradigmáticos:

- Por outro lado, nun momento no que está en trámite parlamentario o proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia, observamos neste orzamentos unha falta de transversalidade e coordinación entre as propias consellerías do Goberno autonómico, tendo en conta que non é viable unha lei para o reto demográfico e presentar uns orzamentos pobres para o rural e a xuventude. En concreto a partida orzamentaria específica de fixación de poboación no medio rural baixa un 10,58 % e a específica para xuventude tamén baixa, nun contexto galego no cal perdemos máis de 50.000 mozos e mozas na última década que emigraron.



Evidentemente este tipo de políticas incoherentes non fan previsible acadar as finalidades para as que están, ou deberían estar, deseñadas.

- Así mesmo resulta preocupante a redución de partidas orzamentarias dedicadas á conciliación, xa que a partida do bono concilia redúcese case á metade. Este é un recurso que da soporte ás familias que quedan sen praza de gardería pública, sobre todo tendo en conta un contexto particular no que a conciliación é primordial.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:08:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, Consellería do Medio Rural, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

A covid-19 marca a lume o ano 2020 e condiciona as relacións sociais, laborais, empresariais... e en definitiva o presente e o futuro do pobo galego. Os orzamentos presentados para o ano 2021 deberan levar a marca da necesaria recuperación sanitaria e social e deberan ser freo do deterioro da economía e trampolín necesario para unha nova realidade mellor cá anterior ó estado de alarma e ás consecuencias futuras da pandemia que aínda sufrimos.

Neste contexto resulta desalentador ver como a Consellaría do Medio Rural presenta un documento de orzamentos que en pouco ou nada ten en conta esta circunstancia á hora de desenvolver o seu programa de investimentos e traballo para o vindeiro exercicio e preséntasenos, pola contra, unha planificación totalmente continuista coa de anos anteriores.

Sorprende así ver poucos investimentos na sección 14 que poidan estar vencellados, *a priori*, cos grandes proxectos tractores publicitados reiteradamente nos medios de comunicación. Sorprende tamén tanto bombo publicitario e pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contra tanto escurantismo arredor dos aspectos concretos destes proxectos. Todo isto da moito que desconfiar.

No estado de alarma e no tempo posterior, o rural compórtase dun xeito diferente ó resto dos ámbitos poboacionais. Aмоса unha maior resiliencia ó contaxio, unha menor presión no confinamento e unha aceptable continuidade nos traballos agrícolas e gandeiros. Non esquecemos, non, o impacto negativo sobre sectores primarios coma a carne, o queixo, a flor cortada, a planta ornamental, a horta... Froito, ademais do Horeca, da curta visión das autoridades políticas que primaron as cadeas comerciais e os hiper e supermercados sobre os mercados locais e feiras. Foi isto froito dunha manifesta covardía e paletismo no seu sentido estrito.

No rural a pandemia deixa ó descuberto o deterioro dos seus servizos públicos e as fondas carencias en cobertura tanto de telefonía coma en banda ancha. Aмоса claramente un territorio en deterioro crecente que perde poboación de xeito acelerado.

Cremos preciso centrar o desenvolvemento do medio rural en proxectos sustentábeis que redunden na viabilidade do medio e sirvan para fixar poboación. Isto mesmo despréndese das resolucións do “Informe do Comité de Expertos Económicos de Galiza para afronta-la crise provocada pola COVID-19”. Este informe, no seu apartado 60, determina que o rural galego debe de ser un dos piares da reactivación económica da comunidade. Neste entorno, de entre as medidas que propón, destacan o fomento da agrosilvicultura, a recuperación de terras produtivas (SAU), a promoción dunha xestión forestal activa,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afortalamiento das estruturas de comercialización da nosa produción agraria e a aposta polo valor engadido.

Pola contra, uns orzamentos, coma os que nos ocupan, que non parten dunha análise rigorosa e real da situación deste medio non poden ser solución ós seus males xa endémicos. E así un ano máis, (van 11 seguidos), sen reflexionar nin tentar poñer remedio a un territorio cunha SAU dun 21% que lle poida dar certa soberanía alimentaria e que estruture a sociedade nun todo desexable de equilibrio e de utilidade nos que individuo a individuo e grupo social por grupo social se sintan participes e participados do todo canto a nación dos galegos debe significar. Esta pandemia deixou ve-la necesidade de que este noso País debera ter esa soberanía xa mentada que lle permitise o abastecemento de bens de primeira necesidade.

Pola contra o que se desprende destes orzamentos é a fixación do goberno do PP na expansión do ámbito forestal e a suposta recuperación económica en base á ampliación da superficie forestal e á intensificación da mesma. Moito nos tememos, ademais, que esta expansión forestal vai pivotar sobre especies alóctonas cun fraco valor engadido e cuns custos medioambientais moi elevados.

A desestruturación da nosa economía vese así agravada por un sector primario cunha única preocupación do forestal de inframadeira en expansión constante, o agrogandeiro en retroceso tamén constante, e unhas cantas IXPs coas que xustificar unha fachenda de calidade, de corte propagandístico, para consumiren as elites mentres a xeralidade da poboación consome produtos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alimenticios e forestais de importación, de baixa calidade, cando podería producilos e elaboralos aquí.

Non son pois estes Orzamentos os que serían de agardar dun goberno sensato en beneficio da maioría da poboación galega logo dunha agresión tan funesta coma a da Covid19. Frea-lo declive poboacional, o declive acusado na actividade económica, o declive esaxerado na actividade produtiva e poñer coto á invasión e forestación de terras agrarias e de monte tradicional, deberan ser as medidas centrais destes orzamentos.

Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural

Desde esta realidade obxectiva, os orzamentos para o rural que o Bloque propón pasan ineludiblemente por elaborar, orzar e poñer en práctica un Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural que active a súa economía orientándoa a producir, en cantidades cada vez máis significativas, nun proceso progresivo, alimentos de calidade.

Potenciar o mercado destruído, poñer terra agraria a disposición dos mozos/as que se queiran incorporar, dinamizar e prestixiar a actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria son medidas indispensables dentro deste Plan Integral para acadar os obxectivos non só de frear a caída demográfica, senón mesmamente de inverte-lo proceso fixando poboación nova, mediante a protección e incentivación das pequenas explotacións agrogandeiras baseadas na recuperación paulatina de terras de labor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Plan Especial de Gandaría en Extensivo

A destacar dentro deste Plan Integral un gran Plan Especial de Gandaría en Extensivo para as comarcas de Ourense, terra castigada onde as haxa non só pola meteoroloxía e os lumes senón polo abandono. Este plan especial de apoio á gandaría extensiva sería unha aposta seria pola prevención de incendios que reduciría a desertización que producen os lumes reiterativos e que sería extrapolábel a outras zonas de montaña do noso territorio fixando poboación e dinamizando e diversificando a produción de carne en extensivo. Sería complementada esta acción de goberno co desenvolvemento dunha pequena industria transformadora e comercializadora que dimensionaría de novo estes espazos actualmente abandonados creando sinerxías dinamizadoras de poboación e economía.

O proxecto de orzamentos para 2021 que nos presenta o PP, continúa a apostar pola extinción en lugar de afrontar que unha nova planificación do monte e os seus usos é determinante para principiar a mudar a suposta inevitabilidade dos lumes. Neste contexto, e á espera de ver o documento que se presenta no Parlamento, as liñas xerais anunciadas na revisión do Plan Forestal non cumpren nin de lonxe coas demandas dunha menor eucaliptización nin coa aposta por unha multifuncionalidade que sería a auténtica garantía de futuro.

Ordenación e economía circular



Deste xeito o apoio e promoción das UXFOR como modelo integral de xestión da terra resultaría peza chave para incidir nun modelo de economía circular. Un modelo que sirva, entre outras cousas, para reorientar o modelo forestal cara o uso de madeiras autóctonas, aumentar as terras de pastoreo promovendo ó tempo os modelos de gandería en extensivo e dar uso así, tamén, ó exceso de xurros que hoxe supoñen un problema de xestión sen acudir a fórmulas que precisen do uso de gas nin do transporte innecesario de toneladas de auga dun lugar a outro.

Esta planificación, que debe volverse extensiva para todo o país, terá que implantarse con especial interese nas comarcas de Ourense e do sur de Lugo; terras especialmente afectadas pola seca estrutural e convertidas en pasto dos lumes ano tras ano.

Bantegal

Falamos pois dunha atención orzamentaria prioritaria ó Bantegal como complemento á xestión comunitaria das Uxfor no camiño dunha ordenación da terra e posta en produción dos milleiros de hectáreas de abandono. Porque tanto as explotacións gandeiras cada vez máis dependentes dós insumos esóxenos coma os proxectos de horta e gandería tanto en ecolóxico coma en convencional están necesitados de base territorial para facelas rendibles e sostibles no tempo.

Esta especial atención pasaría a convertelo no instrumento estrela que nun prazo de cinco anos poña a disposición dos gandeiros un mínimo de 150.000Has.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de terra para mudar a tendencia á intensificación das explotacións lácteas e cárnicas, dependencia de insumos esóxenos, peche de unidades por escasa ou negativa rendibilidade, e dotar así de base territorial suficiente que abarate costes de produción e dea características de especial calidade ós produtos lácteos galegos reforzando e dando prestixio á súa presenza nos mercados estatal e internacional.

Este Banco de Terras proporcionaría superficie agraria útil a aquelas novas incorporacións á actividade agrogandeira que non conten con terras de labor de seu.

Comercialización

Hai que afrontar a comercialización da produción agrogandeira nunha dupla vertente. Dunha banda fomentando e promovendo as feiras e mercados de proximidade como canle prioritaria de venda da pequena produción do país. Doutra, sería necesario crear unha estrutura loxística de venda e promoción en liña dos produtos dos medianos e grandes produtores, que valorice esas producións a través do valor engadido da calidade e que nos posicione nun mercado cambiante determinado polas novas formas de consumo e polo contexto de crise sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Banda ancha

A cuestión de fondo reside no modelo de rural que defendemos. Un rural despoboado e en mans dunhas poucas grandes empresas que o xestionen buscando só o rendemento económico ou un rural vivo que sirva para fixar poboación e para xerar riqueza a través dunha chuvia fina con multiplicidade de proxectos pequenos e medianos: industriais, gandeiros, forestais, de tratamento da madeira, de I+D, agrícolas... Para isto último é imprescindible para calquera tipo de relación económica unha extensión da banda ancha que permita traballar en condicións de igualdade desde o noso rural nun mundo marcado polas necesidades tecnolóxicas.

Servizos Públicos

O deterioro nos últimos once anos dos servizos públicos no rural agudizan e propician o abandono poboacional deste noso medio. O reforzamento e recuperación da calidade dos mesmos de xeito acelerado debe ser unha das medidas prioritarias destes orzamentos.

Estamos outra vez diante duns orzamentos que ignoran o rural e agravan o seu declive no canto de iniciar un alto na tendencia do mesmo e dar paso a unha planificación a longo prazo, firme e consensuada, orientada a dinamizar e revitalizar o espazo agro-gandeiro-forestal estimulando e orientando unha numerosa industria de transformación dos recursos aí xerados contribuíndo á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixación de poboación e recuperación dunha aceptable normalidade na pirámide poboacional.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 14.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:24:43



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 14. Consellería do Medio Rural. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Axencia Galega de Calidade Alimentaria**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 14. Consellería do Medio Rural. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Axencia Galega de Calidade Alimentaria.

Os orzamentos da Consellería do Medio Rural son un documento continuista dos exercicios anteriores e seguen sen axustarse ás necesidades reais dun necesario impulso do noso medio rural, que supón máis do 85 % do noso territorio. Nun orzamento expansivo da Xunta de Galicia, derivado dos máis de 1.100 millóns de euros que aporta o Estado en Galicia, a maiores das transferencias ordinarias pola crise da covid-19, o aumento do 8,86 % dos orzamentos desta consellería é inferior que o 13,32 % que medra o orzamento consolidado da Xunta de Galicia, o que supón que o medio rural pesará un 0,18% menos no orzamento 2021 que no exercicio anterior, un síntoma de que as políticas deste Goberno non apostan por fortalecer as políticas de loita contra



o abandono e despoboamento do noso rural nin as de impulso do noso sector primario.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non cremos que nesta situación de urxencia polo envellecemento e despoboación do noso medio rural, sexa o momento para ter un descenso do 10,58 % no programa de Fixación da poboación no medio rural ou dun 1,85 % do programa de Modernización e diversificación do tecido produtivo rural.

O orzamento de 2021 está pensado para seguir desenvolvendo as mesmas políticas nesta consellería, sen acometer programas ou proxectos novos que poidan ilusionar ou dar esperanzas de que o rural vaia a experimentar un profundo cambio. O despoboamento e o envellecemento, sumado á falta de oportunidades laborais e de servizos, supoñen para o rural galego unha debilidade que temos que converter en oportunidade. Non obstante, vemos que non se fan os esforzos suficientes por parte da Administración autonómica para reverter esta situación.

Aspectos como a formación de traballadores e traballadoras para o campo estanse a descoidar, perdendo así a oportunidade de reverter a situación poboacional e conseguir o relevo xeracional necesario que revitalice e rexueneza o medio rural, mentres isto sucede plantexan partidas millonarias para a creación do Escaparate do Rural no Pazo de Quián en Sergude, unhas



contías que deberan investir nos centros formativos e de experimentación agraria, no desenvolvemento de melloras da educación regrada, na educación continua e nos certificados de profesionalidade, que aínda non xestiona esta consellería. A investigación segue a ser a gran esquecida polo Goberno, cun persoal de investigadores con praza fixa que van chegando á idade de xubilación e non son quen de deixar un relevo, seguimos sen resposta á necesidade de contratación de novos investigadores, nin de dar estabilidade aos que temos actualmente, perdendo importantes liñas de investigación, a creación dunha fundación non é a solución porque é coñecida a problemática desta para obter fondos, perdendo ademais a independencia que debe de ter a investigación pública, moito máis se a intención é construíla en base a actual fundación tecnolóxica da carne, que está sendo investigada por presuntos delitos de prevaricación, falsidade documental e malversación de fondos públicos. esta fundación, figuraba no listado de entes a extinguir pola Xunta no ano 2012, unha extinción que debería concretarse neste 2021.

Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa en Galicia, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera é esencial para a fixación de poboación e conservación do medio natural. No tócate aos procesos de concentracións parcelarias abertos, que o presidente da Xunta dixo que quedarían pechados na lexislatura pasada, contan cun orzamento insuficiente para as múltiples necesidades de actuar no territorio, con este instrumento e con outros como os polígonos agroforestais e novas fórmulas de xestión conxunta da terra.



O fomento da mobilidade de terras é outra prioridade para o rural galego, que tamén queda varado sen o impulso económico suficiente para a súa dinamización a espera un ano máis dunha lei que o Goberno dixo que tramitaría no 2020.

En canto á situación das mulleres do rural, temos que sinalar que os orzamentos non parecen mostrar a suficiente contundencia para que, malia a súa relevancia no rural, deixen de se atoparen pouco representadas ao estar fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizadas e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes. As medidas para a consolidación da identidade de xénero que é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en todos os ámbitos, e especialmente no rural, non se reflicten neste proxecto orzamentario.

Respecto aos sectores produtivos, agrario e gandeiro, a situación non mellora, o Goberno galego mira para outro lado nun momento no que son necesarias medidas garantistas e de futuro, para evitar o abandono, cada vez maior do sector e reverter esta situación negativa. As persoas produtoras de leite, despois de facer un investimento de grandes sumas de diñeiro, non teñen perspectivas de futuro pola data de caducidade que empana o seu esforzo, miren a onde miren atópanse cun horizonte próximo. O sector da carne sofre sen que o Goberno implemente axudas máis aló do impulso que se recolle dos fondos europeos que nin tan sequera utiliza coa intensidade necesaria. O campo galego é rico, non podemos permitir que se converta nun deserto verde improdutivo, temos a riqueza natural pero sen as medidas dun Goberno con grandes titulares de prensa



e proxectos sen posterior desenvolvemento, observamos como o Goberno galego, diminúe a súa aposta pola conversión á agricultura ecolóxica e o seu mantemento cunha caída de investimento do 36,57 % nas súas partidas orzamentarias. Se apostamos polas fórmulas de cooperación é un erro diminuír nun 10 % a partida para a utilización de maquinaria en réxime asociativo

As previsións orzamentarias contempladas para o ano 2021, non permiten afrontar un cambio de rumbo, sen unha boa avaliación, emenda ou corrección sobre erros cometidos en anos anteriores, non ten a adaptación necesaria para a previsión de circunstancias excepcionais derivadas da COVID19, non deixando de ser un mero trámite administrativo coa única diferenza de seguir tendo a dispoñibilidade dos fondos europeos correspondente ao actual período 2014-2020 do PDR, onde unha cantidade moi importante aínda queda sen executar.

Seguimos sen desenvolver o Plan Forestal, pactado polas tres cuartas partes deste parlamento e sen cumprir as recomendacións do comité de expertos designado polo parlamento, actuando nunha boa planificación, uso e xestión dos nosos montes, cunha necesaria ordenación do noso monte e das súas especies. A política contraincendios forestais segue a apostar decididamente pola extinción cun aumento substancial das súas partidas e moito menos pola prevención, en políticas de investigación, conciliación de intereses e sensibilización ambiental.



Nun momento onde resulta imprescindible promover unha nutrición sostible nos solos agrarios, no desenrolo das políticas marcada pola Unión Europea para evitar a contaminación do aire e dos solos, necesitamos programas con partidas concretas para impulsar dende o Goberno galego, medidas para diminuír esta contaminación no noso solo.

Neste exercicio orzamentario descende incomprensiblemente o impulso á apicultura, cun investimento do 1,6 % menos na partida destinada a apicultura para a conservación da biodiversidade, nun 1,9 % menos na partida para Razas locais en perigo de extinción, un 1,5 % menos para a xestión sostible de pastos e un 2 % menos para a extensificación do vacún de leite.

Por último, salienta que se no ano 2020 os orzamentos para loitar contra os danos causados pola fauna silvestre eran claramente insuficientes, a contía orzamentaria prevista para este exercicio descende nun 12 %, e aínda seguen sen desenrolarse medidas novidasas que permitan avanzar en controis e solucións, cun descenso especialmente preocupante dun 18,5 % da partida para indemnizacións por danos causados por dita fauna.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:





Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:09:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, Consellería do Mar, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 seguen a liña continuista dos últimos anos, cun escaso apoio ao sector e, dende logo, moi lonxe de seren “os máis altos da historia”, tal e como se expresou o presidente da Xunta na súa presentación, o pasado mes de novembro.

Nun ano onde toda a sociedade en xeral, e o sector do mar en particular, sofre os efectos devastadores dunha pandemia que nos afecta dende o mes de marzo, estes orzamentos, menos que nunca, dan resposta aos problemas que xa existían de antes nin tampouco ás moitas dificultades que a Covid-19 e a súa xestión engadiron a un sector que debera ser considerado estratéxico polo goberno da Xunta.

Os orzamentos que se presentan hoxe, con algo máis de 126 millóns de euros, están aínda -doce anos despois- por debaixo dos orzamentos de 2009 en máis de 47,6 (-27,4%). Son, polo tanto, máis de 800 millóns de euros acumulados que se deixaron de investir nun sector chave e nun país altamente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dependente da pesca e son tamén a mostra clara de que con estas previsións non se impulsan nin se promoven actuacións para potenciar o sector e, sobre todo, non se lle acompaña nas súas demandas e nos seus proxectos.

Ademais, as modificacións de creto producidas no ano 2019 supoñen unha variación en negativo dun 12,42%, -20 millóns de euros, que reflexan nidiamente a devaluación continua das políticas da Consellería do Mar e das infraestruturas e proxectos para o sector do mar no conxunto dos orzamentos da Xunta de Galiza.

Mais se aínda ao anterior sumamos o grao de execución de determinados programas no ano 2019 obtemos unha fotografía real e moi esclarecedora das políticas que a Xunta abandona como preferentes: As referidas aos sectores produtivos en xeral e, en particular, ao sector do mar.

O programa 723A, “competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura”, que é un dos maiores da Consellería, non chegou a executar o 42% do seu orzamento total. O programa 723D, “desenvolvemento sostíbel de zonas de pesca”, apenas un 48%. O de “infraestruturas pesqueiras”, o 514A, o 52%. E o 723B, “regulación das producións e dos mercados da pesca”, onde se recollen “medidas de comercialización” e “plans de produción e comercialización”, o 54,7%.

O baixo grao de execución destes programas e doutros pertencentes ao orzamento da Consellería do Mar só poden ser exemplo de desidia e negligencia na xestión dos recursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha parte importante dos orzamentos da Consellería proveñen dos fondos FEMP e, ao longo dos últimos anos vén sendo o propio consello de contas o que vén advertindo dun grao de execución inferior ao 50%. É dicir, cada ano quedan sen executar unha media de 25 millóns de euros destes fondos.

En definitiva, orzamentos escasos e grao de execución aínda máis escaso. A suma destes factores indica que os graves problemas como a perda de cotas, a mingua de especies propias no sector marisqueiro, a redución de permex, a perda de afiliación á seguridade social no réxime especial da pesca e acuicultura, a caída das rendas das persoas que viven do mar, a falla de relevo xeracional á que se lle adican grandes titulares e, non entanto, raquíuticos recursos (a “axuda inicial para xoves pescadores” é de 300.000 euros, idéntica á de 2020 e 100.000 euros menor que a do ano 2019) ... non son problemas que estean na axenda da Consellería do mar nin na do presidente da Xunta de Galiza.

Tampouco existen nos orzamentos para 2021, ou si o fan é de xeito irrelevante, medidas nin investimentos para a recuperación de zonas improdutivas, para o aumento da produción dos bancos, para proxectos de coxestión, que son imprescindíbeis para potenciar o sector marisqueiro e enfrontar a grave situación da perda de ingresos das mariscadoras e mariscadores, ou incluso para paliar a situación de escaseza nas capturas ou mellorar o modelo de comercialización.

En contraposición á falla de apoio ao sector da baixura, ao da pesca artesanal, ao do xeito, o que si se recolle claramente, na liña dos últimos anos, é un grande soporte ao sector transformador, á elite económica e de grandes



empresas do sector do mar que en realidade ten pouca ou ningunha vinculación co produto autóctono ou con marcas vinculadas a Galiza.

Os orzamentos para 2021 non son máis que parte da folla de ruta que a Consellería do Mar vén marcando dende o ano 2009: Conseguir que as traballadoras e traballadores do mar se cansen, que acaben por abandonar o sector e a actividade para engrosar as listas do paro e deixar o campo, neste caso o mar, libe par o gran capital foráneo e as grandes empresas de acuicultura.

De non ser así, non ten explicación que non existan medidas extraordinarias que deberían contemplar e que terían que servir para facer fronte a unha situación derivada dunha pandemia que trouxo millóns de euros de perdas ao sector e que recibe, a cambio de ser declarado esencial, mínimas axudas e apoio da administración.

E, nesa mesma liña, tampouco é comprensíbel a falla de incremento orzamentario dun organismo vital para as traballadoras e traballadores do mar: O INTECMAR, cuxo orzamento non chega á modesta cantidade de 4 millóns de euros nun país con 1.700 km. de costa e, reiteramos, altamente dependente da pesca.

Un organismo que, tal e como dende hai anos demanda o sector, debера estar ao servizo das xentes do mar os 365 días do ano. O seu potenciamento e, polo tanto, a ampliación do seu persoal debера ser unha prioridade para que o sector non continúe a perder días de traballo e miles de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das funcións do INTECMAR é a de observación dos océanos e a loita contra a contaminación, e non só a accidental. Unhas rías libres de contaminación, saneadas, permitirían o aumento do número de persoas que poden vivir do mar. A ría de Ferrol, a de Pontevedra, a de Muros-Noia, a de Arousa, teñen uns niveis de contaminación moi importante e, neste caso, é inevitábel asociar a diminución de recursos marisqueiros e a mortalidade nalgunhas especies e en especies autóctonas coa situación de contaminación das augas.

É incomprensíbel que o INTECMAR só ditamine se hai contaminación ou non. Debería ir moito máis alá e facer informes exhaustivos para instar a quen corresponda a que poña solución a esta situación. A parte de I+D ten que ter un papel moito máis determinante, un papel fundamental que hoxe non ten.

Neste mesmo sentido non existen tampouco partidas nos orzamentos dedicadas a potenciar o saneamento das rías, a comezar pola de Ferrol, absolutamente abandonada pola Consellería do Mar.

O programa 513A, “Construción, conservación e explotación portuaria”, sitúase á altura do orzamento de 2019 e representa un 64,75% menos (-19,8 millóns de euros) que no ano 2009, a todas luces insuficiente para atender 122 portos e todas as súas deficiencias e problemáticas derivadas de anos de deixadez e de falla de apoio á actividade produtiva do mar e á capacidade desta de xerar emprego.

En canto á política portuaria, a “Lei de Acompañamento” recolle a adecuación das taxas portuarias á situación de pandemia actual, mais a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bonificación e conxelación das taxas contemplada nin chega a todos os operadores portuarios nin ten en conta que neste ano 2020, a pesar das circunstancias e a forte baixada de ingresos, non houbo ningunha medida para apoiar a eses operadores e que, a pesar da moratoria establecida no pago este vaise ter que realizar íntegro e sen ningún atenuante.

Ata o de agora as políticas para favorecer a interrelación porto-vila ou porto-cidade foron inexistentes e a reversión de terreos portuarios aos concellos practicamente imposíbel polas trabas e obstáculos impostas por Portos de Galiza. E agora, a memoria destes orzamentos tampouco aposta por un impulso á reversión duns terreos que Portos nin mellora nin mantén.

O investimento en infraestruturas portuarias segue a liña do conxunto dos orzamentos da Consellería do Mar cunha baixísima e lenta execución. Hai actuacións que se repiten ano tras ano (porto de Laxe) e outras que non se contemplan despois de viren sendo demandadas polo sector máis de 30 anos (porto compartido mixto Corcubión-Cee).

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 15.**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:25:50



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, relativa á **Sección 15. Consellería do Mar**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 15. Consellería do Mar

Os orzamentos previstos para o ano 2021 no que se refire á Consellería do Mar amosan a escasa aposta da Xunta de Galicia polo noso sector pesqueiro e marisqueiro, sector vital na nosa Comunidade Autónoma que nos define como pobo, medrando algo máis de 23 millóns de euros nuns orzamentos que medran 1.575 millóns de euros, grazas ás transferencias do Goberno do Estado e dos Fondos extraordinarios da Unión Europea.

Trátase duns orzamentos continuistas, que non cambian a orientación dos programas que xa existían en anos anteriores, polo que as políticas previstas pola Xunta de Galicia para o sector do mar tampouco mudarán para o vindeiro 2021. Os socialistas tamén queremos poñer de manifesto a falla de transparencia



en canto á información dispoñible, obviando a Lei 1/2016, do 9 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para acadar os obxectivos que se establecen na Memoria non se dotan as partidas orzamentarias suficientemente, poñendo de manifesto a falla de vontade política do Goberno galego de cara afrontar os novos retos do sector pesqueiro, entre eles as consecuencias derivadas da COVID19.

Un dos retos máis importantes que debe afrontar esta consellería é facilitar a continuidade da actividade, para o que sería preciso promover o absolutamente o necesario relevo xeracional, mentres nestes orzamentos nada se consigna para acadar este reto, e como proba de que isto é así a partida de ensinanzas pesqueiras mingua un 2,30 % con respecto a 2020, deixando á formación nun segundo plano, sen darlle a importancia estratéxica que merece para conseguir reverter esta situación.

Seguimos a perder traballadores no sector da pesca; con datos pechados de 2019 o sector perdeu na última década máis de 3600 traballadores. No ano 2009, o Réxime Especial do Mar (REM) contaba con 24.176 afiliados e o pechar 2019 os datos recollían 20.558 traballadores asociados, un descenso do 15 %. Só no ano 2019 perdéronse 290 afiliados no REM. E pola contra, nestes orzamentos non se contempla unha política decidida para atraer traballadores a este sector.



Tampouco se dá resposta aos problemas do sector marisqueiro, que segue a perder PERMEX, tales como a rexeneración ou saneamento das rías, dada a dramática situación propiciada pola caída de capturas nos bancos de marisqueo. E seguimos a ver como nestes orzamentos tamén se nos seguen a vender como novos determinados dragados e saneamentos, xa anunciados e con consignación en orzamentos anteriores, pero como nada se executou volven a poñer as mesmas cantidades nestes orzamentos para o ano 2021.

Ademais a experiencia de exercicios anteriores fai pouco previsible que as partidas consignadas vaian a ser executadas. Así no ano 2018 deixaron se executar, do orzamento inicial da consellería que ascendía a 155 millóns , 75 millóns ou o que é o mesmo executaron o 48 % do orzamento. No ano 2019 deixaron sen executar o 60 % do crédito inicial.

O programa 723A de competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura e un dos programas que conta con maior dotación orzamentaria. Aínda así, conta con case 30 millóns menos de euros que en 2009, pero é que, ademais, no ano 2017 deixaron sen executar 6 de cada 10 euros orzamentados, no 2018 executaron só o 23 % do crédito orzamentado e no 2019 só executaron o 36 % do crédito orzamentado, deixando sen executar, polo tanto, o 64 %.



No relativo ao Ente Público Portos de Galicia, continúan sen executarse cuestións fundamentais de seguridade, como o plan de sinalización de bateas ou dragaxes pendentes. Repítense en gran medida as mesmas obras ampliando os prazos e non se avanza cara a outros investimentos importantes que non están recollidos.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 16:09:12





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

1	1	4	25.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	EMPREGO E IGUALDADE	11	2	312G	4	25.000.000	Plan Especial Loita Contra o Retroceso e Perda Dereitos Laborais e Acceso ao Emprego das Mulleres pola covid 19



Emenda Nº: 40											
Incremento Estado de ingresos					Incremento Estado de gastos						
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
1	1	4	8.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	CULTURA, EDUCACIÓN e UNIVERSIDADE	10	50	151A	4	8.000.000	Acordo pola Normalización Lingüística



Emenda Nº: 41												
Incremento Estado de ingresos					Incremento Estado de gastos							
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	
1	1	4	5.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	VICEPRESIDENCIA 2ª, ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	6	A2	561A	4	5.000.000	Creación do Innogal (Programa de retención e captación de talento)	



Emenda Nº: 42												
Incremento Estado de ingresos					Incremento Estado de gastos							
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	
1	1	4	5.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	VICEPRESIDENCIA 2ª, ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	6	20	732A	6	5.000.000	Promoción e consolidación do sector naval e das tecnoloxías marítimas	



Emenda Nº: 43												
Incremento Estado de ingresos					Incremento Estado de gastos							
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidad	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidad	Denominación do crédito	
1	1	4	3.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	8	4	541D	640	3.000.000	Axencia para os residuos e a economía circular. Estratexia galega da compostaxe	



Emenda Nº: 44												
Incremento Estado de ingresos					Incremento Estado de gastos							
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidad	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidad	Denominación do crédito	
1	1	4	2.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	VICEPRESIDENCIA 2ª, ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	6	A1	741A	4	2.000.000	Transformación do IGAPE nun instituto galego de crédito	



Emenda Nº: 45												
Incremento Estado de ingresos					Incremento Estado de gastos							
Capítulo	Artigo	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	
1	1	4	1.000.000	Novo imposto sobre Grandes Superficies Comerciais	VICEPRESIDENCIA 2ª , ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	6	1	731A	6	1.000.000	Empresa Galega de Enerxía e impulso do autoabastecemento renovable e innovador dos edificios públicos galegos	

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 18:04:10



Á Mesa da Comisión 3.^a

O **Grupo Parlamentario dos e das Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade que afecta á contía global dos estados dos orzamentos e que transfiren crédito entre seccións ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.**

1.- Uns orzamentos sen proxecto de país para a reconstrución

1.1.- Uns orzamentos que desaproveitan a oportunidade histórica que propician os fondos extraordinarios procedentes do Estado e da Unión Europea.

O Goberno autonómico, con maioría absoluta despois de máis de once anos continuados de exercicio, carece dun proxecto de país que permita aproveitar a oportunidade histórica que brindan os fondos procedentes do Estado, parte deles con orixe na Unión Europea, para establecer unha folla de ruta para a reconstrución económica e social de Galicia. Presentando unhas contas cuxa compoñente expansiva vén marcado fundamentalmente polos procedentes do Estado e da Unión Europea, o goberno autonómico non fai nada excepcional, posto que se trata das súas obrigas, pero cando esas contas non van acompañadas de proxectos e medidas que aproveiten axeitadamente os fondos, hai un risco evidente de perda de oportunidades.

1.2.- Uns orzamentos que emerxen dende un diagnóstico errado do que aconteceu en Galicia na última década, así como trala chegada da crise da covid.

Galicia hoxe está máis integrada, afortunadamente, en España e en Europa que anteriormente. Pero vivimos unha crise sanitaria con evidentes implicacións económicas e sociais e os orzamentos autonómicas deben dar resposta a esta situación.



No plano orzamentario, os fondos procedentes do orzamento comunitario e as transferencias finalistas da Administración Xeral do Estado explican unha boa parte da formación autonómica bruta de capital público. As transferencias finalistas facilitan sensiblemente a prioridade outorgada ao combate contra a violencia de xénero, en favor do emprego ou na promoción de vivendas.

O consumo das familias, que é o elemento máis relevante do cadro macroeconómico, depende, entre outros aspectos, da actualización e reforzamento do sistema de pensións, da elevación do salario mínimo interprofesional e do comportamento do emprego en Galicia. Durante a década anterior á chegada desta crise, Galicia veu como se perderon milleiros de postos de traballo na poboación ocupada e evidenciouse a falla de capacidade das políticas autonómicas para xerar emprego na comunidade.

Máis importante aínda é que Galicia leva tendo un perfil de crecemento sensiblemente similar ao español. Se España vai ben, a Galicia tamén lle irá. Cando, con esta crise, Europa e España entran nunha fase de crise económica derivada da pandemia, Galicia tamén se ve afectada. Certo é que, sendo Galicia unha comunidade na que o peso do turismo non chega a niveis doutras rexións españolas, e entendendo ademais outros rasgos propios da estrutura produtiva galega, a evolución do ciclo económico nos principais macroagregados ten unha dinámica propia que reflicte menor intensidade que noutras comunidades, así como un perfil propio nos distintos sectores produtivos.

1.3.- Uns orzamentos sen compromiso e ambición para a modernización e potenciación dos sectores produtivos do país.

O proxecto de orzamentos da Xunta carece de estratexia e compromiso no relativo á modernización e á potenciación dos sectores produtivos fundamentais. As nosas producións fundamentais, despois dun ano 2020 con evidentes dificultades para o comercio exterior, afronta un contexto externo incerto derivado especialmente da crise económica internacional froito da pandemia. A evolución da covid marcará en boa medida as tendencias económicas do conxunto das economías e tamén da galega. A isto engádense incertezas como a concreción do Brexit, o novo escenario de posible multilateralidade que emerxa



tras as recentes eleccións presidenciais norteamericanas, ou o ritmo dos plans de descarbonización en todo o mundo e singularmente na Unión Europea, nun proceso absolutamente imprescindible pero que obrigará a unha transición industrial xusta.

A modernización económica debe incorporar inescusablemente retos como a transición ecolóxica ou a dixitalización, aspectos nos que o goberno galego mantivo unha falla de compromiso e de acción ao longo dos anos. Neste senso, resulta inexplicable que estes orzamentos, lonxe de abordar unha política coherente e de apostar por un apoio aos sectores produtivos, careza de compromiso cos mesmos. Mantense a continuidade da inacción en materia de política industrial, falla de compromiso en I+D+i, redúcese a partida de fixación de poboación no rural e carécese de aposta polo sector primario.

1.4.- Uns orzamentos que manteñen deficiencias e falla de compromisos na política tributaria.

No relativo aos ingresos, a documentación orzamentaria resulta ser ambiciosa sobre os ingresos alleos pero restritiva nos propios da Xunta de Galicia, nunha sorte de comportamento free-rider que pon en risco a necesaria acción sobre as partidas básicas do Estado do Benestar. O maior incremento de fondos para estes orzamentos provén do Estado e da Unión Europea, mentres a Xunta mantén a súa última reforma do imposto de Patrimonio que favoreceu aos multimillonarios da comunidade.

O risco de incremento das desigualdades provocadas pola actual crise esixiría actuar rectificando esa reforma do imposto de Patrimonio, así como utilizar outros instrumentos públicos que permitan avanzar na progresividade fiscal sobre as rendas dos máis acaudalados do país. Sen embargo, a Xunta de Galicia segue a optar por unha política de marketing fiscal e de redución substancial da progresividade: sen efectos sobre o ritmo de crecemento, con efectos negativos sobre o compoñente redistributivo. En tal sentido:

- Moitos dos beneficios fiscais consisten en pequenos regalos a contribuíntes escollidos que, na maior parte das ocasións, teñen un efecto



agregado irrisorio. Carécese ademais de información sobre a capacidade dos incentivos fiscais introducidos para alterar o comportamento dos individuos -polo tanto sobre a súa eficacia-.

- Os cambios máis relevantes teñen sido nos últimos dous anos:
 1. A redución dos tipos do Imposto de Patrimonio –que só afecta aos 12.000 contribuíntes de maior riqueza en Galicia-.
 2. O incremento substancial das bonificacións en sucesións, polas cales as herdanzas menores de 1 millón de euros por herdeiro, aparte da vivenda habitual, están exentas de pago. O que provocaría que unha herdanza de 3,5 millóns de euros a distribuír entre tres herdeiros non xeraría apenas recursos para as arcas públicas autonómicas.

A Xunta de Galicia afecta negativamente á progresividade do conxunto do sistema tributario sen producir efectos sobre o ritmo de crecemento.

1.5.- Uns orzamentos que supoñen unha emenda á totalidade ás políticas orzamentarias da Xunta en anos anteriores.

Ao longo da anterior crise económica, o goberno da Xunta aplicou políticas de austeridade e recortes como receita para o crecemento. O proxecto de orzamentos para 2021 conleva un incremento do gasto público derivado das políticas expansivas marcadas polo goberno de España e a Unión Europea. Deste xeito, o goberno da Xunta asume a posibilidade de gasto dun maior volume de fondos froito da acción doutros axentes e institucións económicas. Cremos que a compoñente expansiva das contas públicas vai na dirección correcta, pero é difícil que quen viviu instaurado na ortodoxia dos recortes poida desenvolver e xestionar con éxito un novo modelo de acción orzamentaria.

1.6.- Falla de compromiso coas prioridades de gasto desatendidas durante 11 anos.



Resulta preocupante que logo de seis anos de crecemento económico ininterrompido no Estado, e tras nove meses afectados pola pandemia e a consecuente crise económica, a Xunta de Galicia sexa incapaz de facer o esforzo necesario para soste os elementos necesarios do Estado do Benestar, deixando ao descuberto os ocos de 11 anos de recortes.

Os orzamentos van moi por detrás das necesidades en materia de Política Social, e as afirmacións do Goberno galego sobre o apartado social obvian as problemáticas na sanidade, sinaladamente a atención primaria ou as listas de espera, así como os retrasos na atención á dependencia ou no desenvolvemento dun modelo axeitado de atención aos nosos maiores en residencias e tamén nos seus fogares, ou as necesidades do sistema educativo do país, especialmente no medio rural. Por exemplo, o orzamento de 2021 segue sen apostar pola importancia da atención primaria na sanidade pública galega.

Continúase pois sen abordar, na intensidade necesaria, a cura das feridas sociais, cunhas desigualdades demasiado amplas, cun desemprego en niveis demasiado altos e todo isto ante unha pandemia que dispara os riscos sociais e a vulnerabilidade da poboación.

Concluimos que o proxecto de orzamentos remitido carece de enfoque e medidas para a reconstrución económica, social e sanitaria de Galicia, non dando resposta axeitada aos principais retos para o impulso do crecemento económico, a diminución das desigualdades e a creación de emprego en Galicia, polo que se esixe adoptar outro tipo de medidas máis ambiciosas e importantes que as contempladas no Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021 presentado polo actual Goberno da Xunta de Galicia.

2.- Convén unha nova política orzamentaria en torno a un proxecto para saír da crise sen que ninguén quede atrás

Cara a poder abordar diversas actuacións non previstas no documento orzamentario remitido dende o Goberno autonómico para o exercicio do 2021, cas limitacións que supón ter unha información moi parcial, a presente emenda á totalidade propón movementos en partidas orzamentarias por unha **contía global**



de **605.205.000 euros**, cantidade que representa unha variación da orde do 5% sobre o total do gasto non financeiro consolidado presentado polo Goberno galego; e que, en base ás consideracións que se realizan, aumentarían a cantidade total dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio do 2021, ata os 13.599.581.000 euros, situando pois o aumento producido respecto ao ano anterior no 15%.

2.1.- Colaboración co goberno de España para posibilitar as políticas expansivas, particularmente, cos fondos europeos.

Á hora de analizar os ingresos previstos no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia, resulta evidente que o marcado perfil expansivo definido polo goberno de España é fundamental para o incremento das contas públicas galegas. Ante unha situación de crise de tanta envergadura, cómpre adoptar vías de colaboración co goberno de España á hora de facer efectiva esas políticas expansivas e de investimento, particularmente, no que fai referencia á concreción dos fondos europeos que serán xestionados nun exercicio de cogobernanza do Estado das Autonomías. Para acertar nas prioridades de investimento é necesario coordinar e compatibilizar as axendas do goberno autonómico e o central.

2.2.- Unha política de ingresos máis progresista.

Requírese unha política de ingresos non conformista e máis progresista, que implicará:

En relación ao **I.R.P.F.**, a modificación dos tipos a aplicar nos tramos máis altos da tarifa autonómica, a partir de bases liquidables superiores ao entorno dos 50.000 €, de tal xeito que se promova unha maior progresividade neste tributo de carácter persoal.

No **Imposto sobre o Patrimonio**, unha diminución do mínimo exento ata os 400.000 € (exceptuando a vivenda habitual polo mesmo importe) estando en desconformidade coa rebaixa do 20 % que se promoveu polo Goberno galego neste imposto que, como é sabido, unicamente teñen que abonar aquelas persoas



que alcanzan un maior patrimonio da nosa comunidade, rematando coa mínima visión progresista que existía ao respecto. Non parece solidario que o Goberno galego propugne que os aproximadamente 7.700 patrimonios máis elevados de Galicia teñan unha redución da orde dunha media de 1.600 euros.

Unhas previsións máis realistas na recadación do **Imposto de Sucesións** e do **Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados**, en función das cifras das liquidacións coñecidas de períodos anteriores, e tendo en conta a súa previsible evolución nun contexto no que se posibilitan as herdanzas en vida e derivadas da Covid-19.

A posta en marcha dun **Imposto sobre as grandes superficies comerciais** (partida 102000), xa vixente noutras comunidades autónomas, como un ingreso novo que non é contemplado nos orzamentos presentados. A medida que a recuperación económica sexa unha realidade, esta figura impositiva ten todo o seu sentido.

Unha serie de **impostos sobre os custes medioambientais de determinadas actividades**, como o imposto sobre as instalacións que inciden no medio ou como as da telefonía e telemática e as liñas de transporte de enerxía eléctrica (partida 170); ou un imposto sobre a emisións de gases nocivos á atmosfera (partida 2501). Todos eles en vigor noutras comunidades autónomas.

O **aumento do actual gravame polo aproveitamentos pola auga encorada**, conxelado dende fai moitos anos, cun aumento nas tarifas do 50 % (en termos reais un aumento inferior ao do momento da súa promulgación), recaendo directamente sobre as sociedades que se benefician de tal ámbito.

De xeito congruente, os cambios impositivos referidos, correspóndense coa **proposta de modificación legislativa** concreta, a aprobar mediante as correspondentes emendas, co obxecto de levar a cabo os cambios correspondentes no proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas relacionado co orzamentos para 2021 e que, como é sabido, deberán ser presentadas no trámite parlamentario posteriormente.



Tamén é posible captar novos ingresos coa **mellora da xestión recadatoria**, partindo dos rendementos obtidos no pasado máis próximo, e que principalmente pasa por **reforzar a loita contra a fraude fiscal** nos ámbitos da fiscalidade sobre as que exerce esta labor a Comunidade Autónoma. O fortalecemento da Atriga impulsaría unha mellor recadación tributaria, así como unha diminución da litixiosidade.

En canto **aos ingresos propios de determinadas entidades**, como o SERGAS ou o IGVS, enténdese que as previsións están por debaixo do que resulta posible esixir, sendo unha cuestión de decisión e capacidade de xestión que afecta, por exemplo, coa venda de solares e outros ingresos propios da actividade do IGVS ou, no SERGAS, a liquidación dos dereitos xerados a favor da facenda pública autonómica pola prestación de servizos sanitarios a entidades privadas.

No seu conxunto, estimamos unha folgura na previsión de ingresos de 203.075.000 euros, importe que debера ser empregado básicamente para fomentar as políticas públicas para fixar poboación, loitar contra o paro, apuntalar o gasto de carácter social, impedir o deterioro dos servizos públicos fundamentais, mellorar o noso medio ambiente e promulgar actuacións no eido produtivo e industrial.

2.3.- Priorizar adecuadamente o destino do gasto público.

As medidas citadas de aumento dos ingresos deben acompañarse igualmente de **medidas sobre o gasto público**, no sentido de acadar unha Administración máis eficaz e operativa, coas actuacións que se formulan a continuación.

Procede a minoración de gastos improdutivos, posto que a Administración autonómica debe acometer unha política de aforro máis consistente e auténtica, para o que cómpre actuar con máis decisión sobre determinados gastos, principalmente moitos dos de carácter inmaterial. Neste sentido existen partidas cunha finalidade imprecisa ou claramente desvirtuada, que baixo unha denominación que todos poderemos compartir, agochan actuacións de natureza distinta. Igualmente, existen partidas de gastos de capital demasiado xenéricas, mesmo que nin se concretan nos anexos orzamentarios, e que será necesario, en



orde a acadar unhas maiores cotas de transparencia e coñecemento público, proceder á súa concreción na medida en que non se efectúan pola propia Xunta de Galicia.

Por outra banda, existen partidas nas que se propón a súa redución, como por exemplo as destinadas a:

Persoal de gabinete e gastos en publicidade e propaganda, dado que non existe unha metodoloxía común de traballo nin unha regulación sobre estas cuestións; e o importe das retribucións das persoas en gabinetes das consellerías excede as veces as dos altos cargos de diversas consellerías, e moi especialmente as correspondentes á Presidencia da Xunta de Galicia. Segundo se indica na Memoria orzamentaria, para o ano 2021 os gastos do persoal eventual de gabinete correspondente á Administración xeral da Comunidade Autónoma constitúen unha porcentaxe demasiado elevada.

No caso dos gastos de propaganda e publicidade, estes agóchanse en múltiples partidas de investimento inmaterial, sen que exista ningunha información ao respecto e sen que a Administración autonómica realice un plan de publicidade institucional, tal e como teñen outras administracións e como marca a lexislación vixente.

Gastos de carácter inmaterial, que representan unha porcentaxe moi alta dentro do total do capítulo VI dos investimentos reais, o que constitúe unha anomalía orzamentaria que é preciso corrixir.

O financiamento da denominada “**Administración paralela**”, onde existen posibilidades de aforro en múltiples casos, así como sinerxías posibles, dado que existe un campo importante de actuación, xa que os plans ata o de agora desenvolvidos nos últimos anos afrontaron a supresión de organismos ás veces mesmo sen actividade, mentres paralelamente foron creados outras entidades e axencias novas ás veces sen a necesaria xustificación, tendo en conta que o sector instrumental da Comunidade autónoma, excluindo o Sergas, xestionaba en 2017 aproximadamente o 15% do orzamento autonómico, segundo o Consello de Contas



Igualmente, como foi dito, faise necesario corrixir un Proxecto de orzamento como o presentado, que opta por **partidas moi xenéricas** e por furtar información sobre moitas das cuestións ou obras concretas que se pretenden levar a efecto no exercicio orzamentario do 2021, tentando corrixir a alta opacidade do documento orzamentario presentado.

A minoración, reflectida mediante os diversos epígrafes anteriores de gasto, ascende no seu total a 402.130.000 euros, unha contía en todo caso moi inferior ao cómputo que vén realizando a propia Xunta de Galicia a través da modificación de créditos en exercicios precedentes ou da cantidade á que ascenden a suma das partidas de gasto que deixa sen executar.

3.- Promover unhas novas prioridades para o gasto público no 2021

O aumento de ingresos acadado emprégase para reforzar o carácter social e de investimento dos orzamentos propostos, cara a promover unhas novas prioridades para o gasto público, o que se realizará a través dos movementos reflectidos nas diversas partidas que figuran como destino de fondos nesta emenda, entre os que se poden destacar os que a continuación se mencionan.

3.1.- Plan e medidas para a reactivación económica e industrial.

Ante a crise económica derivada da covid, os orzamentos da Xunta deben incrementar o seu respaldo ao tecido produtivo do país para que poida resistir durante este tempo de tantas dificultades, nomeadamente, aos sectores da hostalería e o ocio, ao mundo da cultura, ao comercio, ás persoas autónomas e ás pequenas e medianas empresas. Neste senso, convén incrementar as partidas orzamentarias dedicadas a axudas directas e doutro tipo que posibiliten a resistencia destes axentes ante a crise económica, evitando o peche de empresas e apostando polo mantemento do emprego.

Faise necesario procurar un aumento nas dotacións para favorecer a dinamización dos sectores produtivos e industriais, especialmente no ámbito de empresas en especial dificultade, establecendo un **Plan para unha transición enerxética xusta**, coa participación da Xunta de Galicia en programas



conxuntos das comarcas afectadas, así como unha dotación para **actuacións en materia de industrias electrointensivas**, cara a posibilitar alternativas viables para zonas especialmente afectadas por esta cuestión.

Combinando tales actuacións con cuestións como a **dinamización do solo empresarial** ou para a captación de investimentos, así como un plan de xestión para o **desenvolvemento empresarial no rural**.

Apoiar a recuperación e o impulso en materia de I+D+i, co obxectivo de reverter a situación de declive en exercicios anteriores, para o que se propón a promoción de actuacións cas empresas e coas universidades públicas.

3.2.- Programas para a creación e o mantemento do emprego.

Se ao longo dos anos de crecemento tras a Gran recesión, Galicia non foi quen de recuperar o nivel de poboación ocupada que había hai 12 anos no noso país, resulta evidente que ante esta nova crise económica as políticas de emprego teñen que ocupar un papel prioritario para a reconstrución do país. Isto implica que dende a administración autonómica exista un modelo no que basear a acción pública para xerar emprego, así como partidas orzamentarias suficientes e executables dende a correspondente consellería. O baixo nivel de execución das políticas de emprego por parte da administración autonómica evidencia un fracaso ao longo dos últimos anos e cómpre, para o 2021, dotar orzamentariamente os programas de promoción do emprego, así como garantir a súa execución orzamentaria.

É imprescindible establecer unha estratexia de loita contra o desemprego, acordada cas demais administracións e cos axentes sociais e económicos, achegando consignacións adicionais para políticas activas de emprego, priorizando cuestións como programas dirixidos ás persoas que iniciaron a súa andaina laboral ou que incluso aínda nunca traballaron -a **xente máis moza**-; a aqueles **parados e paradas de longa duración** que xa esgotaron as súas prestacións ou á recuperación e potenciación do **emprego feminino**. Neste ámbito tamén se propón unha maior contribución cara as entidades locais, como



axentes dinamizadores e coñecedores en primeira instancia das necesidades concretas dentro dos seus ámbitos territoriais.

Igualmente, dótase unha nova liña de actuación cara á promoción dun novo plan para promover o retornos das persoas galegas que residen fóra de Galicia ou o reforzamento das oficinas de emprego.

3.3.- Incremento das políticas sociais e de reforzo dos servizos públicos.

Nun contexto de crise sanitaria, no que a saúde convértese no ben máis preciado por parte de todos e todas, o gasto sanitario debe crecer na mesma proporción na que o fai o conxunto do orzamento, é dicir, que a sanidade pública non retroceda no seu peso relativo no conxunto das contas públicas. O compromiso coa sanidade ten que evidenciarse na aposta pola atención primaria, polo aumento da contratación e do emprego de calidade dos profesionais sanitarios e por blindar os servizos sanitarios aos que todas as persoas teñen dereito con independencia de onde residan.

De forma inmediata, é necesario proceder á reposición e promoción das **dotacións de persoal**, así como activar diversos plans de actuación non contemplados ou insuficiente dotados dende o Goberno. Cuestións que deberan ser acompañadas por dotar dunha maior estabilidade laboral ao persoal deste sector. Igualmente é necesario poñer en marcha unha serie de **infraestruturas no ámbito da sanidade pendentes** dende hai anos, moitas delas comprometidas en diversas ocasións dende o Goberno galego, pero que, novamente, non se ven plasmadas no documento orzamentario presentado. Así acontece, por exemplo, con abundantes centros de saúde, nun documento orzamentario que, especialmente neste eido, peca de enorme opacidade e falta de transparencia. Tamén se contempla unha partida específica para facerse cargo do compromiso alcanzado coa FEGAMP no Pacto Local asinado en 2006 ao respecto do mantemento de determinados centros que actualmente realizan os concellos, pese a que as competencias son autonómicas. Así mesmo, debe terse en conta que coa crise da covid eses fondos autonómicos son aínda máis necesarios para os concellos, dados os gastos extraordinarios que tiveron que soportar dende a chegada da pandemia.



No sector da **educación** propónse, igualmente, que os orzamentos da Xunta teñan un claro compromiso para garantir o dereito á calidade educativa dos nenos e das nenas do noso país independentemente da súa capacidade económica e do lugar onde vivan, así como de cubrir o reto da dixitalización que permita que calquera estudante poida seguir os seus estudos en caso de que a covid interrompa a presencialidade.

Apostamos por unha **reposición das dotacións de persoal**, ao tempo que un aumento das partidas destinadas a bolsas de estudo e a comedores escolares dos centros públicos. Tamén é necesario promover unha política de becas máis potente, así como traballar máis intensamente en programas de prevención do fracaso escolar, de linguas estranxeiras e de reposición informática. Igualmente é necesario prever unha maior dotación para **obras e infraestruturas** neste ámbito, dado o estado de abandono e a necesidade de melloras de tantos centros educativos ao longo do país. Ao igual que para centros sanitarios tamén se contempla unha partida específica para facerse cargo do compromiso acadado coa FEGAMP no Pacto Local asinado en 2006 ao respecto do mantemento dos centros de educación primaria que actualmente levan a cabo determinados concellos, pese a que as competencias son autonómicas.

Refórzase o compromiso coas **universidades** galegas, establecendo, entre outras cuestións, un programa de becas para formación nos diferentes posgraos, así como para dotar nunha primeira contía – que deberá ser ampliada nos dous anos posteriores, ata completar o total da consignación prevista nun período trianual – tal que as taxas universitarias correspondentes as primeiras **matrículas sexan totalmente gratuítas**, compensando, como é lóxico, dende a Administración autonómica ás universidades por estas contías.

Na **loita contra a pobreza e a desigualdade**, increméntanse as dotacións para acadar un aumento no nivel de protección para as persoas en situación de vulnerabilidade económica e social, cunha especial atención ás familias de menores ingresos con fillos menores a cargo, pero incorporando tamén todo tipo de situacións de risco de pobreza; ampliando o ámbito temporal das axudas e posibilitando, no seu caso, que poida chegar ás persoas perceptoras de pensións



non contributivas. Debemos fortalecer a atención aos nosos maiores, tanto a través dun novo modelo de residencias que incorporen protección sociosanitaria como a través doutros tipos de atención non residencial, como a axuda no fogar, entre outras, para o que propoñemos un incremento orzamentario das partidas de Política Social. Do mesmo xeito, dótanse contías para poder ampliar a rede de **centros de día**, mellorando as condicións de traballo do persoal, ao tempo que se dota unha partida para a ampliación da rede galega de atención temperá, dada a escasa contía prevista no orzamento remitido. A maiores, prevese un **reforzamento dos servizos sociais** que son prestados a través das entidades locais que, en moitas ocasións, non teñen a capacidade necesaria para satisfacer a demanda que neste sentido teñen que soportar, ao tempo que se procede a un reforzo dos equipos de valoración da discapacidade. Tamén se avanza cara a acadar a **gratuidade na educación de 0 a 3 anos**, ao tempo que se posibilita a realización de diversas escolas infantís.

Así mesmo, cómpre reforzar as políticas de xuventude fronte ao recorte que plantexa o proxecto de orzamentos do goberno galego, polo que propoñemos incrementar as políticas sociais en materia de mocidade.

En canto á política de **vivenda**, nun contexto no que os orzamentos do goberno de España consignaron contías de dimensións significativas, propoñemos para o orzamento da Xunta o reforzamento significativo das axudas para aluguer, especialmente dirixidas á mocidade, ademais de actuacións no marco de rehabilitación, principalmente en diversos cascos históricos. Téntase modificar desta maneira o clamoroso déficit que ao respecto presenta a Xunta de Galicia, con partidas orzamentarias claramente insuficientes nos últimos anos e cunha promoción de vivenda pública insultante, pese a ser unha competencia exclusivamente autonómica.

3.4.- Compromiso co investimento para a modernización.

Xunto á prioridade nas persoas que debe marcar estes orzamentos, cómpre unha asignación do investimento público que sexa executable e que priorice aquelas cuestións fundamentais para o país.



Contéplanse unha serie de actuacións en infraestruturas que respalden o investimento produtivo para a modernización do país, con iniciativas concretas de apoio ás comarcas, así como acometer un plan de mellora das estradas para loitar contra os accidentes de tráfico co **aumento da seguridade viaria**. Promóvese tamén, deste xeito, rematar coa involución e parálise que se observa no chamado Plan Move por parte do Goberno da Xunta, impedindo que o déficit polos numerosos compromisos incumpridos continúe a aumentar. Todo o cal redundará nunha contribución importante ao aumento do emprego.

Abórdanse a realización de diversas **actuacións en materia de estradas**, nas súas dimensións máis urbanas ou para as comunicacións comarcais. Convén sinalar que durante moitos anos o goberno da Xunta deixou sen executar compromisos orzamentarios en materia de estradas, polo que unha asignación eficiente para infraestruturas no 2021 debe levar aquelas partidas que sexan efectivamente executables.

3.5.- Avanzar no desenvolvemento sostible e plans medioambientais: transición ecolóxica xusta, loita contra o cambio climático e mellora do ciclo da auga co saneamento das rías.

É necesario aumentar o ritmo de execución do **saneamento das rías galegas**, polas implicacións negativas sobre o medio ambiente que a lentitude e desidia da Xunta de Galicia está a provocar, ao tempo que contemplar toda unha serie de obras de **depuración e abastecemento** de auga para moitos núcleos de poboación que non contan actualmente con tales servizos básicos.

Igualmente débese reforzar a **defensa e protección dos espazos naturais**, promover actuacións co obxectivo de acadar unha **menos dependencia da carbonización**, ao tempo que avanzar nunha visión máis ampla e xeral sobre as distintas clases de residuos, ca formulación dun plan integral ao respecto.



3.6.- Actuacións en medio rural.

Fronte aos retos da Galicia baleira, cómpre unha política de desenvolvemento do rural e cohesión territorial. Neste senso, fronte á proposta da Xunta de reducir as partidas de fixación de poboación no rural, cómpre apostar polo compromiso cos fondos dedicados a esta cuestión vital.

3.7.- Compromiso cos concellos de Galicia.

Nun escenario no que as administracións locais teñen feito un esforzo de alta intensidade para atender á súa veciñanza ante a crise da covid, e nun contexto no que o goberno de España remite aos orzamentos da Xunta máis de 1.100 millóns de euros extra para o 2021, o goberno autonómico debe respaldar financeiramente aos concellos de Galicia. Neste senso, incrementamos a través de distintas partidas os fondos dedicados aos concellos en 120 millóns de euros.

3.8.- Medidas contra a violencia machista.

Establécense unha serie de actuacións para combater a violencia de xénero, ao entender insuficientemente dotada tal cuestión no proxecto presentado polo Goberno galego, e consideramos obrigado recoller cuestións como a posta en marcha de **centros de acollida**, principalmente nas áreas máis urbanas, ao tempo que se **amplíe a Rede CIM** de Galicia e se incrementen os **puntos de encontro**, co obxectivo de avanzar na súa instauración en cada unha das comarcas de Galicia.

3.9.- Memoria democrática.

Co obxecto de corrixir a total falla de presenza desta cuestión no proxecto de orzamento presentado polo Goberno galego, se dispón de partidas para acometer diversas actuacións: un plan galego para a exhumación das vítimas do franquismo, a potenciación de actos de recoñecemento e reparación das vítimas da guerra civil, medidas para a retirada de simboloxía franquista aínda presente



en lugares públicos e axudas para ás asociacións da Memoria Histórica e ás familias das vítimas.

4.- Movementos concretos de partidas orzamentarias.

Os obxectivos devanditos, lograranse en base ás modificacións das contías das diversas partidas orzamentarias que a continuación se relacionan, e tendo en conta que as modificacións propostas adecuaranse mediante a oportuna e necesaria realización das transferencias internas entre as consignacións da Administración xeral e as correspondentes entidades que conforman o orzamento consolidado da totalidade do sector público autonómico.

VARIACIONES Á BAIXA NAS SEGUINTE PARTIDAS DE GASTO				
Sección/Servizo/Programa/Capítulo-Artigo-Concepto-Subconcepto/Importe				
04	10	111A	11000	450.000
05	21	121A	212	400.000
08	81	451A	212	250.000
15	01	721A	215	30.000
08	81	451A	216	20.000
12	80	412B	500	2.000.000
12	80	412A	500	3.500.000
09	A1	512B	6001	20.000.000
08	02	541D	6011	375.000
08	03	541B	6011	429.386
08	03	541B	6012	196.636
14	03	713B	6046	1.000.000
08	04	521A	6071	5.000.000
23	2	621B	6501	15.000.000
08	81	451B	6071	7.750.000
09	A1	512B	6101	10.000.000
08	81	451A	6170	2.100.000
12	80	412B	6210	13.977.285



12	80	412B	6211	168.931
12	80	412B	6212	2.358.900
08	03	541B	6220	133.334
04	40	441A	6221	1.000.000
10	10	422A	6221	2.000.000
10	10	422D	6221	2.000.000
10	10	422A	6221	4.000.000
10	10	422M	6221	4.000.000
08	02	541E	6231	268.507
10	10	422M	6251	3.000.000
23	2	621B	6501	20.000.000
12	80	412B	6311	4.000.000
05	21	121A	6320	6.500.000
08	81	451A	6320	220.000
14	2	551B	6321	500.000
14	2	551B	6321	500.000
09	A1	512B	6001	20.000.000
10	10	422M	6321	2.000.000
10	10	422A	6321	5.000.000
04	40	441A	6322	400.000
23	1	621A	6400	710.000
04	40	441A	6400	125.000
04	20	461A	6400	750.000
08	01	511A	6400	100.000
08	81	451A	6400	500.000
08	81	451A	6400	600.000
12	80	411A	6400	387.705
08	03	541B	6401	1.378.052
08	02	541D	6401	2.000.000
10	10	422A	6221	4.000.000
08	02	541D	6401	2.000.000



08	02	541D	6401	3.000.000
09	A1	512B	6401	3.560.105
08	03	541B	6402	191.546
14	01	711A	6403	500.000
14	01	711A	6403	1.152.342
05	21	121A	6410	273.849
23	2	621B	6501	22.000.000
04	40	441A	6221	1.750.000
23	1	621A	6510	10.368.773
23	2	621B	6510	33.000.000
04	40	441A	11000	40.000
12	80	412A	500	2.000.000
04	30	312C	11000	60.000
04	20	461A	11000	260.000
05	11	311A	11000	33.000
05	27	121A	11000	175.000
10	10	422M	6221	6.000.000
05	21	121A	11000	250.000
06	01	611A	11000	130.000
07	01	541A	11000	140.000
08	01	511A	11000	150.000
09	10	731A	11000	200.000
09	A1	512B	6001	32.000.000
10	10	431A	11000	100.000
10	31	421A	11000	130.000
11	02	311A	11000	20.000
12	01	411A	11000	150.000
13	01	311A	11000	135.000
12	80	412A	500	3.000.000
14	01	711A	11000	135.000
15	01	721A	11000	135.000



04	40	441A	16000	11.000
04	30	312C	16000	20.000
04	20	461A	16000	80.000
04	10	111A	16000	140.000
09	A1	512B	6101	23.035.159
05	11	311A	16000	10.000
05	21	121A	16000	33.000
05	27	121A	16000	52.000
06	01	611A	16000	42.000
07	01	541A	16000	67.000
04	20	461A	6400	750.000
08	01	511A	16000	45.000
12	80	412A	500	3.000.000
09	10	731A	16000	60.000
10	10	431A	16000	35.000
10	31	421A	16000	50.000
11	02	311A	16000	6.000
12	01	411A	16000	50.000
12	80	412B	500	2.000.000
13	01	311A	16000	45.000
14	01	711A	16000	45.000
15	01	721A	16000	45.000
04	40	441A	22602	25.000
06	A1	741A	22602	200.000
07	01	541A	22602	60.000
09	A1	512B	6101	10.000.000
07	03	541B	22603	60.000
08	81	451A	22603	20.000
10	10	421A	22603	40.000
13	01	311A	22603	40.000
14	01	711A	22603	20.000



12	80	412A	500	3.500.000
23	04	124A	22603	50.000
07	02	541D	22606	40.000
04	20	461A	22608	300.000
04	20	461A	22699	80.000
04	A1	571A	22699	90.000
04	10	111A	22699	250.000
05	21	121A	22699	20.000
06	A1	741A	22699	25.000
12	80	412A	500	4.000.000
07	01	541A	22699	20.000
07	03	541B	22699	30.000
08	81	451A	22699	15.000
23	2	621B	6501	15.000.000
09	10	731A	22699	10.000
10	20	422C	22699	30.000
12	80	412B	500	2.000.000
10	10	431A	22699	40.000
04	20	461A	22706	10.000
04	A1	571A	22706	35.000
04	20	461A	6400	2.035.600
10	20	422C	22706	50.000
07	03	541D	22799	25.000
07	03	541B	22799	100.000
08	81	451A	22799	500.000
12	80	412B	22799	1.000.000
10	40	432B	44119	10.000
14	A2	561A	64001	308.442
09	01	542A	74001	30.000.000
15	01	513A	74002	8.351.448



VARIACIÓNS Á ALZA NAS SEGUINTE PARTIDAS DE INGRESO

(Capítulo/Artigo/Concepto/Subconcepto/Importe)

ADMINISTRACIÓN XERAL

		110	65.000.000
		111	28.125.000
		200	16.000.000
		201	5.000.000
		39199	12.000.000
		100000	20.400.000
		102000	4.500.000
		2501	6.500.000
		170	18.000.000
		231	1.000.000
		292	6.500.000
		230	5.250.000
		534	1.300.000

ORGANISMOS AUTÓNOMOS

08	81	60000	3.000.000
07	83	60001	1.500.000
07	83	71001	3.500.000
12	80	363	1.500.000
12	80	364	1.500.000
12	80	365	1.500.000
12	80	39999	1.000.000



VARIACIONES Á ALZA NAS SEGUINTE PARTIDAS DE GASTO					
(Sección/Servizo/Programa/Capítulo - Artigo- Concepto – Subconcepto / Importe)					
1.- PROGRAMA DE MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA					
1.1.- CONSTRUCCIÓN, MELLORA E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS					
12	80	412B	62103	CENTRO DE SAÚDE EN O GROVE	400.000
12	80	412B	62104	CENTRO DE SAÚDE EN BOUZAS - VIGO (AMPLIACIÓN)	400.000
12	80	412B	62105	CENTRO DE SAÚDE EN RIBADAVIA	400.000
12	80	412B	62106	CENTRO DE SAÚDE EN MARIÑAMANSA - OURENSE	400.000
12	80	412B	62107	CENTRO DE SAÚDE EN PONTEAREAS	400.000
12	80	412B	62108	CENTRO DE SAÚDE EN CEDEIRA	400.000
12	80	412B	62109	CENTRO DE SAÚDE EN ANTAS DE ULLA	400.000
12	80	412B	62110	CENTRO DE SAÚDE EN CALDAS DE REIS	400.000
12	80	412B	621011	CENTRO DE SAÚDE EN O VINTEÚN - OURENSE	400.000
12	80	412B	621012	CENTRO DE SAÚDE EN CARBALLO	400.000
12	80	412B	621013	CENTRO DE SAÚDE EN POIO	400.000
12	80	412B	621014	CENTRO DE SAÚDE EN VILAGARCÍA DE AROUSA	400.000
12	80	412B	621015	CENTRO DE SAÚDE EN PORRIÑO	400.000
12	80	412B	621016	CENTRO DE SAÚDE EN BARREIROS	400.000
12	80	412B	621017	CENTRO DE SAÚDE EN RIBEIRA	400.000
12	80	412B	621018	CENTRO DE SAÚDE EN TEO	400.000
12	80	412B	621019	CENTRO DE SAÚDE EN NOIA	400.000
12	80	412B	621020	CENTRO DE SAÚDE ÁNGEL CARRACEDO DE SANTA COMBA	400.000
12	80	412B	621021	CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DO MORRAZO	400.000
12	80	412B	621022	CENTRO DE SAÚDE DAS REVOLTAS EN CABANA DE BERGATIÑOS	400.000
12	80	412B	621023	CENTRO DE SAÚDE DE NANTÓN EN CABANA DE BERGATIÑOS	400.000
12	80	412B	621024	CENTRO DE SAÚDE EN FORNELOS DE MONTES	400.000
12	80	412B	621025	CENTRO DE SAÚDE EN BARRO	400.000
12	80	412B	621026	CENTRO DE SAÚDE EN PONTECALDELAS	400.000
12	80	412B	621027	CENTRO DE SAÚDE EN MEIS	400.000



12	80	412B	621028	CENTRO DE SAÚDE EN TOURO	400.000
12	80	412B	621029	CENTRO DE SAÚDE DE SIXALDE EN MOÑA	400.000
12	80	412B	621030	CENTRO DE SAÚDE EN MAZARICOS	400.000
12	80	412B	621031	CENTRO DE SAÚDE EN ORDES	400.000
12	80	412B	621032	CENTRO DE SAÚDE EN CARBALLIÑO	400.000
12	80	412B	621033	CENTRO DE SAÚDE EN MURAS	400.000
12	80	412B	621034	CENTRO DE SAÚDE EN MOS	400.000
12	80	412B	621035	CENTRO DE SAÚDE EN A POBRA DO CARAMIÑAL	400.000
1.2.- PLAN EXTRAORDINARIO DE RECURSOS HUMANOS EN ATENCIÓN PRIMARIA					
12	80	412B	11000	REPOSICIÓN CADROS DE PERSOAL E DOTACIÓN NOVO PERSOAL	20.000.000
1.3.- MANTEMENTO CENTROS DE TITULARIDADE MUNICIPAL					
12	80	412B	4891	GASTOS MANTEMENTO DE CENTROS CONCELLOS (ACORDO COA FEGAMP)	4.000.000
1.4.- MELLORA ASISTENCIAL EN ATENCIÓN PRIMARIA					
12	80	412B	11001	ÁREAS ASISTENCIAIS NON FACULTATIVAS	8.000.000
12	80	412B	6404	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	10.000.000
12	80	412B	22607	FORMACIÓN	2.000.000
12	80	412B	62405	DOTACIÓN NOVOS VEHÍCULOS PARA ATENCIÓN SANITARIA URXENTE	5.000.000
12	80	412B	11002	DOTACIÓN DE RRHH PARA ATENCIÓN SANITARIA URXENTE	2.000.000
12	80	412B	22608	ESTRATEGIA GALEGA DA CRONICIDADE	10.000.000
2.- PROGRAMA DE ATENCIÓN HOSPITALARIA					
2.1.- INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO					
12	80	412A	6213	AMPLIACIÓN PARTIDAS PLANS DIRECTORES E PLANS FUNCIONAIS	2.000.000
12	80	412A	6214	GRATUIDADE APARCAMENTOS HOSPITAIS PÚBLICOS	2.000.000
12	80	412A	6215	DOTACIÓN NOVOS EQUIPAMENTOS EN HOSPITAIS	5.000.000
2.2.- PERSOAL E ASISTENCIA SANITARIA HOSPITALARIA					
12	80	412A	6408	IMPLANTACIÓN DE CATÁLOGO DE SERVIZOS MÍNIMOS	1.000.000
12	80	412A	6409	PLAN DE MELLORA ASISTENCIAL EN PATOLOXÍAS	7.000.000



MÁIS RELEVANTES					
12	80	412A	11000	PLAN EXTRAORDINARIO DE RRHH EN HOSPITAIS COMARCAIS	5.000.000
12	80	412A	11001	RESPOSICIÓN DE CADROS DE PERSOAL	7.000.000
3.- PROGRAMAS ASISTENCIAIS E PARA A SAÚDE PÚBLICA					
12	80	412B	6405	PLAN SAÚDE MENTAL	4.000.000
12	80	412B	6406	PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAÚDABLES E CONTRA TRANSTORNOS ADITIVOS	4.000.000
12	80	412B	6407	PROGRAMA DE LOITA CONTRA A ADICIÓN AO XOGO E APOSTAS	4.000.000
4.- INVESTIGACIÓN SANITARIA					
12	80	561C	13101	PROGRAMA EXTRAORDINARIO DE RRHH	1.000.000
12	80	561C	13102	PLAN DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE GALICIA	5.000.000
5.- PROGRAMAS DE REFORZO DE SECTORES PRODUCTIVOS					
5.1- PLAN PARA UNHA TRANSICIÓN ENERXÉTICA XUSTA					
6	2	732A	6401	PARTICIPACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PROGRAMAS CONXUNTO CAS COMARCAS AFECTADAS	6.000.000
5.2- PLAN PARA O REFORZO DAS INDUSTRIAS ELECTROINTENSIVAS					
6	2	732A	6402	ACTUACIÓNS EN INDUSTRIAS ELECTROINTENSIVAS	6.000.000
5.3- ACTUACIÓNS EN MATERIA DE APOIO EMPRESARIAL					
11	5	323A	4609	PLAN DE FORMACIÓN EN SECTORES METALMECÁNICOS PARA ENTIDADES LOCAIS	1.500.000
6	2	732A	6402	PLAN ACTUACIÓNS VIABILIDADE EMPRESAS EN CRISE	2.750.000
14	4	741A	7701	CIDADE DO MAR EN VIGO	1.000.000
6	A2	561A	6402	PROMOCIÓN ACTUACIÓNS EMPRESA/UNIVERSIDADE PARA FOMENTO DO I+D+I	7.000.000
6. PROGRAMAS PARA A MELLORA DO MEDIO RURAL					
14	4	712B	430	PLAN DE XESTIÓN TERRITORIAL E PARA O DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL NO RURAL	2.750.000
14	5	712A	431	PLAN DE RECUPERACIÓN DE TERRAS PARA ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS E FORESTAIS	2.500.000
14	4	712A	43201	PLAN DE APOIO Á FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	3.000.000



14	4	712B	431	PLAN DE AXUDAS AOS SECTORES PRODUTIVOS AFECTADOS POLA COVID-19	2.500.000
7.- PROGRAMAS PARA A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE					
11	5	322A	4501	FOMENTO DO EMPREGO PARA PERSOAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN E MAIORES DE 45 ANOS	2.000.000
11	5	322A	4502	FOMENTO DO EMPREGO FEMININO	6.000.000
11	5	322A	4503	FOMENTO DO EMPREGO DA XENTE MOZA	3.000.000
11	5	323A	4504	REFORZAMENTO DAS OFICINAS DE EMPREGO	1.000.000
11	5	323A	4505	PROGRAMA DE RETORNO	2.000.000
11	5	323A	4602	FORMACIÓN PERSOAS DESEMPREGADAS EN COOPERACIÓN OU A TRAVES DE ENTES LOCAIS	2.000.000
11	5	323A	4812	FORMACIÓN PERSOAS DESEMPREGADAS (INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO)	1.000.000
8.- APOIO Á HOSTALERÍA, AO COMERCIO E AO TURISMO					
6	3	751A	400	AXUDAS AO COMERCIO E HOSTALERÍA	40.000.000
5	A2	761A	400	AXUDAS AO TURISMO	20.000.000
9.- APOIO AOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL					
9.1- MELLORAS NAS CONSIÇÕES SOCIAIS PARA ÁS FAMILIAS					
13	3	312A	4803	REFORZO NO PROGRAMA DE ACOLLIDA. AXUDAS ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS	1.000.000
9.2- AUMENTO E MELLORA DAS RESIDENCIAS DE MAIORES					
13	4	312E	62201	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN SANTA COMBA	300.000
13	4	312E	62202	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN AMOEIRO	300.000
13	4	312E	62203	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN RIBEIRA	300.000
13	4	312E	62204	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN NARÓN	300.000
13	4	312E	62205	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN VIGO	300.000
13	4	312E	62206	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES NAS PONTES	300.000
13	4	312E	62207	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN CALVOS DE RANDÍN	300.000
13	4	312E	62208	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN PETÍN	300.000



13	4	312E	62209	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN LAXE	300.000
13	4	312E	62210	AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA MAIORES NA ESTRADA	300.000
13	4	312E	62211	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN BOIRO	300.000
13	4	312E	62212	AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA MAIORES EN PONTEAREAS	300.000
13	4	312E	62213	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS MAIORES EN RIBEIRA DE PIQUÍN	300.000
13	4	312E	62214	FINALIZACIÓN DA RESIDENCIA MAIORES EN CARIÑO	300.000
13	4	312E	62215	AUMENTO DE NÚMERO DE PRAZAS NAS RESIDENCIAS DE MAIORES	1.000.000
13	4	312E	62216	CONSTRUCCIÓN DE RESIDENCIAS NOUTRAS VILAS E COMARCAS DE GALICIA	1.000.000
9.3- PROGRAMA DE DOTACIÓN COMARCAL DE CENTROS DE DÍA					
13	4	312E	62217	CENTRO DE DÍA EN TOURO	300.000
13	4	312E	62218	CENTRO DE DÍA EN PONTECALDELAS	300.000
13	4	312E	62219	CENTRO DE DÍA EN AMES	300.000
13	4	312E	62220	CENTRO DE DÍA EN SALCEDA DE CASELAS	300.000
13	4	312E	62221	CENTRO DE DÍA EN BETANZOS	300.000
13	4	312E	62222	CENTRO DE DÍA EN NOIA	300.000
13	4	312E	62223	CENTRO DE DÍA EN AMOEIRO	300.000
13	4	312E	62224	CENTRO DE DÍA EN NEDA	300.000
13	4	312E	62225	AMPLIACIÓN CENTRO DE DÍA EN RIBEIRA	300.000
13	4	312E	62226	CENTRO DE DÍA EN CEDEIRA	300.000
13	4	312E	62227	CENTRO DE DÍA EN BARBADÁS	300.000
13	4	312E	62228	CENTRO DE DÍA EN ARTEIXO	300.000
13	4	312E	62229	CENTRO DE DÍA NO PINO	300.000
13	4	312E	62230	AMPLIACIÓN CENTRO DE DÍA ROIS	300.000
13	4	312E	62231	CENTRO DE DÍA EN VIGO	300.000
13	4	312E	62232	CENTRO DE DÍA EN CORCUBIÓN	300.000
9.4- PROTECCIÓN E INSERCCIÓN SOCIAL					
13	2	312B	6401	CENTROS DE MENORES E VIVENDAS TUTELADAS -	2.000.000



				OBRAS DE MELLORA E MANTENEMENTO	
13	2	312B	6402	CREACIÓN NOVOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR	2.000.000
9.5- DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA					
13	3	311A	110	REFORZO DE EQUIPOS DE VALORACIÓN Á DISCAPACIDADE	3.500.000
13	3	312A	4601	PLAN DE SERVIZOS SOCIAIS COAS ENTIDADES LOCAIS	8.000.000
9.6- PROMOCIÓN NA GRATUIDADE NOS SERVIZOS DE 0-3 ANOS					
13	2	312B	7812	GRATUIDADE NA EDUCACIÓN 0-3 ANOS	12.500.000
13	2	312B	6321	MELLORA ESCOLA INFANTIL EN RIBADAVIA	200.000
13	2	312B	6322	AMPLIACIÓN ESCOLA INFANTIL EN ROIS	200.000
13	2	312B	6323	MELLORA ESCOLA INFANTIL EN CABANA DE BERGANTIÑOS	200.000
13	2	312B	6324	NOVA ESCOLA INFANTIL EN PONTEAREAS	200.000
13	2	312B	6325	NOVA ESCOLA INFANTIL EN REDONDELA	200.000
13	2	312B	6326	NOVA ESCOLA INFANTIL EN BARBADÁS	200.000
13	2	312B	6327	NOVA ESCOLA INFANTIL EN BOIRO	200.000
13	2	312B	6328	NOVA ESCOLA INFANTIL EN OURENSE	200.000
13	2	312B	6329	NOVA ESCOLA INFANTIL EN MONFORTE DE LEMOS	200.000
13	2	312B	63210	NOVA ESCOLA INFANTIL EN SALCEDA DE CASELAS	200.000
9.7- OUTRAS ACTUACIÓN DE MELLORA EN POLITICA SOCIAL					
13	5	312B	48001	GRATUIDADE DO SAF	3.000.000
13	4	312E	4601	REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ	5.000.000
10.- ACTUACIÓN PARA A PROMOCIÓN E ACCESO Á VIVENDA					
10.1- ACTUACIÓN EN REHABILITACIÓN - PLANS REXURBE					
8	81	451A	6181	ACTUACIÓNS PLAN REXURBE	5.000.000
10.2- ACTUACIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN DE VPP					
8	81	451B	6071	CONSTRUCCIÓN VIVENDAS VPP	12.000.000
10.3- ACTUACIÓN EN MATERIA DE AXUDAS PARA O ACCESO Á VIVENDA					
8	81	451B	7804	AXUDAS Á MOCIDADE PARA ALUGUEIRO DE VIVENDAS	7.000.000



8	81	451B	7805	AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA ALUGUEIRO DE VIVENDAS	4.000.000
11- ÁREAS EDUCATIVAS: PROGRAMAS DE REFORZO, AXUDA E MELLORA					
11.1- EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA					
11.1.2- MANTEMENTO CENTROS					
10	31	422A	22901	GASTOS MANTEMENTO CENTROS CONCELLOS (ACORDO CA FEGAMP)	5.000.000
10	31	422A	22902	FONDO EXTRAORDINARIO COVID-19 PARA CONCELLOS	5.000.000
11.1.3- INFRAESTRUTURAS					
10	10	422A	6321	Reparacións, ampliacións e melloras	10.000.000 €
10	10	422A	62211	Proxecto novo CEIP en Arteixo - ARTEIXO (A CORUÑA)	200.000 €
10	10	422A	62212	Adecuación do II Bloque do CEIP Vales Villamarín - BETANZOS (A CORUÑA)	400.000 €
10	10	422A	62213	Ampliación do aulario de infantil do CEIP O Coto - NEGREIRA (A CORUÑA)	225.000 €
10	10	422A	62214	Substitución carpinterías exteriores no CEIP O Coto - NEGREIRA (A CORUÑA)	165.000 €
10	10	422A	62215	Melloras no CPI Camiño de Santiago, entre outras, illamento acústico e térmico - O PINO (A CORUÑA)	750.000 €
10	10	422A	62216	Rehabilitación integral do CEIP José Maria Lage - ORTIGUEIRA (A CORUÑA)	300.000 €
10	10	422A	62217	Ampliación do CEIP Quiroga Palacios - Conxo - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)	350.000 €
10	10	422A	62218	Acondicionamentos dos CRA de Teo, especialmente o peche perimentral - TEO (A CORUÑA)	200.000 €
10	10	422A	62219	Reforma integral do colexio San Vicenzo - VIMIANZO (CORUÑA)	400.000 €
10	10	422A	622110	Mellora da eficiencia enerxética no CPI de Castroverde - CASTROVERDE (LUGO)	640.000 €
10	10	422A	622111	Reforma integral do CEIP de Nois - FOZ (LUGO)	900.000 €
10	10	422A	622112	Renovación e reparación Centro Escolar Anía Cal do Concello de Muras - MURAS (LUGO)	250.000 €
10	10	422A	622113	Pavillón no CEIP de Covas - VIVEIRO (LUGO)	400.000 €
10	10	422A	622114	Rehabilitación do Colexio vello de Maside - MASIDE (OURENSE)	205.000 €
10	10	422A	622115	Acondicionamento do Colexio Areas-Sabarís - BAIONA (PONTEVEDRA)	250.000 €



10	10	422A	622116	Melloras constructivas e de aillamento térmico no colexio público de Sequelo - MARÍN (PONTEVEDRA)	360.000 €
10	10	422A	622117	Melloras constructivas e de aillamento térmico nos colexios públicos de A Laxe - MARÍN (PONTEVEDRA)	360.000 €
10	10	422A	622118	Melloras constructivas e de aillamento térmico nos colexios públicos de Ardán - MARÍN (PONTEVEDRA)	360.000 €
10	10	422A	622119	Melloras constructivas e de aillamento térmico nos colexios públicos de Virxe do Carme - MARÍN (PONTEVEDRA)	360.000 €
10	10	422A	622120	Melloras constructivas e de aillamento térmico nos colexios públicos do Grupo - MARÍN (PONTEVEDRA)	360.000 €
10	10	422A	622121	Mellora de eficiencia enerxética e reforma do CEIP Fermín Bouza Brey - PONTEAREAS (PONTEVEDRA)	300.000 €
10	10	422A	622122	Actuacións de mellora da Ponte dos Remedios - PONTEAREAS (PONTEVEDRA)	200.000 €
10	10	422A	622123	Reforma integral CEP Altamira - SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA)	500.000 €
10	10	422A	622124	Construción cubertas de patios en centros educativos (Vigo) - VIGO (PONTEVEDRA)	300.000 €
10	10	422A	622125	Obras de melloras no CEIP Cerdeiriñas (Piloño) - VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)	200.000 €
10	10	422A	622126	Obras de melloras e reformas do CEIP A Nosa Señora da Piedade - VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)	200.000 €
11.2- EDUCACIÓN SECUNDARIA					
11.2.2- INFRAESTRUTURAS					
10	10	422M	6321	Reparacións, ampliacións e melloras	5.000.000 €
10	10	422M	6223	Construción dun pavillón cuberto no IES de Ames - AMES (A CORUÑA)	500.000 €
10	10	422M	6224	Diversas melloras no IES Francisco Aguiar - BETANZOS (A CORUÑA)	400.000 €
10	10	422M	6225	Centro Integrado de Formación Profesional - CARBALLO (A CORUÑA)	250.000 €
10	10	422M	6226	Ciclos formativos: atención sociosanitaria, do Mar e Agrario/forestal - ORTIGUEIRA (A CORUÑA)	500.000 €
10	10	422M	6227	Mellora da eficiencia enerxética do IES Foz - FOZ (LUGO)	600.000 €
10	10	422M	6228	Ampliación do IES Antón Alonso Ríos - TOMIÑO (PONTEVEDRA)	500.000 €
10	10	422M	6229	Campus FP Meixoeiro. IGAPE - GAIN (Vigo) - VIGO (PONTEVEDRA)	1.500.000 €
10	10	422M	62210	Instituto de Ensino Secundario de Navia - VIGO (PONTEVEDRA)	500.000 €



11.3- AUMENTOS DAS AXUDAS COMPLEMENTARAS Á ENSINANZA					
10	10	423A	22107	AXUDAS COMEDORES ESCOLARES	7.500.000
10	10	423A	22108	CREACIÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA COMEDORES ESCOLARES	2.500.000
11.4- OUTRAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ENSINANZA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA					
10	30	423B	6403	PREVENCIÓN ABANDONO ESCOLAR: PROGRAMAS DE PREVENCIÓN	3.000.000
10	30	423B	6404	PREVENCIÓN ABANDONO ESCOLAR: MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR	3.000.000
10	30	423B	6405	PROGRAMA RENOVACIÓN INFORMÁTICA PARA O ENSINO PÚBLICO	4.000.000
10	30	423B	6407	LINGUAS ESTRANXEIRAS: AXUDAS AO ALUMNADO E PROFESORADO	2.000.000
10	30	423B	6408	PROGRAMA SAÍDA AO EXTERIOR PARA APRENDIZAXE DE IDIOMAS (SECUNDARIA)	2.750.000
10	30	423B	6409	LINGUAS ESTRANXEIRAS: FORMACIÓN DO PROFESORADO	2.750.000
10	50	151A	6402	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: ACTIVIDADES FORMACIÓN	4.000.000
10	10	422D	6321	REHABILITACIÓNS/MELLORA CENTROS EDUCACIÓN ESPECIAL	3.500.000
10	10	422E	6321	REHABILITACIÓNS/MELLORA CENTROS EDUCATIVOS ENSINANZAS ARTÍSTICAS	3.500.000
10	10	422G	6321	REHABILITACIÓNS/MELLORA CENTROS EDUCATIVOS ENSINANZAS ESPECIAIS	3.500.000
10	50	151A	4600	TRANSFERENCIA CLL NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	150.000
10	50	151A	4701	SUBVENCIÓNS A EMPRESAS EDITORAS PARA PROXECTOS EN LINGUA GALEGA	300.000
10	50	151A	6404	PROXECTOS DE FOMENTO E FORMACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS NON UNIVERSITARIOS	250.000
11.5- ACTUACIÓNS EN ENSINANZAS UNIVERSITARIAS E INVESTIGACIÓN					
10	20	422C	4441	GRATUIDADE TAXAS UNIVERSITARIAS	20.000.000
10	20	422C	4801	PROGRAMA DE BOLSAS PARA POSTGRADOS UNIVERSITARIOS	3.000.000
10	20	561B	7440	FOMENTO DA I+D+I E A TRANSFERENCIA	5.000.000
10	20	422C	48000	BOLSAS AO ALUMNADO ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	3.000.000
12.- ENTIDADES LOCAIS					



23	1	811C	4601	FONDO EXTRAORDINARIO COVID-19 PARA CONCELLOS	100.000.000
13.- ACTUACIÓN PARA A RECUPERACIÓN E MELLORA DA SOSTENIBILIDADE MEDIOAMBIENTAL					
13.1- PLAN DE TRANSICIÓN AMBIENTAL Á DESCARBONIZACIÓN					
8	2	541D	6403	ACTUACIÓN CARA A UNHA MENOR DEPENDENCIA DA CARBONIZACIÓN	6.000.000
13.2- PLANS DE SANEAMENTO					
9	1	542B	74002	SANEAMENTO ESTRADA DE OURENSE COA EDAR DE PARTOVIA	700.000
9	1	542B	74003	EDAR DE MALPICA	700.000
9	1	542B	74004	CAPTACIÓN AUGA RÍO MIÑO REDE DE ABASTECIMENTO EN SALVATERRA DO MIÑO	700.000
9	1	542B	74005	SANEAMENTO ALDEAS EN CONCURBIÓN	700.000
9	1	542B	74006	SANEAMENTO E EDAR EN CUNTIS	700.000
9	1	542B	74007	SANEAMENTO CONSERVACIÓN DA RIBEIRA DOS RÍOS GALLO E ULLA EN CUNTIS	700.000
9	1	542B	74008	EDAR SARDIÑEIRO EN FISTERRA	700.000
9	1	542B	74009	DEPURADORA NO NÚCLEO FECES DE CIMA EN VERÍN	700.000
9	1	542B	74010	EDAR DO RÍO MENDO EN SALVATERRA DO MIÑO	700.000
9	1	542B	74011	SANEAMENTO DE ABECIL - CUÑAS, A FRAGA, MIRÓN E FORZÁNS EN PONTECALDELAS	700.000
9	1	542B	74012	AMPLIACIÓN E MELLORA DA EDAR DE MONFORTE	700.000
9	1	542B	74013	LIMPEZA RÍO MASMA EN BARREIROS	700.000
9	1	542B	74014	DEPURADORA NO NÚCLEO DE TAMAGOS EN VERÍN	700.000
9	1	542B	74015	SANEAMENTOS DE ALUNCÍA, A INSUA, BALTAR, A ROCA, BARBUDO, CHAÍN E ANCEU EN PONTECALDELAS	700.000
9	1	542B	74016	INSTALACIÓN DE SISTEMA DE DEPURACIÓN E MELLORA DO ALCANTARILLADO EN BOIMORTO	700.000
9	1	542B	74017	SANEMANTO E CONSTRUCCIÓN DA EDAR DA IGREXA EN TRABADA	700.000
9	1	542B	74018	SANEMANTO NOS NÚCLEOS RURAIS EN VIMIANZO	700.000
9	1	542B	74019	AMPLIACIÓN, MELLORA E CONSERVACIÓN DA ETAP EN ORDES	700.000
9	1	542B	74020	SANEAMENTO NO RURAL EN LUGO	700.000



9	1	542B	74021	DEPURADORA EN RIÓS	700.000
9	1	542B	74022	NOVA ETAP EN PONTECARREIRA EN FRADES	700.000
9	1	542B	74023	REDE DE AUGAS RESIDUAL NO POLÍGONO DO CADAVAL EN FRADES	700.000
9	1	542B	74024	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO RURAL EN FORCAREI	700.000
9	1	542B	74025	REFORMAS E REPARACIÓNS NA DEPURADORA DE CABO DE CRUZ	700.000
9	1	542B	74026	EDAR DE SAN MIGUEL DE REINANTE EN BARREIROS	700.000
9	1	542B	74027	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE PIÑEIRO E TAPIA EN AMES E TROITOSENDE NA BAÑA	700.000
13.3- PLANS DE ABASTECIMENTO					
9	1	542B	74028	MELLORA SISTEMA ABASTECIMENTO EN VILABOA	700.000
9	1	542B	74029	MELLORA SISTEMA ABASTECIMENTO EN BARBADÁS	700.000
9	1	542B	74030	MELLORA SISTEMA ABASTECIMENTO DE SANTO ANDRÉ EN RIBADAVIA	700.000
9	1	542B	74031	MELLORA SISTEMA ABASTECIMENTO EN PUNXÍN	700.000
9	1	542B	74032	MELLORA SISTEMA ABASTECIMENTO EN PONTEAREAS	700.000
13.4- ACTUACIÓNS DE MELLORA MEDIO AMBIENTAL					
8	3	541B	6407	DEFENSA E CONVERSACIÓN DOS ESPAZOS PROTEXIDOS	3.000.000
7	2	541D	6403	PLAN TRANSVERSAL PARA A MELLORA NA XESTIÓN DE RESIDUOS	7.000.000
14.- ACTUACIÓNS EN MATERIA DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO					
11	2	313B	4600	ACCÍONS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA XÉNERO EELL	1.000.000
11	2	313B	4810	APOIO AO MOVEMENTO ASOCIATIVO LGTBI	300.000
11	2	313D	4440	ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NAS UNIVERSIDADES	250.000
11	2	313D	4802	ACTUACIÓNS INTEGRAIS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	1.000.000
11	2	313D	4600	SOLUCIÓNS HABITACIONAIS NAS COMARCAS URBANAS PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2.000.000



11	2	313D	61002	MELLORA DA REDE DE CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER	1.500.000
11	2	313D	61003	ACONDICIONAMENTO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO VIGO	500.000
11	2	313D	64002.1	CIM TOMIÑO	50.000
15.- ACTUACIÓNS PARA A MEMORIA HISTÓRICA					
4	10	111A	6401	PLAN GALEGO PARA A EXHUMACIÓN DE VÍTIMAS DO FRANQUISMO	1.000.000
4	10	111A	6402	ACTOS DE RECOÑECIMENTO E REPARACIÓN VÍTIMAS DA GUERRA CIVIL E DA DITADURA	150.000
4	10	111A	6403	RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DE LUGARES PÚBLICOS	150.000
4	10	111A	4801	AXUDAS ÁS ASOCIACIÓNS DA MEMORIA HISTÓRICA E ÁS FAMILIAS DAS VÍTIMAS	300.000
16.- POLÍTICAS E PLANS PARA A MOCIDADE					
13	6	313A	44800	AXUDAS Á MOCIDADE PARA ACCIÓN DE MOBILIDADE	750.000
13	6	313A	48010	AXUDAS Á MOCIDADE	1.500.000
13	6	313A	4810	AXUDAS A ASOCIACIÓNS XUVENÍS E SEN ÁNIMO DE LUCRO	1.000.000
13	6	313A	4600	AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A MOCIDADE	1.000.000
17.- CULTURA					
10	40	432A	628	OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL CULTURA	500.000
10	40	432A	640	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL EN CULTURA	500.000
10	41	433A	619	BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E CULTURAL	500.000
10	41	433A	6321	INTERVENCIÓNS NO PATRIMONIO CULTURAL E NAS INFRAESTRUTURAS CULTURAS	1.000.000
10	41	433A	6401	PROMOCIÓN, CATALOGACIÓN E INVENTARIO DO PATRIMONIO CULTURAL	500.000
18.- ACTUACIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE					
4	40	441A	6401	MELLORA PARA O FINANCIAMENTO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS	1.000.000
4	40	441A	6402	APOIO AO DEPORTE DE MULLERES	1.500.000



19.- PROGRAMA DE INFRAESTRUCTURAS TRANSPORTE TERRESTRE					
19.1- ENTORNOS URBÁNS E CONEXIÓNS INTERURBÁNS E INTERCOMARCAIS					
8	A1	512B	60010	CONVERSIÓN VIAL URBANO AP-9 EN VIGO	1.000.000
8	A1	512B	60011	ROLDA BULEVAR DE OURENSE	500.000
8	A1	512B	60012	VAC COSTA NORTE	500.000
8	A1	512B	60013	DESOBRAMENTO VIAL SALNÉS - O GROVE	500.000
8	A1	512B	60014	CIRCUNVALACIÓN MEICENDE EN ARTEIXO	500.000
8	A1	512B	60015	CIRCUNVALACIÓN SIGÜEIRO EN OROSO	500.000
8	A1	512B	60016	CIRCUNVALACIÓN Á LARACHA	500.000
8	A1	512B	60017	CIRCUNVALACIÓN A RIBEIRA	500.000
8	A1	512B	60018	ENLACE PUNXÍN CA AG 53	500.000
8	A1	512B	60019	VÍA DE ALTA PRESTACIÓNS TUI A GUARDA TRAMOS I-II (A GUARDA)	500.000
8	A1	512B	60020	ROLDA SURESTE ENTRE N-550 E DP-5903 EN ORDES	500.000
8	A1	512B	60021	PROLOGANCIÓN DA AUTOVÍA ATÉ CEE	500.000
8	A1	512B	60022	CIRCUNVALACIÓN DE CARBALLO	200.000
8	A1	512B	60023	PROLOGANCIÓN DA VAC ORTIGUEIRA	500.000
8	A1	512B	60024	CIRCUNVALACIÓN DE CANGAS	500.000
8	A1	512B	60025	ENLACE DA N-120 COA A-76 EN TRIVES	500.000
8	A1	512B	60026	ROLDA A LAGOELA EN SALCEDA DE CASELAS	150.000
8	A1	512B	60027	ENLACE DENDE O CORREDOR SANTA IRENA- CALO AO POLÍGONO (VIMIANZO)	500.000
8	A1	512B	60028	ROLDA NA ENTRADA DE VIMIANZO	150.000
8	A1	512B	60029	PROXECTO ENLACE POLÍGONO DE MORÁS COA AC-552 NA ROTONDA DE PESCANOVA (ARTEIXO)	100.000
8	A1	512B	60030	REMATE DE VAP TUI-GOIÁN (TOMIÑO)	500.000
8	A1	512B	60031	TRAMO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES TIRÁN (MOAÑA)	500.000
19.3- OUTRAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE COMUNICACIÓNS					
08	A1	512B	6001.1	SENDA PEONIL PO 551 MEIRA DO MAIO (MOAÑA)	100.000
08	A1	512B	6001.2	SENDA DE CIRCUNVALACIÓN AO MONTE TREGA CON ZONA PEONIL E CARRIL BICI (A GUARDA)	100.000
08	A1	512B	6001.3	SENDA PEONIL ENTRE O FERREIRIÑO, REIS E A RAMALLOSA (TEO) NA ESTRADA AC-841	100.000



08	A1	512B	6001.4	PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL DA SEGURIDADE VIARIA NA AC-552 AO SEU PASO POR VILARRODÍS (ARTEIXO)	100.000
08	A1	512B	6001.5	CARRIL BICI E SENDA PEONIL NA ESTRADA AC-100 DE O BARQUEIRO A VILA DE BARES (MAÑÓN)	100.000
08	A1	512B	6001.6	MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NA BARCA - ANDURIQUE - PORTELIÑA NA PO-308 (POIO)	100.000
08	A1	512B	6001.8	MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL PO-308 CHANCELAS A COMBARRO, COMBARRO-FONTENLA (POIO)	100.000
08	A1	512B	6001.9	OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PO-230 E DA PO-234 CERDE-COTOBADE (A LAMA)	100.000
08	A1	512B	6001.10	RENOVACIÓN DE 4 KMS LU-540 AO SEU PASO POLO CONCELO DE MURAS	100.000
08	A1	512B	6001.11	OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA MOSTEIRO-RÍO XOAN LU-760 (POL)	100.000
08	A1	512B	6001.12	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, PEONIL E CICLISTA NA ESTADA DE PONTEAREAS-SALVATERRA PO-403	100.000
08	A1	512B	6001.13	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, PEONIL E CICLISTA NA ESTADA DE MONDARIZ-PONTEAREAS NA PO-254	100.000
08	A1	512B	6001.14	MELLORA DA SEGURIDADE, VIARIA, PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA DE PRADO A PAZOS DE BORBÉN PO-252	100.000
08	A1	512B	6001.15	MELLORA DA SEGURIDADE, VIARIA, PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA DE VILSOBROSO A SALVATERRA PO-402	100.000
08	A1	512B	6001.16	MELLORA DA ESTRADA DENDE A CAPITALIDADE DE IRIXO A ESTRADA PONTEVEDRA-OURENSE N-541	100.000
08	A1	512B	6001.17	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE NA PO-313 E PO-541 (MOAÑA)	100.000
08	A1	512B	6001.18	REPOSICIÓN FIRME PO-213 E PO-214 (A ESTRADA)	100.000
08	A1	512B	6001.19	MELLORA ACCESO AO PORTO (PARADA DO SIL)	100.000
08	A1	512B	6001.20	MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN XUBIA CON ROTONDA (NEDA)	100.000
08	A1	512B	6001.21	ACONDICIONAMENTO DE ROTONDAS (ORTIGUEIRA)	100.000
08	A1	512B	6001.22	PLAN XERAL HUMANIZACIÓNS ESTRADAS AUTONÓMICAS, PO-325, PO 330 E PO-552	100.000
08	A1	512B	6001.23	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA AC-161 ENTRE AS ANGUSTIAS E BERGONDO NO LUGAR	100.000



CASTROPONTELLAS (BETANZOS)					
08	A1	512B	6001.24	PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. CELANOVA (BARBADÁS)	100.000
08	A1	512B	6001.25	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA AC-552 AO SEU PASO POR LARACHA	100.000
08	A1	512B	6001.26	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA AC-542 BETANZOS-MESÓN DO VENTO	100.000
08	A1	512B	6001.27	MELLORA DA ESTARDA SANTA COMBA - SANTIAGO	100.000
08	A1	512B	6001.28	EXECUCIÓN DO PROXECTO DA ESTRADA LU-231 (PALAS DE REI)	100.000
08	A1	512B	6001.29	PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL DA SEGURIDADE VIARIA E CONEXIÓN CO NÚCLEO DE ARTEIXO NA AC-552	100.000
08	A1	512B	6001.30	CARRIL BICI PONTEVEDRA-SANXENXO	100.000
08	A1	512B	6001.31	ROTONDA "EL DUAYEN" (CARNOTA)	100.000
08	A1	512B	6001.32	CONSTRUCCIÓN ESTRADA DENDE ENLACE A-54 A BAIUCA-FILGUEIRA A PALAS DE REI	100.000
08	A1	512B	6001.33	CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS NA ESTRADA AC-110 PK 0- PK 900	100.000
08	A1	512B	6001.34	SENDA PEONIL NA AC-862 NO NÚCLEO DE FELGOSAS E CASA VELLA A CAM PO DO HOSPITAL	100.000
08	A1	512B	6001.35	GARDARRAÍS ESTRADA OU-113 (LAZA)	100.000
08	A1	512B	6001.36	PROXECTO DE DESDOBRAMENTO DA AC-418 DENDE BUÑO ATÉ CARBALLO	100.000
08	A1	512B	6001.37	MELLORA DA ESTRADA ORTIGUEIRA - AS PONTES	100.000
08	A1	512B	6001.38	OBRAS DE MELLORAS DAS ESTRADAS LU-119 E LU-126 (VILALBA)	100.000
08	A1	512B	6001.39	MELLORA NA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA AC-453 ROXOS-PORTMOURO-ROXOS (VAL DO DUBRA)	100.000
08	A1	512B	6001.40	SENDA PEONIL NO LUGAR PIÑEIRO ATÉ O LÍMITE CON VAL DO DUBRA	100.000
08	A1	512B	6001.41	MELLORAS NA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA QUE UNE BERTAMIRÁNS CO CONCELLO DE NEGREIRA AC-544	100.000
08	A1	512B	6001.42	MELLORAS NA ESTRADA PO-250 (FORNELOS DE MONTES)	100.000
08	A1	512B	6001.43	ARRANXO DA ESTRADA PAXAREIRA-ARCOS (CARNOTA)	100.000



08	A1	512B	6001.44	OBRAS DE MELLORA NO TRAMO ANTIGO DA PO-250 OITAVÉN-CALVOS-MOSCOSE (FORNELOS DE MONTES)	100.000
08	A1	512B	6001.45	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA LU-221 DE MONTERROSO A PALAS DE REI	100.000
08	A1	512B	6001.46	MELLORAS E HUMANIZACIÓN PASO DE BAMIO - CARRIL PO-548 (VILAGARCÍA)	100.000
08	A1	512B	6001.47	CARRIL BICI NA PO-299 (A ILLA DE AROUSA)	100.000
08	A1	512B	6001.48	MELLORAS NA RÚA LUÍS A. MESTRE (O GROVE)	100.000
08	A1	512B	6001.49	CONSTRUCCIÓN DUN ACCESO DENDE O POLÍGONO VEIGADALLA Á A-55 (MOS)	100.000
08	A1	512B	6001.50	MELLORAS NA PO-549 E PO-307: HUMANIZACIÓN E EFICIENCIA ENEXÉTICA (VILANOVA)	100.000
08	A1	512B	6001.51	MELLORA NA SINALIZACIÓN, SEGURIDADE E FIRME DA ESTRADA PO-552 (BAIONA)	100.000
08	A1	512B	6001.52	MELLORAS NA PO-214 PONTECESURES - A ESTRADA	100.000
08	A1	512B	6001.53	SENDAS PEONÍS NA AC-862 QUE UNA CUIÑA-SANTA MARTA E VENTA (ORTIGUEIRA)	100.000
08	A1	512B	6001.54	MELLORA PO-404 AO SEU PASO POLA PARROQUIA ARANTEI (SALVATERRA DO MIÑO)	100.000
08	A1	512B	6001.55	MELLORA NO TRAZADO DA ESTRADA OU-533 (VALDEORRAS)	100.000
08	A1	512B	6001.56	BEIRARRÚAS NO NÚCLEO DA MARELA C-445 (CORCUBIÓN)	100.000
08	A1	512B	6001.57	OBRAS DE MELLORA NA ESTRADA LU-651 (FOLGOSO DO COUREL)	100.000
08	A1	512B	6001.58	MELLORAS NA PO-220 (MORAÑA)	100.000
08	A1	512B	6401.1	ESTUDO VIABILIDADE ESTRADA AUTONÓMICA QUE UNE POLÍGONO INDUSTRIAL CON CAIÓN (LARACHA)	100.000
08	A1	512B	6401.2	ESTUDO E MELLORA DA SEGURIDADE E MOBILIDADE PEONIL DA ESTRADA DE REBOREDA (REDONDELA)	100.000
19.4-FOMENTO DE SEGURIDADE NAS ESTRADAS					
8	A1	512B	60099	ACTUACIÓNS EN ESTRADAS PARA A SÚA SEGURIDADE VIARIA	500.000
19.5-CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA					
15	1	513A	74003	MELLORA DO PORTO DE RAXÓ (POIO)	750.000
15	1	513A	74004	AMPLIACIÓN DO PEIRAO DE SAN ADRIÁN	750.000



(VILABOIA)					
15	1	513A	74005	FINALIZACIÓN PLAN REMODELACIÓN PORTO DE CESANTES (REDONDELA)	750.000
15	1	513A	74006	PROXECTO AMPLIACIÓN DIQUE ABRIGO DO PORTO DE MALPICA	750.000
20.- PROGRAMA DE MELLORA DA MOBILIDADE					
20.1- ESTACIÓNS INTERMODAIS					
9	2	512A	6001	ESTACIÓN INTERMODAL DE TRANSPORTE PARA A COMARCA DE VILAGARCÍA (AROUSA)	750.000
20.2- TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA					
9	2	512A	4813	GRATUIDADE TRANSPORTE MOCIDADE	4.000.000
9	2	512A	7601	REFORMA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE PONTEAREAS	170.000
9	2	512A	4702	POSTA EN MARCHA DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE PONTEVEDRA	500.000
9	2	512A	4703	POSTA EN MARCHA DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE OURENSE	500.000
9	2	512A	4702	TRANSPORTE PÚBLICO A AEROPORTO DE PEINADOR	350.000

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 18:12:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, doc. núm. **5734, (11/PL-000008)**, polos seguintes motivos:

O Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2021 volve, un ano máis, introducir numerosas modificacións normativas en Leis totalmente dispares que nada teñen a ver coa aplicación orzamentaria nin tampouco coa resposta fronte á pandemia provocada pola covid-19.

Máis unha vez, a Xunta de Galiza comeza novamente unha lexislatura facendo uso deste procedemento de carácter excepcional para modificar leis pola porta de atrás, nun procedemento de tramitación acelerado que furta o necesario debate social e político que esixe calquera procedemento lexislativo.

Desta maneira, continúa coa práctica abusiva de recorrer a este mecanismo sen vontade de diálogo ningún nin cos grupos parlamentarios nin cos sectores sociais afectados, e que ano tras ano provoca que as mesmas leis sexan en moitos casos modificadas unha e outra vez.

Este proceder evidencia, dunha banda, a falta de consenso e a celeridade coa que se pretende legislar mais tamén a falta de proxecto político en ámbitos estratéxicos para o país. Non se pode gobernar a impulsos recorrendo a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedementos legislativos excepcionais como as denominadas leis de acompañamento.

A respecto das medidas fiscais, o Título I do Proxecto de lei presentado polo goberno da Xunta de Galiza para o próximo ano 2021, non representa máis que unha nova oportunidade perdida para a modificación, desde o marco competencial autonómico, do sistema tributario, en aras de aumentar a súa maior capacidade redistributiva, atendendo aos principios de progresividade e equidade fiscal.

O Capítulo I, que introduce medidas en materia de tributos cedidos, unicamente establece bonificacións da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, para “paliar os efectos que tivo no ano 2020 a pandemia provocada polo SARS-CoV-2”. Entendemos que todos os sectores económicos se viron afectados pola pandemia e non ten sentido aplicar bonificacións a unha taxa que afecta a un único sector. Estamos ante unha actitude discrecional e claramente inxusta.

Así mesmo, non se aproveita a nova lei para introducir modificacións tributarias no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) que aumenten a súa progresividade e establezan bonificacións que alivien os efectos derivados da parálise das actividades económicas de milleiros de autónomas e autónomos como consecuencia da pandemia. Desbótase, tamén, a modificación do Imposto sobre o Patrimonio para aumentar o seu carácter progresivo.

Non se establecen novos impostos que contribúan a garantir a viabilidade e ampliación da prestación dos servizos públicos básicos nesta situación de máxima vulnerabilidade sanitaria e social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, no ámbito fiscal destaca a nula vontade de conseguir para Galiza a suficiente capacidade recadatoria, financiamento que é indispensábel para desenvolver as necesarias políticas sociais mediante o reforzo dos servizos públicos galegos; para implementar políticas económicas que dinamicen os sectores produtivos e vertebran territorialmente o país; que solventen as eivas estruturais promovendo un cambio de modelo produtivo baseado na ciencia e a innovación, socialmente xusto e respectuoso co noso patrimonio natural e histórico; políticas que eviten a emigración, o despoboamento rural e adapten o país ao avellentamento da poboación.

Polo que respecta ás medias administrativas, a maior parte constitúen modificacións de normas de recente aprobación, e como xa se dixo, cando se legisla sen rumbo fixo e a golpe de impulso, con celeridade e sen escoitar as forzas políticas e os sectores sociais afectados, provoca situacións case esperpénticas como que unha Lei do Solo, nacida supostamente con vocación de estabilidade e para dar seguridade xurídica, sufra a súa sexta modificación en catro anos .

Así mesmo modifícase a Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, aprobada no ano 2019, xa modificada no anterior proxecto de medidas fiscais e administrativas, e que volve ser modificada este ano co fin, di o proxecto de lei, de “aclarar a interpretación”.

Introdúcense novamente numerosas modificacións en diversas normas relativas ao medio rural, como a Lei de Montes que sofre a súa novena modificación, a Lei de prevención e defensa contra incendios forestais ou a Lei de mobilidade de terras, sistematicamente modificadas, ano tras ano, o que deixa en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evidencia a falta dun proxecto claro para o medio rural con solucións axeitadas á nosa realidade.

Así e todo, introdúcense modificacións en todo tipo de leis, de forma inconexa e nas que non se pode xustificar a súa inclusión neste proxecto máis alá da vontade política da Xunta por reformar de maneira acelerada o marco xurídico sen demasiado debate.

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a devolución do **Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/12/2020 17:26:24



Á Mesa da Comisión 3.^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas**, con expresa petición de devolución por non estar de acordo nin co fondo nin cás disposicións que recolle.

Como vén sendo habitual nos últimos anos do Goberno presidido polo Sr. Núñez Feijóo, este proxecto de lei constitúe unha extensa amalgama de preceptos inconexos e sen un criterio minimamente homoxéneo, que resulta contraria á necesaria transparencia, quebrando o principio de seguridade xurídica, ao proceder a modificar aspectos legislativos relevantes a través dunha utilización desta figura, no presente caso baixo o “paraugas xustificativo” dos efectos que a pandemia derivada da Covid-19 está a provocar nos distintos eidos do sector público.

O devandito proxecto de lei emprega unha técnica legislativa impropia e desaxustada, especialmente tendo en conta o discurso de transparencia e calidade democrática do Goberno, que se pensaba xa superada, pero que o actual executivo autonómico rescatou para os orzamentos nos últimos anos, e que pese ás críticas unánimes da oposición e da doutrina, consolida de novo para o exercicio de 2021.

A nomeada Lei de acompañamento dos orzamentos anuais é un mecanismo que permite o Goberno galego modificar outras leis cando supostamente teñan relación con cuestións tributarias ou financeiras ligadas ás contas públicas de cada ano.

Este é un Proxecto de lei de medidas administrativas e fiscais que deba acompañar a lei de orzamentos para complementala nalgunhas cuestións de índole tributario e



administrativo. Sen embargo, o goberno utiliza esta técnica lexislativa coma un caixón de xastre, coma unha auténtica lei “ómnibus” que produce, ao noso xuízo, unha grave afectación sobre a seguridade xurídica polos seus contidos heteroxéneos e pola subtracción (por eses mesmos contidos plurais e concentrados) que se provoca do debate público sobre as diferentes materias obxecto de regulación.

O Goberno do Sr. Núñez Feijóo vén utilizando ese mecanismo de xeito habitual para emendar todo tipo de leis previas aínda que non teñan relación con cuestións tributarias, empregando para iso un procedemento de tramitación acelerado que imposibilita poder afondar en diversas cuestións, ao estaren supeditadas ao Proxecto de lei orzamentario e ser tramitada nos prazos do procedemento daquel, evitando boa parte do debate e informes necesarios para a aprobación de calquera outro tipo de lei, co detrimento da calidade política e xurídica que tal circunstancia provoca.

Unha lei de medidas, que pola súa propia definición semántica debería, no plano administrativo, incidir na modernización da Administración, establecendo medidas de fortalecemento e racionalización do sector público, co fin de cara a deseñar impulsar unha Administración moderna e eficaz e que transite cara a súa transformación dixital.

Unha Administración que tería que estar— suxeita a unha avaliación das políticas públicas que se desenvolvan, a través dunha Axencia independente.

En todo caso, con esta lei impídese coñecer con rigor, profundidade e o detemento necesario, todas e cada unha das cuestións incluídas nela, obtendo como resultado o empeoramento da calidade política e xurídica do debate parlamentario e mesmo da calidade democrática, así como dos labores de impulso e control que se debe defender desde o poder lexislativo fronte ao poder executivo.



Esta estratexia lexislativa da Xunta de modificar todo tipo de normas previas a través das leis de acompañamento dos orzamentos contrasta coa súa incapacidade de cumprir as súas propias previsións de impulso de novas leis.

A través desta lei de acompañamento, a Xunta está a modificar 25 leis e un decreto lexislativo que afectan a distintas materias. Catorce de esas leis foron corrixidas a través da lei de acompañamento no ano 2020 (*Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas e prezos; Lei 2/2016 do Solo; Lei 5/2019 do patrimonio natural; Lei 3/2007 de prevención de incendios; Lei 6/2011, de mobilidade de terras; Lei 9/2010 de augas de Galicia; Lei 4/2013 de transporte público; Lei 8/2013 de estradas; Lei 6/2017 de portos de Galicia; Lei 13/2008 de servizos sociais; Lei 5/1998 de cooperativas; Lei 3/2012 de deporte; Lei 2/2012 de protección das persoas consumidoras; Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia.*)

Esta norma é contraria á transparencia, á seguridade xurídica e á estabilidade, e mostra o retroceso democrático que está a ter o actual Goberno da Xunta de Galicia, modificando un número de vinte cinco leis e un decreto lexislativo:

- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CC.AA;
- Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (sobre retribucións do Sergas en concepto de mellora de prestacións);
- Lei 2/2016 do solo;
- Lei 5/2019 do patrimonio natural;
- Lei 2/2005 de defensa da calidade alimentaria;
- Lei 3/2007 de prevención de incendios;
- Lei 7/2012 de montes;
- Lei 6/2011, de mobilidade de terras;



- Lei 9/2010 de augas de Galicia;
- Lei 4/2013 de transporte público;
- Lei 8/2013 de estradas;
- Lei 11/2008 de pesca;
- Lei 6/2017 de portos de Galicia;
- Lei 13/2008 de servizos sociais;
- Lei 10/2014 de accesibilidade;
- Lei 5/1998 de cooperativas;
- Lei 3/2012 de deportes;
- Lei 9/2007 de subvencións de Galicia;
- Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno;
- Lei 2/2012 de protección das persoas consumidoras;
- Lei 4/1987 da EGAP;
- Lei 1/2007 da AGASP;
- Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia;
- Lei 14/2013 de racionalización do sector autonómico (para actualizar a regulación do Tribunal Administrativo de Contratación Pública);
- Lei 2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (para ampliación do prazo de pagamento da taxa do servizo de comunicación audiovisual)
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, texto refundido en materia de igualdade.

A través deste ante Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, se acabarán modificando normas que afectan a:

- Tributos cedidos
- Tributos propios
- emprego público
- medio ambiente e territorio
- medio rural
- Infraestruturas e mobilidade



- Portos
- emprego e igualdade
- deporte
- subvencións
- transparencia e bo goberno
- consumo
- procedemento e organización administrativos (EGAP, AGASP ..)
- Igualdade.

Como consecuencia, este proxecto de lei modifica multitude de normas que nada teñen que ver coa materia orzamentaria. De aí que, xunto coas modificacións de medidas promovidas en leis similares anteriores, o Goberno galego estea modificando “pola porta traseira” disposicións administrativas e lexislativas sen o necesario debate que cada unha delas debería levar aparelado.

No caso que nos ocupa, o Proxecto lei de medidas fiscais e administrativas modifica de xeito puntual un amplo conxunto de normas en distintos eidos que si teñen vinculación co desenvolvemento económico e social de Galicia.

Os títulos competenciais nos que se basean as diferentes medidas son moi diversos e o nexo que existe entre as normas que se modifican e a propia lei orzamentaria é a urxencia da medida ou ben a necesidade de efectuar correccións puntuais e instrumentais doutras normas. Non hai outra correlación.

Por outra banda, este Proxecto de lei non foi obxecto de ditame polo Consello Económico e Social (CES), que dende o Grupo Socialista entendemos absolutamente necesario por canto entre as funcións do CES se atopan a emisión de ditames preceptivos sobre anteprojectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socio – económicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

De acordo co propio CES, enténdese por materias socio- económicas as relativas a :



- Economía , fiscalidade , emprego e seguridade social , agricultura, pesca, educación, cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte, comunicacións, industria, enerxía, vivenda e mercado único.

A Xunta non só non solicitou informe ao Consello Económico e Social, tal como nós entendemos que sería necesario por incidir as normas modificadas en cuestións de índole socio – económica, senón que nin tan sequera motivou axeitadamente a non solicitude deste por máis que na memoria xustificativa de non solicitude de ditame o CES se pretenda amparar tal proceder no informe da Asesoría Xurídica.

A utilización desta forma de legislar, acudindo ao procedemento lexislativo especial de aprobación orzamentaria, ademais do menoscabo do necesario debate parlamentario de cada unha das leis sectoriais que se modifican, evita a necesaria participación cidadá na súa tramitación, xa que, en contra do indicado na normativa vixente, este proxecto de lei non foi sometido ao pertinente proceso de exposición pública, impedindo a posibilidade de realizar suxestións por parte da cidadanía.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sinala que se debe facer pública

art.9 "c) A relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración de anteprojectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteprojecto, con indicación do seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de o facer".

Cuestión que non aconteceu no caso que nos ocupa.



Igualmente o procedemento de elaboración de anteproxectos de lei, regúlase nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, sen que conste na información remitida, o necesario cumprimento dos requisitos establecidos. É máis: resulta significativo que todos os informes que acompañan o proxecto de lei (*Estudio Económico Financeiro, sostibilidade financeira, impacto de xénero, legalidade*) teñen a data do 19 de novembro, sen poder ser verosímil que o expediente completo se realizase no día anteriores o día da aprobación polo consello da Xunta de Galicia o 20 de novembro.

Xunto co anterior, débese ter en conta o establecido no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé que "*en todas as iniciativas normativas xustificárase a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia*", cuestión que tampouco se efectúa.

Constátase, polo tanto, unha total ausencia dos informes necesarios por parte mesmo das distintas consellarías, respecto da xustificación das modificacións propostas ou das cuestións que directamente lles compete.

E mesmo os informes de impacto económico, que nun momento como o actual resultan especialmente relevantes; así, por exemplo, varias das modificacións propostas deberían ser ditaminadas polo Consello Social e Económico de Galicia.

E verdade que o Goberno do Sr. Feijóo está instalado nesa dialéctica populista e perversa que manexa a dereita, e que consiste en anunciar constantemente a baixada de impostos, neste caso dos impostos propios e cedidos, para logo instalarse nunha confrontación permanente co goberno do Estado para pedir máis e mellor financiación.

Unha estratexia que choca frontalmente coa necesidade de manter uns servizos públicos eficientes e de calidade.



En Galicia necesitamos un sistema fiscal xusto que se sustente nos principios de igualdade, equidade e progresividade, onde todos debemos contribuír o sostemento das cargas públicas de acordo coa nosa capacidade.

A Xunta de Galicia con este ante -proxecto de lei furta ,un ano máis, a capacidade legislativa do Parlamento, introducindo a través dunha lei ómnibus modificacións legislativas que nada teñen que ver co orzamento, poñendo de manifesto que pola Xunta de Galicia se legisla a impulsos o que evidencia ausencia de planificación e estratexia.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/12/2020 18:04:52



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

